32 abril maio xunio 1971

GRIAL



CONSTANTINO GARCÍA: Orixen e problemas do método de galego.

MICAELA MISIEGO: As orixens vikingas do Príncipe Hamlet.

AMABLE VEIGA: Fonología galiega.

X. CAMBRE MARIÑO: *Os movimentos de rexionalización nos vellos estados europeus.*

XOSÉ YGLESIAS: A Terra da despedida.

MARÍA TERESA BARRO: *Plan pedagóxico galego.*

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA

N.º 32 — ABRIL, MAIO, XUNIO 1971

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

Orixen e problemas do Método de galego, por CONSTANTINO GARCÍA 129

As orixens vikingas do Príncipe Hamlet, III, por MICAELA MISIEGO 142

Fonología gallega. Fonemática: El sistema consonántico III, por AMABLE VEIGA ARIAS 155

Unha xeira nova: Os movimentos de rexionalización nos vellos estados europeus, por XESÚS CAMBRE MARIÑO ... 163

ESCOLMA

A terra da despedida, por XOSÉ YGLESIAS. Trad. CARLOS DURÁN 175

14 *Poemas*, por ÁNXELES PENAS 194

PENEIRA DOS DÍAS

Plan pedagóxico galego, por MARÍA TERESA BARRO, X. TOUBES, C. DURÁN, M. F. GASALLA, F. PÉREZ BARREIRO 202

Cuadro sinóptico de los cuentos y novelas cortas de Valle-Inclán recogidos en libro, por ANTONIO ODRIOZOLA ... 211

Los libros de cuentos de Valle-Inclán. Estudio bibliográfico, por RUTH WHITTREDGE 216

Nota sobre a muller nas "Cousas" de Castelao, por ISABEL MIRAMONTES NIETO 222

Teixeira de Pascoaes na súa época, por VICENTE RISCO . 227

Encol do Seminario de Estudos Galegos, por SALVADOR LORENZANA 231

Weiss, Marat e Sade, por FÉLIX GRANDE 235

LIBROS, por *R. Piñeiro, A. Ricón, X. M. B., G., X. M. Beiras* e *R. P.* 238

O REGO DA CULTURA 250

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: Anxel Sevillano García. — Codirectores: Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego. — Consello de Redacción: R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.

ORIXEN E PROBLEMAS DO MÉTODO DE GALEGO

Hai xa anos que a calada laboura de recolleita de datos feita no Departamento de Filoloxía Románica está cristalizando nunha serie de traballos sobre temas de Filoloxía e Lingüística Galegas. Trátase, na maior parte dos casos, de tesinas de Licenciatura. Algunhas delas continuáronse como teses doctorales que están pra se rematar nestes intres.

Moitos deles poderíanse publicar. Cando, hai meses, o Boletín da Real Academia Galega se ofrecéu pra editá-lo material do Departamento, prantexóuse de xeito ineludible e urxente o problema da lingua. O galego empregado na redación destes traballos non era uniforme. ¿Cómo iba facerse posible unha serie de publicacións na que houbera unha lingua uniforme, prescindindo das peculiaridades de cada quen? A unidade da lingua deberíase manifestar en tódolos traballos elaborados polo grupo de colaboradores do Departamento.

Por outra banda, a Lei de Educación apunta o problema do ensino das linguas vernáculas. En Galicia, como teñen observado diversos autores, non estabamos preparados aínda pra acometé-la tarefa de facer chegar ás escolas unha lingua culta, unificada. Esistían, é certo, gramáticas. Boas unhas, non tan boas outras, pro non se podía pensar nelas como medios de traballo a nivel práctico. Había tamén ensaios de métodos, mais reducidos a un nivel de ensino primario. Facía falla un método xeral de aprendizaxe do idioma no que o vocabulario, a gramática, a estructura da lingua fose incorporándose progresiva e pedagóxicamente.

Todos estes puntos tendían nunha mesma direción. Xurdíu entón a idea de elaborar un método práctico que servira de pauta ós que viñeran detrás, e que, ó mesmo tempo, fixese posible o ensino da lingua.

Este método está pensado, en primeiro termo, pra aqueles que desconozan totalmente a lingua galega e teñan que de-

prendela tendo como base o castelán. Procúrase, polo tanto, avanzar gradualmente, de xeito que cada leción supón o dominio das anteriores. Están tamén nas nosas mentes aquelas persoas que, tendo xa conocimentos teóricos ou prácticos de galego, queren afianzá-lo seu dominio desta lingua, tanto de forma oral como escrita.

Metodolóxicamente, tivéronse en conta as tendencias recentes do ensino das linguas, tratando de enriquecer progresivamente o caudal lésico e máilos recursos gramaticales do aprendiz.

Baseados nesta orientación, damos desde o primeiro intre lecturas organizadas e coherentes, sin comenzarmos con frases soltas, como é tradicional nos manuales antergos. Procuramos que nas lecturas e nos testos literarios estea refrexado algún aspecto da cultura galega e do modo de ser dos galegos.

Cada leción consta de:

a) lectura
b) teoría gramatical
c) exercicios
d) testo literario

A) As lecturas describen algunha escea da vida cotidiá de calquera pobo de Galicia. Pretendemos así unha doble finalidade: familiarizar ó estudiante co galego como estructura gramatical dun xeito intuitivo e ofrecerlle, en cada unha, o vocabulario máis usual dunha determinada esfera (familia, o corpo humán, etc.). Acompaña a cada lectura unha ilustración coa que se trata de rompé-la monotonía da letra impresa e darlle ó profesor, no caso de esistir, un tema de conversa pra exercitar oralmente ós alunos.

Prá correcta interpretación da lectura, dáse un vocabulario galego-castelán, no que aparecen as equivalencias de todas aquelas verbas que difiren en entrambas linguas.

B) Na parte adicada á gramática, estúdiase elementalmente cada unha das partes do discurso e o séu comportamento formal e funcional. Consideramos que ésta ha sé-la parte máis interesante prós galego-falantes, posto que se intenta, por primeira vez, establecer unha norma lingüística, aínda que dentro dos lindes que supón e impón un manual elemental.

C) Sigue a esta parte un número variable de exercicios, cos que se trata de dar material pra que o aluno poida poñer na práctica a teoría gramatical que se lle ven de ofrecer. O vocabulario empregado nestes exercicios é sempre conocido pró lector, dado que non esisten palabras que non aparecesen anteriormente. De tódolos xeitos, pra maior comodidade, ó final do libro inclúise un vocabulario galego-castelán e outro castelán-galego.

D) Remata cada leción con testos literarios. Neles, máis que unha antoloxía da lingua literaria galega, preténdese continuar coa temática da lectura, con mentes de enriquecé-lo vocabulario. Por razóns de tipo didáctico, as grafías destes testos están unificadas de acordo cos principios que presiden o método.

Amáis, nos vocabularios e na parte gramatical, hai un sistema pra distinguí-las vocales abertas das pechadas. As abertas están destacadas tipográficamente en negrita. Enténdese, pois, que toda *e/o* tónica, que non estea en negrita nos vocabularios, é pechada.

As dificultades iniciales eran grandes. O galego vivíu moito tempo como lingua afastada dos circos cultos. Non se podía apelar a unha tradición unánime ó tratarmos de presentar unha lingua xeral na que non aparecesen as variedades. O galego que aquí empregamos é sinxelo, sin dar cabida ós vulgarismos, e elevado, sin ser un producto de laboratorio. A tradición literaria e máila lingua falada en rúas e camiños foron tidas en conta, depuradas e conxuntadas. Coidamos que esto é moi importante. Unha lingua é un sistema de comunicación, válido na medida na que cumpla a misión de transmitir a outros seres os pensamentos propios. Fuximos, polo tanto, de canto podería dá-la impresión de artificiosidade ó falante espontáneo, pro tamén do que non ten unha utilización xeral a nivel de lingua falada.

A realización do método pasóu por unha serie de etapas dinas de seren conocidas. No mes de xaneiro comenzamos unha laboura efectiva de confeción dun borrador do libro. Nela participaron os profesores deste Departamento A. Santamarina, X. L. Couceiro e G. Rojo, axudados por M.ª C. Ríos, I. Leis e L. F. Pensado. Cando estivo preparado, este mesmo equipo, coa colaboración do profesor R. Lorenzo, acometéu a angueira de pulir e unificá-la lingua das lecturas, dos testos literarios e máis de revisar conxuntamente a teoría gramatical.

A primeiros de marzo tiñamos feito un borrador cuio testo multicopiado mandamos a unha serie de persoalidades de dentro e fora de Galicia, vencelladas de algún xeito á cultura galega. O borrador iba acompañado dunha carta na que se pedía a opinión particular de cada un encol do método en xeral e de outras cuestións que espoñeremos máis abaixo.

O xuicio de conxunto non poido ser máis unánime: o método era necesario. Así nolo fixeron saber por carta ou oralmente os señores M. Rabanal, M. Díaz e Díaz, A. Zamora Vicente, B. Losada, R. Otero Pedrayo, J. Lorenzo Fernández, R. Carballo Calero, M. María Fernández Teixeiro, A. Fraguas

Fraguas, Valentín Arias, M. Dónega, M. Caamaño Suárez, P. Vázquez Cuesta, M. Espiña, S. Martínez-Risco, X. M. Álvarez Blázquez, A. Moralejo, X. M. Beiras, X. L. Rodríguez Pardo, X. Taboada Chivite, X. L. Franco Grande, F. Fernández del Riego, M. Camino Noya Campos, R. Fraga García, R. Pérez Cid, C. A. Baliñas, L. Pozo Garza, X. M. Blanco Filgueira, T. García Tormo, I. Millán, X. M. Pampín e X. L. Pensado.

Na dita carta invitábase a unha xuntanza, que tivo lugar o día 20 de marzo na Universidade de Santiago. A ela asistiron: M. Vidán, M. Dónega, R. Piñeiro, R. Carballo Calero, X. Filgueira Valverde, X. L. Franco Grande, C. A. Baliñas, T. García Tormo, X. M. Beiras, M. González Garcés, V. Arias López, X. M. Alvarez Blázquez, Manuel María F. Teixeiro, X. López Fernández, C. Noya Campos, X. López Facal, X. M. Pampín Fernández, S. García Bodaño, X. Ferro Couselo, F. Ogando, R. Fraga, M. Caamaño, X. L. Rodríguez Pardo, A. Veiga Arias e M. Díaz e Díaz.

A todos eles agradecémoslle-las críticas, suxerencias, consellos, etc., que nos axudaron a perfeccioná-lo método. Especialmente a don Manuel Díaz e Díaz, que ademáis de revisar a fondo este primeiro volume, fixo os medios posibles pra que fose editado nun tempo mínimo.

Entre os puntos esaminados naquela reunión, os máis interesantes foron os referentes a normas ortográficas.

A fixación ortográfica dunha lingua ha de aspirar sempre a recoller, en canto se poida, todos aqueles feitos que se dean de xeito xeral na lingua falada. É indubidable que a voz é moito máis rica en matices do que a grafía. Tratar de refrexalos todos levaríanos a unha ortografía de tipo fonético, axeitada pra especialistas, pro pouco rentable na práctica cotidiá.

O galego vivíu moitos séculos como lingua esclusivamente falada. De ahí as vacilacións que se atopan en cantos escritores agarraron a pluma, dende os primeiros días da Renacencia hastra hoxe mesmo. Compre reconocerlle á Editorial Galaxia o mérito de empezar unha tentativa de unificación que, por outra banda, non soubo aproveitar, sendo, como foi, a editorial máis importante de Galicia durante tantos anos. Coidamos que unha policía rigurosa houbera acabado radicalmente coa anarquía ortográfica.

As normas tácitas de Galaxia duran hastra 1970, en que se dan á publicidade as Normas ortográficas da RAG. Estas normas, no noso ver, supuxeron un franco retroceso, en canto alonxan máis a lingua escrita da falada do que o viñan facendo calquera das grafías empregadas hastra aquela.

No intre de decidí-la convención ortográfica a adoutar, tiñamos dúas solucións:

1) Segui-las normas ortográficas da RAG íntegramente.
2) Facer algunhas modificacións que
a) estivesen xustificadas pola lingua falada na maior parte de Galicia, e
b) tivesen unha tradición dentro da literatura.

A solución foi seguí-las normas académicas menos en dous puntos nos que a realidade lingüística non era cabal ou era erróneamente interpretada. Dado o problema de escoller unha ortografía que representase a realidade falada e outra que non o fixera, outamos polo primeiro camiño.

Parece que nas Normas académicas hai unha tendencia lusizante, sin dúbida co fin de que algún día o mercado de libros galegos poida estenderse ós países de fala portuguesa (e este é tamén o criterio de algunha das persoalidades consultadas por nós). Contra esto, podemos presentar os seguintes argumentos:

1) Toda ortografía debe refrexar do millor modo posible a fala do pobo.

2) No caso de facer algunha concesión, debe facerse somentes á tradición literaria.

3) Un portugués ou brasileiro do nivel intelectual necesario como pra sentir curiosidade por un libro, pode, superadas as dificultades iniciales que supoñen as grafías *ll*=*lh*, *ñ*=*nh*, etc., superar tamén as de ler *ó*=ao, *ós*=aos (fonética que, por outra banda, xa se dá no propio portugués).

4) Se tratamos de ensinar a un neno galego ou a unha persoa galego-falante, a dificultade que suporía facerlle comprender que escribimos *todos os* pro debemos pronunciar *tódolos*, fai escasamente rentable estas normas. E o que aínda é máis grave, as Normas neste senso tenden a favorecé-la desaparición dunha forma xenuinamente galega.

Por todos estes motivos, fixemos dúas modificacións que presentamos no método, onde, como é natural dado o séu carácter didáctico, van presentadas sin discusión ningunha. Coidamos, sin embargo, que sería necesario e útil facelo, non sóio por dar unha xustificación do noso criterio, senón por presentar á crítica cada un dos puntos nos que se veñen dando as meirandes discrepancias. E precisamente esto é o que imos facer nos párrafos que siguen.

Sempre que foi posible, adoutamos, por orde de preferencia, os criterios que espoñemos a continuación:

1. De dúas ou máis formas concurrentes, aquela que abarque unha área xeográfica máis amplia, será a que deamos como preferente.

2. De dúas ou máis formas concurrentes, que na fala popular presenten áreas prácticamente niveladas, dáse preferen-

cia a aquela máis xenuinamente galega ou á que goza de máis favor entre os escritores.

3. De dúas ou máis formas concurrentes en que a máis abundante sexa castelanismo, damos preferencia á forma enxebre.

Vexamos cada punto en detalle.

1. Fonética

1. 1. Solución do sufixo latino *-anu, -ana.*

As proporcións dunha enquisa realizada a un grupo de falantes de toda Galicia, son as seguintes:

irmao / irmá: 25
irmán / irmá: 6
irmá / irmá: 1
irmán / irmán: 7

En realidade, as tres últimas corresponden a unha solución única; polo tanto, a proporción sería de 25 / 14.

Na literatura, os únicos paradigmas esistentes son somentes os dous primeiros tipos: *-ao / -á* e *-án / -á.* De cáseque 70 autores galegos, de tódalas épocas, que encuestamos, os resultados son os seguintes:

-ao / á: 22%
-án / á: 38%
vacilan un 40%

Tampouco os gramáticos están de acordo entre eles. Mentres Couceiro vacila (non é normativo), García de Diego rexistra as dúas (tampouco é normativo) e Lugrís vacila. Carballo propón *-án / á,* Saco *-au / á,* Carré *-án / án* e, por último, Valladares prefire *-ao / -á.*

Se nos ativéramos ó criterio xeográfico, teríamonos que decidir pola forma *-ao / á.* De tódolos xeitos, esto podería corresponderse cun número non maioritario de falantes. Así que nós preferimos a solución máis tradicional e máis usada polos escritores galegos, é decir, *irmán / irmá.*

1. 2. *Pero / pro.*

A conxunción adversativa paralela á castelá "pero" pódesenos presentar en tres formas, moi parecidas fonéticamente: *pero / pro / po.* Neste caso, non podemos falar de reparticións xeográficas, xa que as tres aparecen en toda Galicia. A distribución corresponde a tres niveles culturales distintos:

a) *pero* corresponde a un ambiente culto
b) *pro* corresponde a un ambiente popular
c) *po* é propio dunha norma decididamente vulgar.

Aínda a nivel idiolectal pode haber vacilación entre *pero / pro* e *pro / po.* Esta derradeira forma descartámola por vulgar.

Consideramos que *pero* é unha forma imposta hai pouco tempo pola escola, e polo tanto castelá (e esto vennos confirmado por sé-la forma máis empregada en ambientes cultos). Se nos medios populares se mantivera a forma bisílaba, o resultado houbera sido a forma que hoxe atopamos na raia de Galicia e Asturias: *peró*.

A forma enxebre e con máis partidarios é, sin dúbida, *pro*. Esta razón abonda de por sí pra que nos decidísemos por ela.

A distribución destas formas entre os escritores galegos está prácticamente nivelada.

As gramáticas de Couceiro e Lugrís recollen as dúas formas. Valladares prefire *pro*, mentres que Carré propón *pero*, o mesmo que Carballo, quen califica a *pro* de vulgar. Saco non a rexistra entre as conxuncións.

1. 3. *Pra / para*

Outro caso máis de polimorfismo pró mesmo conceuto. Nós escollémo-la primeira por sé-la que ten máis prestixio literario e goza de maior favor popular. Na nosa enquisa están nunha proporción de 9 a 1. Esta mesma maioría refréxase entre os escritores galegos controlados.

Dos gramáticos, Valladares prefire *pra;* Saco, Lugrís e Couceiro *para / pra;* Carré e Carballo, *para*.

1. 4. A acentuación do imperfecto de indicativo na cuarta e quinta persoa tampouco é uniforme:

cantábamos / cantabamos
cantábades / cantabades

A forma esdrúxula parece que se impón; amáis, ten do seu lado unha maior estensión xeográfica e tamén de falantes. Nembargantes, non sempre debéu ser deste xeito. As persoas máis vellas prefiren as formas chas. Os mesmos falantes "esdrúxulos", cando tratan de remedar ós vellos ou a falantes que xuzgan máis ruralizantes, empregan as formas chas. Esto é sintomático.

A pesar de ter en contra a xeografía e a fala actual, nós preferimos e propoñémo-las formas chas, de acordo co seguinte criterio: no caso de que se atopen dúas formas concurrentes e unha delas represente a máis xenuinamente galega, aínda que xeográficamente estea menos estendida e menos empregada, preferímo-la forma que millor represente o xenio da lingua. O máis xenuino neste caso será o máis conservador: *cantabamos, cantabades,* herdeiros da acentuación latina. A forma esdrúxula, de formación analóxica, é sospeitosa de castelanismo, aínda que non se poida escluí-la posibilidade dun desenrolo paralelo e independente.

1. 5. *tedes / tendes* e *vides / vindes*.

As dúas formas son galegas. As segundas formas son un caso de resoancia nasal que non se déu ou desapareceu nas

primeiras. Como xeográficamente están nunha proporción de 3 a 1 a favor de *tedes*, preferimos esta.

1. 6. Pola mesma razón, inclinámonos por *poñer*, forma analóxica, frente á máis regular *por*. A proporción neste caso é de 8 a 1.

1. 7. *Grupos cultos.*

No intento de resolver este complicado problema ortográfico, tivemos conta de non caer en ningún estremo. Os criterios polos que nos guiamos, foron estes:

a) Nas palabras cultas ás que se lles déu de maneira estensa e de seguido unha solución popular, adoutamos esta forma. Son exemplos *doutor, prospeuto, auto.*

b) Nos cultimos empregados de cotío, suprimímo-la primeira consoante. Esta é a pronunciación habitual en Galicia, sin que sexa sentida como vulgarismo: *condutor, espetáculo, esamen, istante.*

c) Nos cultismos de tipo científico ou de uso restrinxido, preferímo-la ortografía etimolóxica. Así, escribimos sinécdoque, estreptomicina.

d) Parécenos inadecuada a reconstrución de palabras que deberan ter sufrido unha determinada evolución fonética, se houberan entrado cedo no idioma. Por eso rechazamos formas como *dialeuto* por *dialecto, feixismo* por *fascismo;* etc.

Coidamos que estas solucións son as que están máis acorde coa realidade da lingua, á que tratamos de cinguirnos na medida do posible.

2. Fonética sintáctica

2. 1. A contracción *ó* (= *a o*).

Na lingua falada, unha abrumadora parte de Galicia di *ó*. Este feito refréxase na lingua escrita de xeito igualmente maioritario. Dos case setenta escritores consultados, os feitos están como sigue:

a) Escriben *ó* Rosalía, Curros, Pondal, Lamas Carvajal, Noriega, Cabanillas, Cuevillas, Otero Pedrayo, V. Risco, Leiras Pulpeiro, Pintos Villar, Lago González, Pimentel, Iglesia Alvariño, Seoane, Fole, Cuña Novás, Novoneyra, Sabell, Piñeiro, Fernández del Riego, B. Graña, Neira Vilas, M. Suárez, Manuel María, Franco Grande, García Bodaño, López Casanova, C. Casares e outros máis hastra 42 nomes.

b) Escriben *ao* Añón, López Ferreiro, Manuel Antonio, Correa Calderón, Paz Andrade, Cunqueiro, Mourullo, González Garcés, C. E. Ferreiro, Dieste e outros hastra 19.

c) Vacilan Castelao, Mirás, Amado Carballo e Carballo Calero.

En canto ás gramáticas, témo-los resultados seguintes: Mirás, vacila entre *o, ó* e *a o;* Saco, *ô, ôs;* Lugrís, *ao;* Couceiro, *ô, ôs;* Carballo, *ao, aos;* Carré, *ao, aos.*

Á vista destes datos e tendo en conta que a forma contracta é prácticamente a única na lingua falada, consideramos que a grafía debe refrexá-la contración.

A crasis da preposición *a* co artículo femenino *a* é unánimemente representada como *á.*

2. 2. A contracción *pró, prá* (= *pra o, a*).

Tamén neste caso damos preferencia á forma máis estendida xeográficamente. Esta maioría refréxase, por outra parte, na lingua dos escritores. Así, escriben *pró, prá*: Cuevillas, Risco, Leiras, Fole, Díaz Castro, Sabell, Piñeiro, Fdez. del Riego, Neira Vilas, Bodaño e outros hastra 19.

a) Escriben *para o, para a / pra o, pra a*: Rosalía, Pondal, Otero Pedrayo, Pintos Villar, Iglesia Alvariño, Bouza Brey, Carballo Calero, etc., hastra 16.

b) Vacilan Curros, Noriega, Castelao, López Ferreiro, Pimentel, Seoane, Cunqueiro, C. E. Ferreiro, etc., hastra 14.

En resume. De 49 autores nos que atopamos unha resposta a esta cuestión, 19 contraen, 16 prefiren a forma non contracta e 14 vacilan entre as dúas solucións.

En canto ás gramáticas, os resultados rexistrados son (tendo en conta que moitas delas non son normativas): Mirás, *para o / pró;* Saco, *para o / pró;* Valladares, *pra o;* Lugrís, *para o;* Carballo, *para o;* Carré, *para o.*

Vistos estes resultados e desatendendo a opinión de algúns codificadores anteriores, preferímo-las formas *pró* e *prá.*

2. 3. *A contracción coa, coas.*

A contración da preposición *con* e máilo artículo, dá lugar ós resultados seguintes:

con o: *co*
con os: *cos*
con a: *coa / ca*
con as: *coas / cas*

Vacilan, como se ve polo esquema, as contracións co artículo femenino.

Na lingua falada non pode facerse unha distribución precisa de áreas xeográficas, posto que en moitos casos conviven as dúas mesmo a nivel idiolectal. De todas maneiras, ten predominio *ca* sobre *coa.* Na lingua escrita, de 49 autores nos que atopamos rápida resposta a este punto, os resultados son:

a) Escriben *ca, cas*: Rosalía, Cuevillas, Otero Pedrayo, López Ferreiro, Manuel Antonio, Bouza Brey, García Sabell, Bodaño, Casares, López Casanova. (10).

b) Escriben *coa, coas*: Lamas, Noriega, Cabanillas, Risco, Añón, Leiras, Fole, Paz Andrade, C. E. Ferreiro, etc. (26).

c) Vacilan Pondal, Castelao, Lago González, Lugrís Freire, Pimentel, Seoane, etc. (13).

Nas gramáticas atopámo-las opinións seguintes: Mirás, vacila; Saco, tamén; Valladares, *co-a;* Lugrís, *coa;* Couceiro, *cû/ coa;* Carballo, *coa;* Carré, *coa.*

Tendo en conta que a gran maioría dos escritores usan *coa,* e atendendo ademáis a un principio de claridade, preferímo-la forma *coa* pra evitar dese xeito a homografía coa partícula comparativa *ca.*

2. 4. *A asimilación tódolos, máilo.*

Dannos resposta a este problema 53 autores dos case 70 que tivemos en conta. Os resultados son:

a) Escriben *tódolos, máilo*:

Rosalía, Curros, Lamas Carvajal, Noriega Varela, Castelao, Vicente Risco, Añón, Pintos Villar, Manuel Antonio, Amado Carballo, Pimentel, Labarta Pose, Vilar Ponte, Iglesia Alvariño, Seoane, Fole, Díaz Castro, Piñeiro, Cunqueiro, S. Lorenzana, Neira Vilas, Cortezón, C. E. Ferreiro, M. María, Ferrín, Franco Grande, García Bodaño, M. X. Queizán, C. Casares e outros, facendo un total de 42 autores, o que supón un 79,2%.

b) Escriben *todos os, máis os*:

Cuevillas, Otero Pedrayo, Mirás, Lugrís, X. M. López, Carballo, García-Sabell, Mourullo, Blanco Amor. En total 9, ou sexa un 16%.

c) Vacilan entre as dúas solucións:

López Ferreiro e X. M. Beiras, con preferencia nos dous casos polo tipo *tódolos.*

Nas Gramáticas atopámo-los resultados seguintes:

Mirás, *todos os;* Saco, *tódol-os, máil-a;* Valladares, *todo-l-os;* Carré, *tódal-as, mail-a;* Lugrís, *todol-os, mail-a;* Couceiro, *todol-os, ambal-as partes, tral-as mozas;* Carballo, *todos os, máis os.*

A asimilación é común a todo o territorio lingüístico galego. Por eso nos decidimos pola súa representación na ortografía. Noutros casos, como *tras as mozas, ambas as partes, Deus o quere,* non presentamos asimilación, porque se trata de formas con menos estensión e que poden presentá-las dúas posibilidades nos mesmos falantes e coa mesma frecuencia. Tendo en conta estas cousas, parecéunos aconsellable escribir xuntos os dous sintagmas correntes, mantendo separados e sin asimilación os demáis casos.

2. 5. *A asimilación do tipo recollé-lo millo.*

O feito fonético é xeral a case toda Galicia. Trátase, pois,

de algo que non prantexa dúbida. O problema está en se debemos marcar gráficamente a asimilación ou non. En total foron 38 os autores analizados, coas seguintes solucións:

a) *Teñen asimilación*:

Rosalía, Curros, Noriega, Castelao, V. Risco e outros, cun total de 23 autores.

b) Non teñen asimilación:

Lamas Carvajal, Cabanillas, Añón, Pimentel e outros, cun total de 13 autores.

b) Vacilan (con preferencia pola asimilación):

Lago González e X. M.ª López.

Nas Gramáticas, atopámo-las seguintes solucións:

Mirás, vacilación; Saco, *escribil-o libro;* Valladares, *se-l-a raís;* Carré Alvarellos, *poñel-a eixada, xunguil-os bois, sachar o mainzo;* Lugrís, *facer o traballo;* Couceiro, *buscal-a muller;* Carballo, *tocar as cunchas.*

Tendo en conta que está admitido xeralmente o refrexo gráfico da asimilación no caso do pronome, coidamos que se debe facer tamén co artículo. Nós adoutamos unha grafía con asimilación, marcando con acento a vocal final do infinitivo e poñendo un guión entre o verbo e o artículo. Desta maneira, amáis de presentar unha grafía cómoda, indicamos que o artículo (e o *l* asimilado do infinitivo) forman parte do grupo fónico do sustantivo.

3. Morfoloxía

3. 1. Formación dos plurales dos nomes rematados en *-n*:

Coidamos que o plural dos nomes rematados en *-n* debe facerse engadindo un *s* ó singular. Aínda que esta solución é minoritaria en Galicia (xeográficamente e máis en número de falantes), hoxe goza dun gran prestixio literario. A unidade que tratamos de buscar por riba de todo, aconséllanos adoutar esta solución, xa que a súa acetación parece non atopar moita oposición.

Coincidimos nesto cos gramáticos máis recentes, como Carballo, Alonso Montero e C. Abajo e Carré Alvarellos.

3. 2. Formación dos plurales dos nomes rematados en *-l*.

Coidamos que o plural dos nomes rematados en *-l* debe facerse engadindo o morfema *-es* ó singular. Non se nos oculta que na Edade Media desaparecía regularmente este *l*. Nembargantes, a tendencia moderna da lingua é a restauración deste sonido consonántico, cousa non infrecuente e, polo tanto, non sospeitosa de castelanismo. Esta tendencia é moi clara nos monosílabos e nos polisílabos rematados en *-ol, -il, -el* e *-ul*: *alcoles, fusiles, papeles, baúles.*

Os casos máis dubidosos serían os dos rematados en *-al*. Tamén estes están sufrindo unha nivelación analóxica de grande intensidade: *catedrales, animales, cristales, especiales*... Somentes palabras de uso esclusivo en plural resisten a esta nivelación (*reás, adrais*). Nós mantemos esta distinción.

Polo tanto, visto que esta tendencia responde a unha evolución da lingua, que na literatura ten un uso maior que calquera outra forma de plural, que está moi estendida popularmente e que as gramáticas non coinciden, non dubidamos en adoutar este esquema unificador.

3. 3. As contraccións *lleo / llo*.

As contracións da forma pronominal átona *lles* coas formas *o, a, os, as*, resólvense de dúas formas na fala popular:

a) *llelo, llela, llelos, llelas*.
b) *llo, lla, llos, llas*.

Non temos datos dabondo encol da estensión de cada forma. Sospeitamos que as formas de b) abranguen unha área maior. Os testos literarios están neste caso prácticamente en idénticas proporcións. Por un principio de claridade, en canto son paralelas ás formas universalmente acetadas *nolo, volo* e evitan a confusión coas formas do singular *llo, lla*, (= *lle o, lle a*), preferimos *llelo, llela, llelos, llelas*.

3. 4. *Con nós / connosco*.

A segunda destas formas está xeográficamente moito máis restrinxida. De tódolos xeitos, como a forma *connosco* representa algo xenuino, con abundante tradición literaria e unha certa vitalidade no galego falado hoxe, consideramos que poden convivir ambas solucións. Esto mesmo sirve tamén pra *con vós / convosco*.

3. 5. *O perfecto da segunda conxugación*.

Neste tempo preséntansenos catro paradigmas, según as alternancias da vocal temática. Os catro esquemas serían os seguintes nas 2.ª e 5.ª persoas:

a) *comiches / comèchedes*.
b) *comeches / comíchedes*.
c) *comeches / comèchedes*.
d) *comiches / comíchedes*.

Aplicando o criterio xeográfico, as proporcións da enquisa realizada son os seguintes: a) 25; b) 1; c) 5; d) 16.

Como no presente caso tódalas formas son xenuinas, acetamos sin máis a de maior estensión.

3. 6. *Veu / viu* (do verbo *ver*).

Xeográficamente, as dúas formas están niveladas. Na literatura hai un certo predominio de *viu* sobre *veu*. Tendo esto en conta, e amáis que *viu* evita a homonimia con *veu* (de *vir*), eleximos *viu*.

Non se nos esquence que entre *veu* (de *ver*) e *veu* (de *vir*) esiste unha diferencia de timbre na tónica. Pro aínda así, parécenos millor caracterizada a oposición *veu* / *viu*.

O resultado de todo esto está hoxe xa na rúa. É o primeiro método práctico de galego. Han seguir un segundo e máis un terceiro tomo. Sodes vós quen ten de xuzgá-lo resultado desta laboura. As observacións, suxerencias e todo canto teñan que decir os que ensinen ou deprendan por el, hannos ser moi útiles. Agardámolas.

Non queda xa senón agradecer a cantos fixeron posible a elaboración e publicación deste método a colaboración e máilo esforzo prestados. A todos eles, as máis espresivas gracias.

CONSTANTINO GARCÍA
Director do Departamento de Filoloxía Románica
Universidade de Santiago

AS ORIXENS VIKINGAS DO PRÍNCIPE HAMLET

III

HELGI

A saga de Amleth na versión de Saxo (nos libros III e IV) non considera as tolerías daquél como rapazadas; nela Amleth, inda que sexa novo, non é de ningún xeito adolescente. O argumento dista saga, de xeito resumido, é o seguinte: Un certo rei é morto polo seu irmán que se casa ca viuda da súa víctima e ascende ao trono, escluíndo ao seu sobriño, o fillo do anterior rei. O fillo, pra salvar a súa vida e vingar máis tarde ao seu pai, finxe tolemia; con esto logra, ao cabo dun certo tempo, matar ao seu tío e ganar o trono. Cásase máis tarde cunha princesa estranxeira e finalmente é morto en batalla e a súa viuda cásase co culpable da súa morta. Ista versión chámase xeralmente "A".

Outra versión, a da "Helgasaga", contida na "Hrólfssaga kraka", chámase versión "H" e é a seguinte: Un certo rei foi morto polo seu irmán que se casóu despóis ca súa viuda e ascendéu ao trono, escluíndo aos seus sobriños, os dous fillos do rei anterior. Istes foron salvados e mantidos en secreto por fieles servidores até que chegaron a ser homes; vingáronse entón do seu tío e recobraron a coroa. Máis tarde o irmán maior foi morto por un primo seu e o máis novo vingóu a súa morte. Logo íste cásase cunha princesa estranxeira, é morto a traición e a súa muller cásase co seu asesino.

Os puntos de contaito das dúas versiós son evidentes. Pra ver mellor aqueles nos que difiren ténse que dividir a saga en dúas partes: as historias relativas á vinganza e as relativas á boda. No primeiro grupo a versión H difire da A nalgúns aspeitos fundamentás: 1) o irmán maior; 2) o servidor fiel; 3) o uso da ocultación en lugar da tolemia.

Tanto a Helgasaga como a saga de Amleth básanse en sucedos históricos, inda que non nos mesmos e inda que as dúas foron orixinariamente diferentes. En Dinamarca permaneceron arredadas pero fundíronse en Noruega e Islandia. A Helgasaga é a saga de Amleth dos escandinavos occidentás, e o complexo histórico no que ista se basa inclúe unha guerra entre daneses e bardos e unha querela dentro da casa real da-

nesa. Na guerra contra os bardos hai dúas épocas separadas por unha paz inestábel de duración incerta e na primeira delas morre o rei bardo Fróthi, aparentemente ás mans do rei danés Hróarr, información evidentemente incerta e que non pode ser máis crara a causa da ambigüedade das liñas 2.020 e ss. do "Beowulfo", que é onde se acha. Máis tarde Hróarr trata de facer a paz entre os dous pobos dando á súa filla en matrimonio ao rei Ingjaldr dos bardos, o fillo de Fróthi, detalle tamén dado no Beowulfo. O matrimonio, non embargantes, acentúa a fricción e finalmente Ingjaldr ataca aos daneses intentando vingar a morte do seu pai; non o logra e cai morto ás mans de Hróarr e Hrólfr. Os bardos desparecen agora da historia, posíbelmente absorbidos polos vencedores, xa que os seus reises aparecen nas tradiciós posteriores como monarcas daneses, cousa que sempre indica fusión de dous pobos. Despóis dista guerra, os dous vencedores, o rei Hróarr e o seu sobriño Hrólfr pelexáronse. Os documentos anglosaxós non falan de cómo rematóu ista querela, pero dicen que tivo tráxicas consecuencias. Os documentos escandinavos dan, a pos deso, algunhas noticias. O máis antergo parece ser a versión do "Bjarkamál", dada por Saxo en tradución latina, un poema en honor de Hrólfr que se tiña convertido en héroe nacional danés. Como consecuencia e como era de esperar, o poeta non menciona en absoluto a Hróarr; en troques di que Hrólfr matóu a Hroerekr, fillo de Hróarr. Non fala diste parentesco dos dous, desde logo, e presenta a Hroerekr como un rei avaro e cobarde mentres Hrólfr é a encarnación da xenerosidade i é por iso mesmo o que debe por dereito ocupar o trono.

No "Bjarkamál" é evidente que si Hrólfr matóu tanto a Hróarr como a Hroerekr, non sucederon as dúas cousas ao mesmo tempo, porque Hroerekr aparece como monarca reinante e Hrólfr como xefe dunha flota. Unha probábel reconstrución da narración podería ser a seguinte: Hrólfr toma as armas contra o seu padrasco e benefaitor Hróarr e mátao despóis dunha loita, se cadra por solpresa. O fillo de Hróarr, Hroerekr, pode escapar; cecáis achábase servindo como cabaleiro na corte xeata naquel tempo (cf. Beowulfo 1836 ss.) e non participóu na loita. Posíbelmente axudado polos xeatas, e se cadra tamén por un troco na opinión popular na mesma Dinamarca, Hroerekr ataca agora a Hrólfr, obrígalle a fuxir e apodérase do trono. Hrólfr convírtese en "rei do mar" ou vikingo e, cando Hroerekr se fai impopular polas súas malas cualidades, leva a flota a Dinamarca e tomando a Hroerekr por solpresa mátao. Ista sucesión de feitos espricaría o dato curioso de que tanto a tradición danesa como a escandinava dean o nome de Hroerekr como o do sucesor de Hrólfr. Nos monumentos escandinavos o asesino tradicional de Hroerekr

é o pai de Hrólfr, Helgi, o cal naqueles relatos se apodera tamén das aitividades vikingas do seu fillo.

A data de composición do "Bjarkamál" foi, probábelmente, a principios do século X (Olrik dátao ao redor do 900). Outro relato do século X que se refire á historia de Hrólfr é o "Grottasöngr", onde hai a historia dun muíño máxico, propiedade do rei Fróthi, o pai mítico de Halfdanr. Se cadra as relaciós aludidas no poema poderíanse comprender mellor si se observa primeiro a lista de reises da líña á que pertence Halfdanr, que poño aquí á beira da xenealoxía correspondente achada nos documentos anglosaxós.

Skjöldr	Scyld
Fröthi	Beow
Halfdanr	Healfdene
Hróarr Helgi	Hrothgar Halga
Hroerekr Hrólfr	Hrethric Hrothful

onde o devanceiro divinizado Fröthi ocupa o lugar de Beow dos anales anglosaxós [1].

O poema di que iste rei Fröthi tiña dúas esclavas xigantes pra manter o seu muíño máxico en funciós. Nel muíñan ouro e fixérono enormemente rico e próspero, pero como non lles daba nin un intre de descanso encomenzaron a muiñar maldiciós en lugar de ouro, e istas van aumentando en intensidade até culminar nas que botan sobre o descendente de Fröthi, Hrólfr kraki, nos versos:

"Mölum enu framarr!	mun Yrsu sonr
vith Halfdana	hefna Frótha;
sá mun hennar	heitinn vertha
burr ok bróthir	vitum háthar that."

que, nunha tradución case literal, dicen: "Imos muiñando! O fillo de Yrsa/ vingará a Fröthi nos Halfdanes; / vánlle chamar ás veces o fillo / e o irmán dela; as dúas sabemos isto con certeza".

A primeira maldición é terríbel. Hrólfr está condenado a aituar como vingador de Fróthi, o rei dos bardos e enemigo dos daneses. Facer de Hrólfr, que era o seu enemigo e o enemigo da súa raza, o seu vingador, era unha terríbel maldición. Non embargantes, o horror que o poeta envolve na maldición somentes aparece craramente cando se ve, polo "Beowulfo", que quen mata a Frothi é Hróarr. O poema alude aos Halfdanes dun xeito que parece dar a entender que houbo máis dunha víctima e polo Bjárkamál sabemos que Hrólfr matóu a Hroerekr. Aquí aparece entón a verdadeira natureza da maldición: Hróarr estaba condenado a matar a Hróarr, o seu tío

[1] Pra un estudo da personalidade de Beow, cf. Olrik, "Danmarks Heltedigning" II, 254 ss.

e padrasco, e a Hroerekr, o seu primo e fillo de Hróarr. A segunda parte da maldición é inda peor: a súa nai ía ser tamén a súa irmá, é decir, el sería fillo dun matrimonio incestuoso, co que aparece evidente a finalidade da maldición: levar á raza de Fróthi a un final catastrófico, cheo de vergonza ou de horror. Na estrofa seguinte, o muíño estoupa e é destruido por compreto.

Halfdanir ou Healfdene como sinónimo dos Scyldingos aparece no "Beowulfo". Nistas interpretaciós áchase sempre unha opinión favorábel pra Hrólfr. No "Bjarkamál" áchase unha apoloxía-euloxía entusiasta e, sendo a súa principal virtude a xenerosidade, este é tamén o tema central do poema. No "Grottasöngr" os feitos, craramente espostos, xustifican dun xeito ao mesmo tempo poético e favorábel a Hrólfr, a quen se representa como instrumento nas mans do destino, fatalmente dirixido polas esclavas xigantes a quenes o seu devanceiro Fróthi tiña mantido na opresión; é decir, o poeta presenta, en toda a súa austeridade, o antergo tema dos pecados dos pais que cain sobor dos fillos até a terceira e carta xeneración. Hrólfr, instrumento do destino, nacido do incesto, asesino do seu proprio sangue, vengador dos seus nemigos, convírtese nunha figura tráxica e diña de compasión, tanto máis canto que a súa caída é, máis que algo individual, o colapso da raza scyldinga, a traxedia da máis podente das casas reás do Norde.

Cando na tradición posterior Helgi ocupa o lugar do seu fillo Hrólfr como vingador, a tradición xuta de Amleth identifícase con el e tamén sónlle atribuídos os típicos incidentes hamletianos da posición desvalida do héroe e da tolería finxida do vingador. A razón da sustitución de Hrólfr por Helgi é, evidentemente, a idea de que a persoa máis indicada pra vingar a Halfdanr era o seu fillo, non o seu neto, e o interés poético no pai de Hrólfr ía atraer cara el calquer tema de saga co que máis ou menos se lle puidera relacionar. A introdución de Helgi trouxo tamén a do seu irmán maior Hróarr, que non embargantes orixinalmente chegóu como unha segunda víctima. Na versión chamada H permanece estrictamente subordinado ao seu irmán menor e é indudábel que en versiós inda máis primitivas era somentes unha segunda víctima de Fróthi. Noustante, hai outras versiós nas que a súa morte aparece como unha historia independente e considéraselle aliado con Helgi pra vingar a morte de Halfdanr.

AS DIFERENTES VERSIÓS

A "Helgassaga", en resumen, inda sendo unha versión da historia de Hamlet, presenta a dous irmáns como vingadores;

orixinariamente, había un sóo, Hrólfr; máis tarde éste foi desprazado polo seu pai Helgi, que corresponde ao Amleth de Saxo; como Helgi tiña un irmán maior, Hróarr, iste foi inevitábelmente introducido na historia, pero ao principio somentes como segunda víctima de Fróthi e máis tarde como aliado na vinganza. Por todo isto, a identificación de Amleth e Helgi, se tivo lugar, debéu de ser cando Hróarr era aínda unha víctima; de outro xeito non podería haber identificación, porque a historia dos dous irmáns que vingan a morte do seu pai é esencialmente diferente da narración de Hamlet. Unha proba disto pode ser a versión da "Ambalessaga", que é chamada xeralmente versión "AB", na que o irmán maior é víctima xunto co pai e o irmán máis novo chámase Amlóthi.

Esisten, desde logo, máis versiós da historia e non é posíbel espricalas ou relacionalas todas neste ensaio. Ademáis das que até agora teñen aparecido débense citar os fragmentos da "Skjöldungasaga" que tratan de Helgi, versión chamada "SS" se procede de Snorri e "AB" se procede de Anrgrímr; a do "Bjarkarímur", versión "BR"; a historia de Harald e Haldan no libro VII de Saxo, versión "HH"; a historia de Brjóm, versión "B"; a "Ambalessaga", "AB", e o conto folklórico que é a súa fonte, versión "X". E téñense tamén outros relatos breves e outras referencias á narración que non é necesario nomear.

A "Ambalessaga", "AB", é unha produción literaria moderna que se basa nunha narración tradicional perdida, "X", con detalles da saga de Amleth de Saxo e con material romántico convencional. Comparando AB con B ténse recostruída en parte a narración folklórica perdida; B, pola súa parte, é un conto popular antergo ben coñecido no norde de Islandia e que foi recollido en 1705, xa que até entón se tiña trasmitido por tradición oral. B, desde logo, non puido ser a orixen de AB, porque éste escribíuse no sul de Islandia e o conto popular que lle deu orixen sóese identificar co mencionado polo escritor daquela rexión, Torfaeus, que morréu no ano 1636, na súa "Series Regum Daniae"; ista narración era tamén de tradición oral e, aparentemente, ben coñecida entre o pobo; é, polo tanto, de tipo primitivo, reducida aos seus máis simpres elementos e con persoaxes anónimos. Ao comparala coa historia de Brjám, ou versión B, coinciden nos detalles inda que nista derradeira o héroe ten un nome, o do poema. De todos xeitos, isto non é tan importante como pode parecer a primeira vista, porque Amlóthi usábase máis como nome común co siñificado de necio ou tolo e seguramente se conservóu porque se entendía como caraiterización e o mesmo pódese decir de Brjám que, segundo Olrik, débese relacionar con "bjáni", idiota.

O argumento de X é recostruido así por Malone: Un certo rei foi morto por un nemigo seu que logo se establecéu no lugar da súa víctima. O rei morto tiña dous fillos; o maior foi morto co seu pai, pero o máis novo escapóu pretendendo estar tolo. Finalmente vingóu ao seu pai e sucedéuno no trono.

Ista narración parécese achegar máis á Helgassaga que á saga de Amleth e é notábel a aparición do irmán maior e a falla de parentesco entre víctima e verdugo; ademáis non hai matrimonio entre a nai do héroe e o asesino do seu marido. A versión X parece, axiña, referirse á Helgassaga nunha forma inda máis primitiva que ningunha das anteriores. Nista versión Helgi pódese identificar con Hamlet, pero inda non se ten feito a identificación dos outros persoaxes, Halfdanr e Frothi inda non son irmáns, a muller de Halfdanr non aparece na historia e a elaboración caseque non empezóu. Ista preservación débese indudábelmente ao feito de se ter convertido en narración popular e o anónimo dos persoaxes foi un faitor podente que impedíu a contaminación coas versiós literarias.

YRSA

A segunda parte da naración da Helgassaga trata das relaciós de Helgi con Yrsa. Encol dela hai moi pouca información histórica. As investigaciós de Olrik e os documentos escandinavos fan práiticamente certo que se trataba dunha muller franca capturada nunha espedición vikinga e levada a Escandinavia, onde se convertíu en muller do príncipe Helgi e lle deu un fillo, Hrólfr. Polo Beowulfo sabemos que Helgi morréu moi cedo deixando un fillo Hrólfr que foi educado por Hróarr e a súa muller (v. 1.185). É evidente que a viuda de Helgi ou ben morréu ou casóu outra vez, porque non aparece na corte e no poema inglés somentes é nomeada como muller de Onela. Se o nome Yrsa é o que debe aparecer na liña 62 do poema, é craro que o poeta de Beowulfo a creía filla de Halfdanr e esto é máis evidente porque dá o nome de Wealtheow, un epíteto que siñifica "estranxeira" e que corresponde a Yrsa, á muller de Hróarr. Isto era, naturalmente, un erro; Yrsa era a nora de Halfdanr, pero ao morrer o seu marido a súa posición na familia foi a dunha verdadeira filla que pode incruso ser dada en matrimonio polo Scylding reinante como si fora unha princesa nativa; segundo ista interpretación, foi dada a Onela. Esto espricaría a súa ausencia da corte danesa, como parece amosar o Beowulfo, e as relaciós entre Hróarr e a súa muller e Hrólfr.

Si se toma a outra interpretación e se cré que Yrsa era verdadeiramente a filla de Halfdanr, aparecen inmediatamente as máis serias dificultades. En primeiro lugar, o nome Yrsa

non ten espricación porque non escomenza con H e a súa orixen estranxeira parece firmemente estabrecida [2]. Ademáis, sendo filla de Halfdanr, o seu matrimonio con Helgi ía ser en estremo desconcertante. É certo que o "Grottasöngr" e os documentos escandinavos tardíos representan á Hrólfr como produto dun matrimonio incestuoso, pero Olrik ten demostrado [3] que no norde esiste unha forte tendencia a dar ista procedenza aos héroes que son a derradeira figura da súa raza e, polo tanto, non hai que asumir que o incesto era histórico. Ademáis, as fontes que o admiten sempre toman a Helgi como o pai de Yrsa, xamáis como o seu irmán. Polo tanto hai que asumir que o poeta de Beowulfo se acha nun erro cando chama a Yrsa filla de Halfdanr e que, en realidade, era a súa nora [4].

A historia de Yrsa, segundo a versión H da Helgassaga, inda sendo algo pantástica, apoia a teoría de Olrik encol da súa orixen estranxeira, teoría por outra parte basada en sólidos razonamentos etimolóxicos e en asociaciós históricas do seu nome. A historia, resumida, di así: A raíña Oluf de Saxland era fermosa de aparenza, pero altiva; era unha raíña guerreira que ía polo seu reino con escudo e cota de malla, con espada ao cinto e elmo na testa. Era o mellor partido daqueles tempos en todo o norde pero non quería marido. Helgi sinte o desexo de se casar con ela inda que fora contra a súa voluntade; chega a Saxland coa súa armada e a raíña, que naquel intre non ten un número suficente de homes ao seu redor pra lle opoñer resistencia, recíbeo a el a aos seus homes como convidados. Pola noite, durante o banquete, Helgi quíxose casar inmediatamente. A raíña véuse obrigada a consentir, pero Helgi estaba xa bébedo e cando se foron deitar a raíña picóulle co "espiño do sono", afeitóulle a testa e pintóulla con alquitrán; despóis botóuno nun saco e deixóu que os seus homes o levaran ao barco. Cando Helgi despertóu ao día seguinte e quixo vingar o insulto, a raíña tiña xa un exército numeroso de saxós e Helgi tivo que saír avergonzado. Pasado un tempo volvéu disfrazado, ascondéu dúas arcas cheas de ouro no chan e, coa axuda dun esclavo da raíña, acadóu que fora ela sóa a percurar o tesouro. Cando chegóu ao lugar foi apresada por Helgi que a conservóu á súa beira por un tempo como concubina. No intre debido nacéulle a ela unha nena, que ela chamóu Yrsa e que deu a uns labregos pra que a tiveran como si fora filla deles. Cando Yrsa tiña trece anos,

---

[2] Olrik, op. cit., I. 151.

[3] Op. cit., I. 155.

[4] M. G. Clarke ten unha interpretación diferente a ista e moi interesante tamén en "Sidelights on Teutonic History during the Migration Period", páxinas 82 e ss. e pra un estudo compreto das limitaciós do material histórico no Beowulfo, Olrik, op. cit., páxs. 26 e ss.

Helgi chegóu outra vez a aquelas costas, atopóuse ca preciosa nena cuidando o gando, levóuna con el e casóuse con ela, sen facer caso dos anguriosos presaxios que ela tiña. A raíña Oluf non fixo ren pra impedir o matrimonio, pero cando Yrsa tiña dado a luz un fillo chamado Hrólfr, Oluf foi a Dinamarca e revelóulle á súa filla a súa orixen e o incesto que tiña cometido; levóuse a Yrsa con ela e máis tarde casóuna co rei sueco Athils.

Olrik deixa a historia da saga niste intre, pero Malone continúa así: Helgi opúxose fortemente ao matrimonio de Yrsa con Athils e dirixíuse a Uppsala pra se levar a Yrsa. Athils, sentindo que non era dabondo forte pra loitar, recibíu a Helgi con aparente amistade e convencéuno que aceptara unha convidada no palacio. Helgi chegóu deixando a meirande parte das tropas nos barcos. Chegaron os guerreiros salvaxes, ou fanáticos, que estaban ao servicio de Athils e iste preparóu unha emboscada no camiño que levaba aos barcos daneses; cando Helgi volvéu alí despóis da festa, el e os seus homes foron atacados polos fanáticos e outras forzas de Athils. Na batalla Helgi e os seus homes foron mortos. Desde iste intre, ninguén disputóu a Athils a posesión de Yrsa; máis tarde Hrólfr fixo unha espedición a Uppsala pero en ningún dos documentos se acha que ista sexa causada polo desexo de vingar a morte do seu pai.

Unha historia parecida aparece na "Skjöldungasaga", onde non embargantes o orde dos maridos é diferente. Na versión SS Yrsa é capturada por Athils que a fai a súa muller. Máis tarde Helgi chega nunha espedición a Suecia, arrebátalla e faina a súa muller. Nace un fillo, Hrolfr. Cando este ten tres anos, a raíña Alof chega a Dinamarca e revela a Yrsa quen foi o seu pai e ésta volve a Suecia e é novamente a muller de Athils. Helgi morre nunha batalla indeterminada. A súa morte non se relaciona con Athils.

AS ten esencialmente a mesma historia, sen detalles encol do xeito como Athils casóu con Yrsa, soio a afirmación; seguramente porque a versión é pouco máis que unha sinopsis.

O relato en Saxo é moito máis breve. Nel Hrólfr é un fillo incestuoso de Helgi e Yrsa, pero ascende ao trono despóis da morte do seu pai e dá a súa nai en matrimonio a Athils; niste relato non hai loita entre Helgi e Athils por Yrsa, como se acha nas fontes islandesas.

Olrik resume así os elementos comúns ás versiós danesas e islandesas: Helgi, nunha das súas espediciós vikingas, volve a unha costa onde noutro tempo, xa esquecido por el, violóu unha muller. Ve a Yrsa, que é a súa filla, e cásase con ela. Segundo Saxo, é a mesma muller que antes deshonróu a que incita iste amor pra se vingar; segundo a tradición islandesa

non o é pero sábeo con tempo dabondo pra a previr; non o fai porque o incesto vai ser a súa venganza e incruso agarda tres anos pra que a maldición caia tamén sobor do fillo que vai nacer deles.

A isto poderíase engadir que a nai de Yrsa é unha muller da crase de Thryth, tanto en Saxo como nas fontes islandesas; a súa caraiterística fundamental é o odio cara o home que a aldraxóu; e, inda que na Skjöldungasaga ten un marido, éste non ten parte algunha na historia; ademáis de atoparse sempre "úr landinu", esto é, fora do país, cando algo sucede, non ten fillos e o seu nome Geirthjófr, "ladroeiro portador de lanza", ten unha aparenza algo tardía. As versiós segundo as cales a nai de Yrsa era solteira e perigosa pra os seus pretendentes representan indudábelmente a imaxen primitiva da muller. Todas as versiós están dacordo en que Yrsa se casóu co seu pai Helgi e co rei sueco Athils.

O curso histórico dos feitos poderíase recostruir así: Yrsa era unha cautiva gala, tomada por Helgi nalgunha espedición vikinga ás costas francas. Helgi casóuse con ela e tiveron un fillo, Hrólfr. Mentres iste era aínda un neno, o seu pai morréu e a súa nai foi dada en matrimonio ao rei sueco Áli. Hrólfr permenecéu en Dinamarca e foi criado por Hróarr, o rei danés. Na loita entre Áli e Athils pola coroa sueca, gana o derradeiro, que vence e mata a Áli nunha batalla sobor do xelo do lago Vaeni. Despóis Athils casa con Yrsa, viuda do seu rival. Entramentres Hrólfr apoderóuse do trono danés matando a Hróarr e a Hroerekr. Ao saber a derrota e morte do seu padrasco Áli, organiza unha espedición a Uppsala pra o vingar e salvar á súa nai. Isto non o pode chegar a facer, case non logra nin escapar, e volve a Dinamarca cas mans valdeiras. Máis tarde os dous reises fan as paces, sobor de todo pola súa común hostilidade cara os xeatas. Ista leva á espulsión de Hrólfr do trono polo seu primo Hjörvarthr, axudado polos xeatas. Athils intenta vingar a morte de Hrólfr e non pode, pero despóis da morte de Beowulfo, o mesmo Athils ou algún outro monarca sueco posterior logra rematar co reino xeata. Gran parte de este razonamento que fai Malone básase, desde logo, en evidencia de ben pouca forza; a historicidade de Beowulfo, sobor de todo, ténse posto moitas veces en dúbida; polo que respeita ao seu nome, as dúbidas probábelmente teñen xustificación, inda que é mellor considerar Beowulfo como epíteto que como nome. Cando Malone intenta descubrir o verdadeiro nome do héroe anglosaxón, ten que recoñecer a pouquedá de evidencia que se posee. O pai de Beowulfo, que parece ter sido un persoaxe histórico, Ecgtheow, ten un nome que encomenza por vocal e o seu fillo deberíao ter tamén; hai varios intentos de facer que iste nome sexa Aelfhere, outro

persoaxe do poema, pero son argumentos longos e compricados e non teñen verdadeira importancia niste contexto.

Encol da parte histórica de Yrsa, si o aspeito incestuoso non ten base histórica, é curioso que se atope en todas as versiós que falan dela. Olrik esprica como esto se podería ter introducido: antes de que iso sucedera, o mesmo nome de Yrsa e o feito de que Hrólfr fora chamado unhas veces Yrsuson e outras Helgason tería dado motivos a especulaciós poéticas. A romántica entrada de Yrsa na casa real danesa e a súa acidentada vida de casada debéu contribuir a que se desenrolaran historias encol dela; unha muller cun nome e unha vida tan estranas debéulle parecer ao poeta que tamén tería estranos antecedentes e a curiosidade encol dela rematóu dándolle unha nai feita á súa semellanza. Orixinariamente, Yrsa preséntase coas caraiterísticas de Thryth, e éstas presérvanse no relato de Saxo. A súa nai, entón, fíxose tamén igual a Thryth; de ahí a súa virxinidade e o seu odio aos pretendentes. Pero unha vez creada a nai, debéu nacer a incrinación a diferenciar a nai e a filla pra dar a cada unha a súa propria persoalidade. Como nai de Hrólfr, Yrsa tiña que saír favorecida nesta diferenciación: a nai do héroe non pode ser culpábel. Por esto, as cualidades menos atraitivas pasaron a ser escrusivamente propiedade da nai e Yrsa presentóuse como víctima do destino e das circunstancias. En Saxo este proceso inda non está moi avanzado. En Islandia, non embargantes, ela xa é soio, práiticamente, unha víctima do destino.

No que se refire á súa aituación como muller casada, hai tamén diferencias nas versiós. En Saxo cásase con Athils despóis da morte de Helgi e nada hai que indique conflicto entre os dous maridos. En Islandia hai un conflicto ben definido por causa de Yrsa. A diferencia entre a versión danesa e a islandesa reside principalmente en que Áli e Helgi nunca se confundiron en Dinamarca, pero identificáronse en Noruega e Islandia. Os daneses, que tiñan esquecido por compreto a Áli, non sabían ren da súa guerra con Athils. Os noruegos, polo contrario, que fundiron nunha soia historia as fazañas de mocedade de Amleth (Áli) e a vinganza paterna de Helgi, fixeron o mesmo ca historia posterior dos dous héroes. Por conseguinte, áchase a Helgi en guerra con Athils e, na versión H, morre nesta batalla. O parecido aquí esténdese a un detalle importante, que é a aparición dos fanáticos guerreiros de terras lonxanas. No Beowulfo díse que Eadgils non era suficentemente forte pra recuperar o trono sueco, que estaba en poder de Onela, sen axuda. Polo tanto pedíu e recibíu axuda do rei xeata Beowulfo. Esta axuda xeata aparece no Snorra Edda como os salvaxes guerreiros ao mando de Bjärki, é decir, de Beowulfo. Nas dúas narraciós éstes son o faitor deci-

sivo da victoria de Athils sobor de Áli. A narración da morte de Helgi na versión H é curiosamente paralela á historia da morte de Áli no Beowulfo e na Snorra Edda.

Na Skjöldunga, Helgi non morre ás mans de Athils; polo contrario é victorioso no seu conflicto con el e arrebátalle a Yrsa. É evidente que aquí hai unha fusión de tradiciós distintas polo que se refire a Helgi. Nunha delas, a H, captura e cásase con Yrsa pero ten que cedela cando sabe que é a súa propria filla e a súa nai dalla entón en matrimonio a Athils. Esto causa a guerra entre os dous reises, na que Helgi morre. A outra tradición, a de Saxo, tamén representa a Helgi apresando a Yrsa e casándose con ela e, horrorizado ao saber que era a súa filla e que tiña cometido incesto inda que fora inconscentemente, abandona a súa terra nativa e busca a morte nas guerras do este, e cando morre a súa viuda cásase con Athils. A Skjöldunga mantén tanto o conflicto de Helgi con Athils por Yrsa como a súa morte nunha espedición vikinga; para elo, utiliza a tradición segundo a cal Athils capturóu á súa muller pola forza nunha espedición militar (históricamente, a espedición na que mata a Áli). Athils convírtese no captor orixinal de Yrsa e Helgi mátao nunha batalla, levándose a Yrsa. Máis tarde, cando descubre que é a súa filla, vaise nunha espedición e é morto. Diste xeito o autor combina as súas fontes nunha narración consistente. Pra comprender como a versión da Skjöldunga da Helgassaga chega a ser o que é, hai que lembrarse de que a Skjöldunga é, máis que unha saga tradicional, un intento de crónica histórica feita por algún sacerdote ou monxe instruido que trataba de conciliar o mellor que podía as discrepancias das varias fontes. Con calquera outra hipótesis, o seu relato do sucedido é inespricábel.

En todas as súas versiós, a Helgasaga remóntase a un complexo histórico craramente definido. En Dinamarca éste permanecéu como base da saga. En Noruega e en Islandia, non embargantes, fundíuse ca historia de Áli (Onela) e tivo por eso un desenrolo con moitas direiciós compretamente descoñecidas na narración da súa terra nativa.

VIGLEK

Na historia de Saxo, a morte de Amleth aparece así: Durante o viaxe de Amleth a Inglaterra, un certo Viglek chegóu ao trono de Dinamarca. Viglak tiña aburado á nai de Amleth e tíñalle arrapañado o tesouro real. Amleth, cando chega acéptao todo caladamente e aínda manda a Viglek a mellor parte do seu botín. Máis tarde, non embargantes, cando se lle presenta unha oportunidade favorábel, decláralle a guerra e derrótao. Manda ao exilio a Fjaller, o gobernador de Skaa-

ne. Fjaller retírase a "Undensakre", literalmente ao outro mundo, é decir, morre. Viglek axunta novas forzas e derrota e mata a Amleth nunha batalla decisiva. A muller de Amleth, Ermuthrud, entrégase entón a Viglek, non embargantes as súas protestas previas de lealtade eterna a Amleth. Viglek tivo un reinado longo e pacífico e finalmente morre de enfermedade. Sucédelle o seu fillo Vermund.

Hai aquí unhas cantas cousas ben curiosas. En primeiro lugar, Saxo evidentemente sabe moi pouco encol de Viglek e non se pode decir que faga del un malvado. En calquer caso, a morte de Amleth non é vingada. É seguro, polo tanto, que Viglek non tiña poseído por moito tempo o papel de verdugo, porque a morte de un grande héroe debería de ser vingada e, de feito a morte de Áli é vengada, ao menos nunha das versiós. Segundo Snorri, o asesino histórico Athils foi botado ao chan polo seu cabalo e morre; o cabalo, aparentemente, era ou Hrafn, o antiguo cabalo de Áli, ou un fillo daquel; aquí, axiña, Áli é vengado polo seu cabalo, poéticamente aceptábel. Ista historia puido desenrolarse da hostilidade de Athils cara o culto de Tyr, xa que en Suecia o cabalo era orixinariamente un animal consagrado a este deus. Non embargantes, semella peculiar que tal historia non apareza na versión A, na cal Amleth é un héroe con dimensiós dabondo pra pedir un vengador. Esta ausencia suxire que o verdadeiro culpábel chegóu a se disociar de algún xeito do crimen e o seu lugar foi ocupado por outro.

Outro rasgo peculiar da narración de Saxo é a súpeta introdución de Fjaller. Malone di que éste non é máis que unha doble persoalidade de Feng, o cal como antes vimos é identificado por el co Haethcyn de Beowulfo. Pero as referencias previas a Viglek recordan fortemente as aiciós de Haethcynn, que capturóu á nai de Onela e lle arrapañóu o tesouro real, segundo o Beowulfo, liña 2930. Seguindo o razonamento de Malone, esposto na segunda parte deste traballo, no cal Onela toma o lugar do seu pai como asesino, pódense apricar a Fjaller as fazañas que Saxo lle adxudica a Viglek, deixando a éste somentes a batalla final e facendo así comprensíbel a hostilidade entre Amleth e Fjaller, que Saxo deixa sen motivo. A conformidade aparente de Amleth é un típico aspeito da renartería hamletiana, que corresponde á súa tolemia na historia de Feng. O conxunto entón convírtese nunha versión danesa das maldades e morte de Haethcynn, unha versión moito máis perto dos feitos históricos que a que se coñecía en Xutlandia e, desde logo, moito menos elaborada. De todos xeitos, somentes se ten un fragmento da historia e está en forma un pouco oscura.

Viglek queda axiña desprovisto de todo fora da súa victoria final sobor de Amleth e do seu matrimonio coa viuda; aquí, desde logo, corresponde a Athils. O por qué de ter feito sustitución algunha pódese espricar recordando que Athils se convertíu no malvado na narración de Eofor e morréu nas mans déste. Iste desenrolo, que era estrictamente xuto, impedíu que se lle usara como villano no relato, tamén xuto, da morte de Amleth. Un sustituto lóxico ía ser o sucesor tradicional de Amleth no trono e aparentemente iste foi Viglek, o cal probábelmente representa unha fusión do xeata Wiglaf e o anglo Wihtlaf. Históricamente, Wiglaf foi o sucesor de Beowulfo, pero Beowulfo tíñase xa perdido na tradición xuta pola súa hostilidade cara a Onela, inda que aparentemente quedara por máis tempo na terra mesma dos xeatas onde Onela xamáis chegóu a ser un héroe nacional compreto por ser eclipsado polo seu pai. É certamente curioso achar que Viglek, que se remonta en parte a Wiglaf, segundo o Beowulfo fillo de Weohstan, o fiel súbdito de Onela, toma agora o papel de Eadgils, o asesino de Onela. Este desenrolo non puido ter lugar até que as relaciós históricas se tiveran esquecido; é proba de que a adxudicación desta parte é tardía o feito de que non se lle dá o castigo debido ao malvado e que éste, en xeral, non ten risco sobresalente algún. A tradición poética non tivera tempo de máis e a perda de Athils, o máis apropriado dos malvados, deixa sen forza algunha á derradeira escea.

MICAELA MISIEGO
New Brunswick

FONOLOGÍA GALLEGA
FONEMÁTICA: EL SISTEMA CONSONÁNTICO, III

La oposicion fricativa / oclusiva

Partiendo del estudio de los fonemas silábicos, hemos podido llegar al establecimiento de la oposición fundamental de la lengua, la oposición *vocal / consonante,* que al realizarse en el caso de las líquidas presenta la particularidad de que el mismo archifonema funciona a la vez como término vocálico y consonántico. Pero, ¿cómo llegar al establecimiento de las oposiciones que definen el resto de los fonemas, que son consonantes y no presentan el rasgo vocálico, y, por ello, hemos convenido en llamar *no líquidos?*

La palabra *pau* fue el texto que hemos utilizado para el establecimiento de la primera oposición de la lengua; esta oposición nos ha conducido al reconocimiento de los sonidos [i̯], [u̯], [r] y [l] como realizaciones de otros tantos archifonemas en posición final de palabra; pero, ¿qué pasa con los otros sonidos del gallego común, único del que, por el momento, nos ocuparemos, con los que también es conmutable la semivocal [u̯] en posición final? Estos sonidos son, como ya sabemos [ŋ], [ś] y [Θ], y de ellos sabemos hasta ahora que son consonantes y no líquidos, que son conmutables entre sí y que, por lo tanto, necesariamente han de ser realizaciones de fonemas o archifonemas; que, consiguientemente, cada uno ha de tener un estatuto fonológico distinto del de los demás.

Pero, ¿cuáles son los rasgos pertinentes que los individualizan?

Consideremos las posibilidades que se nos ofrecen, referidas solamente al gallego no seseante:

[ŋ] es oclusiva, y [ś] y [Θ] fricativas.

[ŋ] es nasal, y [ś] y [Θ] orales.

[ŋ] es velar, y [ś] y [Θ] alveolar y linguodental, respectivamente.

[ŋ] es sonora, y [ś] y [Θ] sordas.

Cualquiera de las cuatro oposiciones enunciadas basta por sí sola para distinguir por un lado [ŋ] y por otro [ś] y [Θ]. Pero sin considerar otras posiciones de la palabra en que aparezcan más sonidos consonantes no líquidos, no podremos sa-

ber qué oposiciones están neutralizadas en el caso de [ŋ], [ś] y [θ] en posición final y cuáles conservan pertinencia. Lo único que sabemos es que los sonidos [ś] y [θ] tienen tres rasgos comunes y otro que los opone entre sí, y que [ŋ] nada tiene en común con ellos salvo su condición de consonante no líquida, lo cual significa que [ŋ] se opone al archifonema de [θ] - [ś], ya que la oposición tiene lugar sobre los rasgos comunes a los términos opuestos o base de comparación, y que esta oposición, que es bilateral, ha de ser diferente de la de [θ] - [ś], ya que es distinta la base de comparación. Ha de ser, por tanto, una de las otras tres oposiciones, oclusiva/fricativa, nasal/oral, sonora/sorda, la que opone por un lado a [ŋ] y por otro el archifonema de [θ] - [ś]. Pero veamos qué pasa en posición intervocálica.

En efecto, en la palabra [káśa] el segmento [ś], que figura entre los dos núcleos silábicos, es monofonemático, porque no puede ser analizado en segmentos más pequeños; y es conmutable con todos los demás fonemas consonánticos de la lengua, incluidos los líquidos, que aquí no nos interesan por estar ya estudiados, dando lugar a palabras no siempre existentes, pero siempre posibles en gallego: *cama, cana, caña, capa, cava, cata, cada, caca, caga, cafa, caza, caxa* y *cacha,* y además *caja* en el gallego de geada, de la que pronto vamos a ocuparnos lo mismo que del seseo.

El rasgo fricativo lo encontramos en [f], [θ], [ś] y [š] frente a todos los demás, que son oclusivos. Hemos de hacer notar que el fonema /č/, del que tanto nos hemos ocupado, es oclusivo frente a los fricativos y fricativo frente a los oclusivos, como hemos de ver en el momento oportuno.

La sonoridad aparece en [m], [n], [ñ], [b], [d] y [g] frente a todos los demás, que son sordos.

El rasgo nasal aparece en [m], [n], [ñ] frente a todos los demás, que son orales.

La localización, en cambio, multilateralmente considerada aparece, en cada caso realizada de distinta manera, en todos los sonidos obtenidos mediante conmutación en posición intervocálica, lo mismo que en los tres que aparecen en posición final de palabra.

Pues bien, en vista de que los rasgos que encontramos en [ŋ], [θ] y [ś] en posición final son los mismos que aparecen también en las consonantes no líquidas que hemos inventariado en posición intervocálica, podemos hacer las siguientes precisiones:

1.º Los sonidos [θ] y [ś] en posición final son fricativos, orales y sordos.

2.º Estos rasgos aparecen también en los sonidos [f], [θ], [ś] y [š] obtenidos por conmutación en posición intervocálica.

3.º Ningún otro sonido consonante no líquido reune los tres rasgos.

4.º El rasgo de la localización, que distingue a [θ] de [ś] en posición final, distingue, multilateralmente considerado, a [f], [θ], [ś] y [š] en posición intervocálica.

Resulta, pues, que los sonidos [θ] y [ś] en posición final tienen el mismo estatuto fonológico que [f], [θ], [ś] y [š] en posición intervocálica, y que, siendo la localización multilateralmente considerada, lo que distingue a los primeros en posición final y a los segundos en posición intervocálica, no puede ser el rasgo que los oponga a los demás, ya que eso exigiría que todos los rasgos de los demás fuesen comunes con [f], [θ], [ś] y [š], es decir, que tuviesen la misma base de comparación, y, por otra parte, hay entre los otros sonidos algunos que tienen la misma localización que estos. Por consiguiente, ha de ser el rasgo sordo, el oral o el fricativo lo que los oponga a todos los demás fonemas consonantes no líquidos, con lo cual coincidimos con lo ya concluido para [θ] - [ś] y [ŋ] en posición final.

En efecto, no puede ser el rasgo sordo, porque no todos los demás sonidos son sonoros. No puede ser el rasgo oral, porque no todos los demás sonidos son nasales. Pero, sí, es el fricativo, porque todos los demás sonidos son oclusivos.

Podemos asegurar, pues, que la oposición que distingue [ŋ] de [θ] y [ś] en posición final de palabra es la oclusiva/fricativa, y que las demás posibles, nasal/oral, sonora/sorda, están neutralizadas en esta posición, si bien tienen vigencia en posición intervocálica.

En este caso, tal vez alguien se sintiese inclinado, sin más ni más, a considerar que es la localización multilateralmente considerada el rasgo que distingue a [θ], [ś] y [ŋ], ya que es distinta en cada uno: [θ] es linguodental, [ś] es apicoalveolar y [ŋ] es velar; pero pronto advertiría que estos tres sonidos no son conmutables en otras posiciones, por lo que se vería obligado a operar con solo [ś] y [θ] y acabaría descubriendo que todos sus rasgos son comunes con todos los demás sonidos fricativos, y que es la localización lo que los distingue. Y esto mismo sucedería en cualquier otro supuesto. Es decir, todos los caminos posibles conducen necesariamente a establecer la oposición oclusiva/fricativa para distinguir [ŋ] de [ś] y [θ], y la localización para, a su vez, distinguir [ś] de [θ].

Las fricativas

Tenemos ya hecho el inventario de todas las realizaciones fricativas: [f], [θ], [ś] y [š]. Los rasgos que son comunes a todos estos sonidos son:

consonante, frente a vocal
no líquido, frente a líquido
fricativo, frente a oclusivo.

Hemos visto ya que es la localización multilateralmente considerada lo que los distingue entre sí; y, como es también la localización lo que distingue en posición final a [Θ] de [ś], estos sonidos son realizaciones fonéticas de fonemas que en posición intervocálica aparecen realizados por [f], [Θ], [ś], [š]. Pero, como en posición intervocálica aparecen cuatro unidades conmutables entre sí y no hay otra posición en que aparezcan más, hay que concluir que cuatro son los fonemas fricativos:

/f/, /Θ/, /ś/ y /š/

y que si en posición final aparecen sólo dos sonidos fricativos, ello se debe a una neutralización o a una distribución deficitaria.

Pero, si es la localización lo que distingue a cada fonema fricativo de todos los demás, tenemos que admitir que los rasgos sordo y oral, que también descubrimos en ellos, son no pertinentes, pues no los distinguen ni entre sí ni de ningún otro fonema.

Que la oralidad no sea pertinente en las fricativas no tiene nada de sorprendente; en cambio, es muy frecuente que al lado de una serie sorda exista otra sonora, como sucede en portugués, catalán y francés, por ejemplo.

EN POSICION FINAL HAY NEUTRALIZACION

Decíamos que la reducción a dos unidades [Θ] y [ś], de las fricativas en posición final en el gallego no seseante se debía a lagunas en la distribución o a una neutralización. La primera solución es la válida para quienes no toman en consideración la existencia de la neutralización de fonemas, y sólo reconocen la distribución como explicación de la ausencia de ciertas unidades en determinadas posiciones. Así los lingüistas americanos. También es válida la primera explicación para quienes admiten la existencia de oposiciones multilaterales, que serían de aplicación al caso que nos ocupa de las fricativas gallegas. Ahora bien, si admitimos que en gallego en posición final sólo están representados dos fonemas fricativos, ¿de qué fonemas son realización los sonidos [Θ] y [ś], que son precisamente los que aparecen en posición final? Si apelamos a la semejanza fonética, como harían los partidarios de esta solución, tendremos que admitir que realizan a los fonemas /Θ/ y /s/. Pero ya hemos visto que no es la semejanza fonética ni su identidad el procedimiento para la identificación fonológica de los segmentos, sino la conmutación reali-

zada con estricto respeto del contexto. Y la conmutación en este caso sólo nos dice que [Θ] y [ś] son fricativos frente a [ŋ], que es oclusivo, como ya hemos visto; y nos presenta la localización, que, como ya sabemos, es lo que opone [Θ] a [ś], en forma bilateral, puesto que son sólo dos las unidades que opone: [Θ] se opone a [ś] porque el primero es *anterior* y el segundo *posterior*, o, en términos de Jakobson, el primero *difuso* y el segundo *denso*. De este modo cada uno de los dos sonidos es realización no de un solo fonema, sino de dos: [Θ], que es *anterior* o *difuso*, es realización de los dos fonemas fricativos *anteriores* o *difusos* /f/ y /Θ/; y [ś] es realización de los dos fonemas fricativos *densos* o *posteriores* /s/ y /š/. Es decir, es válida la segunda de las soluciones posibles; hay una doble neutralización: por un lado se neutraliza la oposición /f/ - /Θ/ y, por otro, la de /s/ - /š/. Los sonidos [Θ] y [ś] en posición final son por lo tanto realizaciones respectivamente del archifonema *difuso* o *anterior* /Θ/ y del *denso* o *posterior* /S/. Pero, ¿qué es lo que opone /f/ a /Θ/, por un lado, y, por otro, /s/ a /š/?. /f/ es labiodental, es decir, *periférica* o *grave* y /Θ/ linguodental, es decir, *central* o *aguda;* /s/ es ápicoalveolar, es decir, *aguda* o *central*, y /š/ palatal, es decir, *grave* o *periférica*, pues no hay fricativa velar. Es, pues, la oposición *grave/agudo* o *periférico/central* la que se neutraliza en cada caso, oposición que hay que entender como bilateral privativa: *grave/no grave*, ya que es el término *agudo*, es decir, *no grave*, el que aparece en la posición de neutralización; el término marcado es, por tanto, el *grave*.

El seseo y la geada

El seseo gallego es un fenómeno cuyos orígenes son, sin duda, históricamente los mismos que los del seseo castellano. Como en el castellano, en el gallego seseante, que llamaremos dialecto A, siguiendo la clasificación hecha por Carballo Calero en su trabajo "Sobre os dialectos do galego", *Grial*, 23, 1969, falta el sonido linguodental [Θ] y aparece otro predorsodental [s]. En este dialecto A, que además de seseo tiene geada, se dan, como en el gallego común, cuatro fonemas fricativos: /f/, /s/, /š/ y /x/, cuyos rasgos pertinentes son los mismos que aparecen en los cuatro fonemas fricativos del gallego común: /f/, /Θ/, /s/ y /š/, pero realizados fonéticamente de manera distinta. Efectivamente, en el gallego seseante el fonema *denso* o *posterior* y *grave* o *periférico* /x/ se realiza velar, en tanto que este mismo fonema en el gallego común /š/ se realiza palatal. El sonido [š], palatal, en el gallego seseante es realización fonética del fonema *denso* o *posterior* y *agudo* o *central* /š/, en tanto que en el gallego común realiza

fonéticamente al *denso* o *posterior* y *grave* o *periférico* /š/. Del mismo modo [s] realiza en el gallego seseante el fonema *difuso* o *anterior* y *agudo* o *central,* en tanto que este mismo fonema aparece realizado por [Θ] en el gallego común. Esto confirma lo que tantas veces se ha repetido: que un mismo sonido puede realizar fonéticamente a dos fonemas diferentes dentro de una misma lengua, en diferentes dialectos de una misma lengua y, por supuesto, en lenguas diferentes. Y es que el fonema se define por sus relaciones con los demás fonemas del sistema, y el fonema realizado [x] en los dialectos A y B es el que se realiza más atrás entre los fricativos, mientras que es el realizado [š] el que reune estas condiciones en el gallego común. Por otra parte, esto confirma que la localización, cualquiera que sea el tipo de oposiciones que se considere, es sólo pertinente dentro de cada serie, y que, por lo tanto, parecen inútiles los esfuerzos por agrupar fonemas de distintas series en un mismo orden de localización.

El gallego seseante o dialecto A presenta, además, una nueva neutralización en posición final de sílaba, donde no se da la oposición *denso/difuso* o *posterior/anterior,* que aparece en el gallego común; el archifonema /S/ está realizado por [s], por lo que la oposición *difuso/denso* es bilateral privativa con el término *denso* como término marcado: *denso/no denso.*

El dialecto B, según la clasificación de Carballo Calero, presenta la serie fricativa siguiente: /f/, /Θ/, /s/, /š/ y /x/. El fonema /s/ es, consiguientemente, ni *anterior* o *difuso,* ni *denso* o *posterior;* /f/ y /Θ/ son los fonemas *anteriores* o *difusos* de la serie, y /š/ y /x/ los posteriores o densos; /Θ/ es *agudo* o *central* respecto de /f/, que es *grave* o *periférico;* /š/ es *agudo* o *central* respecto de /x/, que es *grave* o *periférico;* y /s/ es *agudo* o *central,* pero este rasgo de este fonema no es pertinente, sino redundante, por no haber otro ni *difuso* ni *denso* que se oponga a él como *grave* o *periférico.*

La serie fricativa del dialecto B presenta en posición final neutralizadas todas las oposiciones: el archifonema /S/ está realizado por [ś], que es ni *difuso* ni *denso,* y, en consecuencia, hay que entender como equipolente la oposición *denso/difuso.* En el dialecto B aparece, por lo tanto, lo mismo que en el A, claramente realizada bilateralmente la oposición oclusiva/fricativa, ya que está representado cada término por un solo archifonema: /S/-/N/.

Lo mismo el fonema /s/ que el archifonema /S/ se realizan fonéticamente en el dialecto B como [ś], es decir, ápicoalveolar, en tanto que en el dialecto A aparece el sonido [s] como realización del fonema /s/ y del archifonema /S/, lo cual significa que nada tiene que ver el seseo del dialecto A con la [ś]

final del dialecto B; son dos hechos independientes sin la menor relación y, por ello, no nos parece acertado hablar de seseo final, como hace Zamora Vicente.

Por lo que a la geada se refiere, aparece en el dialecto A, que presenta seseo, y en el B, que presenta una sola fricativa en posición implosiva. Fonológicamente supone en el sistema consonántico la ausencia del fonema /g/, que aparece en el gallego común, fenómeno que no es exclusivo del gallego, pues aparece también en alguna lengua eslava. Hay, sin embargo, zonas de interferencias, y a veces individuos aislados, en las que se superponen el gallego de geada y el gallego con fonema /g/; y, como el fonema /x/ del gallego de geada tiene la misma distribución que el fonema /g/ del gallego común, resulta que el hablante puede usar cualquiera de los dos fonemas y decir indistintamente: *gallego, jallejo, gallejo* y *jallego.*

La realización fonética del fonema /x/ de los dialectos A y B, que son los que presentan geada, no es en modo alguno uniforme, pero parece indudable que su realización es siempre fricativa y en ningún caso oclusiva aspirada como alguien ha supuesto.

El hecho de que la geada vaya acompañada de seseo en el dialecto A, geográficamente más extenso que el B, nos hace suponer que históricamente debió producirse en relación con los reajustes que dieron lugar a la aparición del seseo y del fonema /θ/ en la Península y al paso de /s/ a /x/ en el castellano, que como es sabido se gestaron en los siglos XVI y XVII.

Contenido fonologico de los fonemas fricativos

Gallego común:

/f/: fonema consonántico, no líquido, fricativo, difuso o anterior y grave o periférico.

/θ/: fonema consonante, no líquido, fricativo, difuso o anterior y agudo o central.

/s/: fonema consonante, no líquido, fricativo, denso o posterior y agudo o central.

/š/: fonema consonante, no líquido, fricativo, denso o posterior y grave o periférico.

Dialecto A:

/f/: fonema consonante, no líquido, fricativo, difuso o anterior y grave o periférico.

/s/: fonema consonante, no líquido, fricativo, difuso o anterior y agudo o central.

/š/: fonema consonante, no líquido, fricativo, denso o posterior y agudo o central.

/x/: fonema consonante, no líquido, fricativo, denso o posterior y grave o periférico.

Dialecto B:

/f/: fonema consonante, no líquido, fricativo, difuso o anterior y grave o periférico.

/Θ/: fonema consonante, no líquido, fricativo, difuso o anterior y agudo o central.

/s/: fonema consonante, no líquido, fricativo, ni difuso o anterior, ni denso o posterior.

/š/: fonema consonante, no líquido, fricativo, denso o posterior y agudo o central.

/x/: fonema consonante, no líquido, fricativo, denso o posterior y grave o periférico.

AMABLE VEIGA ARIAS
Lugo

UNHA XEIRA NOVA: OS MOVIMENTOS DE REXIONALIZACIÓN NOS VELLOS ESTADOS EUROPEUS

A actualización, en toda Europa, do tema "rexional" é unha realidade irrefugable. Durante a derradeira década dos anos sesenta a idea rexional, cun prantexamento económico e sociolóxico, foi abríndose camiño nun gran número de países do Continente, incruidos os máis centralistas e xacobinos, como Francia. Chégase incruso a prantexar si o vello conceito da nación unitaria, tal como se foi desenrolando en Europa nos derradeiros séculos, non se terá convertido nun xeito de "vaca sagra" da civilización ocidental diante da que se viñeron sagrificando durante moito tempo a libertade e as iniciativas dos cidadáns, o mismo que a espontaneidade das relacións entre istes e as comunidades naturáis de convivencia. Desa maneira, o vello estado nacional, en ves de ser o servidor das necesidades que xurden das relacións sociáis dos homes, ouxetivo primario que xustifica a súa creación e esistencia, convîrtese nun monstro arrepiante, un Leviatán, que ten que ser servido polos mismos homes. Ista aberración das verdadeiras finalidades do Estado nacional, polo menos como se viña entendendo deica agora, enxendra á súa vez un paternalismo cara as comunidades intermedias e os mismos cidadáns que leva a istes a agardalo todo do Estado, pois síntense empequenecidos diante do tremendo poder do aparato estatal. Todo elo desemboca na esterilidade e no progresivo esnaquizamento da vida comunitaria, nos nivéis intermedios, pola falla de espontaneidade nos intercambios e interrelacións sociáis. Prodúcese un xeito de enclaustramento dos homes en sí mismos, talladas as esperanzas de aituación e intertroque no seo da comunidade orixinaria e afín. A perda derivada desa situación morbosa para o conxunto das comunidades que forman os actuáis estados nacionáis non é doado describila. Pro abondará pra facernos unha idea da perda que siñifica pra unha comunidade a indiferencia e a apatía dos seus cidadáns nas empresas de melloramento e innovación social; iso desemboca sempre na pasividade e o marasmo colectivo.

Tendo en conta o devandito non é de estranar que o chamado problema rexional, ou mellor, a necesidade de rexionalizar o territorio dos estados nacionáis dende o punto de vista político-adeministrativo, axeitando a esistente división e ordeamento á realidade viva dos países respectivos, tanto no

orde espacial como no humán, ten tras de sí unha longa historia ateigada de esforzos e frustracións.

Os españóis non somos alleos a esa historia, pois a configuración xeográfica e climática da península, as diversas aportacións étnicas que nos teñen formado, e o noso acidentado proceso histórico, teñen contribuido poderosamente ao xurdimento de particularismos moi sobresaíntes dentro do conxunto hispano, non xa no económico e social, sinón, incruso, e isto moito máis profundamente, no cultural e lingüístico. Dese xeito, o feito disterencial de vascos, cataláns e galegos, resulta tan real e irrefugable, no socio-cultural, como a esistencia de Euzkadi, Catalunya e Galicia no plan puramente xeográfico. Iso non quere decir que non esistan outras terras españolas susceitibles de enxergar unha salutífera reforma rexional (pensemos en Andalucía, Aragón, as Baleares, as Canarias, Estremadura...), pro os tres casos nomeados no primeiro lugar son os máis sobresaíntes polas súas peculiares características físico-sociáis e deberan ser, en xusticia cabal, os primeiros que se atendan cando chegue a oportunidade de afrontar unha reforma en España.

Débese lembrar eiquí que a discusión do fenómeno rexionalista, carregado entón de adherencias románticas e cuns prantexamentos marcadamente folkloristas, desenrolóuse en España na segunda mitade do século XIX. O seu romantismo e folklorismo esprícanse polo rexurdimento paralelo, nas rexións disteradas, das linguas e literaturas autóctonas despóis dun longo solpor. Por forza, nas primeiras boqueadas dise rexurdir, as letras rexionáis víanse principalmente limitadas aos temas folclóricos, aos concursos líricos e á literatura que ten dado en chamarse de "xogos frorás". Os temas e prantexamentos socio-económicos non eran abordados, agás de raras e moi valiosas esceicións principalmente no xénero poético, polos escritores rexionalistas. Dese rexurdimento lingüístico e literario nutríase o rexionalismo español do dazanove e isas ideas, no que a Galicia se refire, toparon a súa espresión formal na obra do cadeirádego compostelán Alfredo Brañas, que se pubricóu no 1889 percisamente baixo o tiduo de: *El regionalismo*. Como se ve, xa nos derradeiros anos do século dazanove, cando o rexurdimento da literatura galega, sobor de todo en verso, tiña acadado un forte pulo, si o escritor de Galicia quería falar da problemática socio-económico aínda botaba man da lingua castelá, pois non consideraba a lingua propia, anque xa tuvese conquerido unha boa sona para a espresión poética, axeitada para a creación en prosa e moito menos para o tratamento dos temas económico-sociáis. Nembargante do que vai dito, o traballo citado de Brañas xa constitue un avance e superación no enfoque da problemática rexional naquil

tempo, pois trataba de estudiala de xeito abarcador con prantexamentos históricos, lingüísticos e sociolóxicos. Quedaban moi atrás dende ise intre as elaboracións pseudo rexionalistas que teimaban nos motivos folklóricos somente, baseando as súas aspiracións nos falsos alicerces dun pasado mítico (o suposto *celtismo*) ou nas versións neboentas da historia romántica (o Mariscal Pardo de Cela ou Pedro Madruga como campeóns dunha galeguidade que endexamáis sentiron nin comprenderon ises señores feudáis). Agora, a partir de Brañas, encomezan os galegos a prantexarse a problemática da súa Terra dende supostos socio-económicos.

Dende que Paul Vidal de la Blache, a fins do século derradeiro e comezos do presente, destacóu cos seus estudios de xeografía humán a importancia das facianas sociáis en conxunción co espacio xeográfico ("as causas xeográficas infruencian ao home somente a traveso do medio dos feitos sociáis"), ten ido medrando en todo o mundo o interés pola investigación da problemática espacio-rexional na súa relación cos problemas de planeamento e desenrolo. Dende uns presupostos maiormente tecnocráticos, hoxe fálase incruso, principalmente nos países do mundo anglosaxón, dunha "ciencia rexional" que desiñaría o conxunto dos estudos que tratan desa importante problemática.

Nembargante, ten sido na Francia onde esa discipliña acadóu un máis amplo e profundo tratamento, debido, sin dúbida, á magnitude dos desequilibros espaciáis enxendrados naquil país polo seu secular centralismo oficial. Jean François Gravier denunciaba no 1947, co seu libro *Paris et le désert Français* a gravedade dese desequilibro que concentra na capital gran parte dos recursos humáns e da capacidade productiva de Francia, ademáis das decisións políticas e adeministrativas da nación. Dende entón outros economistas e sociólogos franceses, entre os que François Perroux é un dos máis sobranceiros, teñen ido elaborando unha serie de estudos encol do conceito de *espacio económico* e do planeamento do desenrolo rexional, coas súas concomitancias de descentralización político-adeministrativa. Nos derradeiros catro ou cinco anos teñen proliferado no país veciño as pubricacións sobor da problemática rexional, entre as que temos que mencionar as seguintes: R. Lafont, *La révolution régionaliste;* E. Pisani, *La région, pour qoui faire?;* Y. Durrieu, *Régionaliser la France,* e a de J.-F. Gravier, *La question régionale.*

Noustante o aparente recuamento sufrido pola idea de rexionalización francesa ao ser rexeitada a confusa e aleatoria proposta do xeneral De Gaulle no referendum de abril do 1969, a aspiración de crear un marco istitucional máis axeitado á

verdadeira estrutura rexional que configura a totalidade do país sigue vixente en Francia e vaise impoñendo pouco a pouco nos demáis países europeos.

En Italia, país de tendencias centralistas ben manifestas despóis de conquerida a unificación nacional hai agora un século, a nova Constitución republicana estabelecida a seguimento da desfeita feixista dispuxo a concesión da autonomía adeministrativa e financieira ás diferentes rexións que compoñen o país. Dende o 1948 constituíronse cinco rexións dotadas de estatuto especial (Sicilia-Cerdeña, Trentino-Alto Adixio, Val de Aosta, e Friule-Venecia Xuliana) as que disfroitan dunha autonomía considerable respecto ao goberno central. No 1970 creáronse, apesares da oposición asañada dos partidos de dereita, outras quince rexións de estatuto ordinario cuios lindeiros son esactamente os mismos que tiñan as rexións xeográficas previamente esistentes: Toscana, Liguria, Piamonte, Lacio, Apulia, etc. Todas elas estarán dotadas de Parlamento local, con poder lexislativo e adeministrativo, mais non disfroitaran, nembargante, dunha autonomía tan ampla como as rexións de estatuto especial que están sinaladas polo seu carácter máis disterado do conxunto xeneral do país. Nas rexións de estatuto ordinario será da súa competencia a aprobación de leis sobor de agricultura, bosques, artesanía, turismo, industria de hospedaxes, feiras e mercados e outras moitas actividades de carácter secundario.

Nembargante as liortas enxendradas pola reación neo-feixista na rexión calabresa, unha das máis atrasadas da península ítala, encol dun motivo banal como é a rivalidade de dúas vilas que se disputaban a capitalidade rexional (Reggio Calabria, a vella capitalidade provincial, e Catanzaro, a nova capital rexional escolleita), o programa de rexionalización italiana sigue adiante pouco a pouco, mais con firmeza. A primeiros de xaneiro de 1971 o goberno italián elaboróu un calendario para a gradual ampliación dos gobernos autonómicos rexionáis durante os meses vindeiros, tal como se estabeleceron en xuño do 1970 cando foron elexidos os parlamentos das quince novas rexións autónomas de estatuto ordinario. Agardábase que a reforma estabelecida fose sancionada polo Parlamento nacional no transcurso do ano 1971. Dese xeito pasará baixo a responsabilidade dos parlamentos e gobernos rexionáis todo o que se refira aos servicios de sanidade e benestar, policía rexional, moitas facianas do sistema de ensino, planeamento urbán, transportes rexionáis, agricultura, e artes e oficios. Cóidase xeneralmente que pra comezos do ano 1972 as novas rexións autónomas xa poderán exercer a meirande parte dos seus poderes lexislativos e adeministrativos. Despóis das eleccións de xuño de 1970 as novas rexións teñen ido estabelecen-

do os seus propios gobernos e foron elaborando as súas propias constitucións que deberán ser aprobadas definitivamente polo parlamento nacional.

No Reino Unido a política rexional do goberno inglés tende a desconcentrar e descentralizar moitas actividades da esfera estatal, concedendo unha ampla autonomía principalmente nas materias fiscáis e financieiras e no planeamento económico rexional. Isa ampla autonomía abarca as esferas culturáis e educativas nas rexións históricas como Gales, Escocia e a Illa de Man (pra non falar do Ulster, ou Irlanda do Norde, cuia problemática é de moi distinta natureza). As devanditas rexións disfroitan dun estatuto especial que recoñece as súas características disteradas, tanto étnicas como culturáis, e ademáis dispoñen de parlamento propio. (Unha boa esposición da política rexional británica pódese ver na obra de G. McCrone, *Regional policy in Britain* (Londres, 1969).

Hastra na pequena Bélxica a idea de rexionalización ten conquerido abrirse camiño pra tratar de resolver o latente conflicto entre as dúas comunidades nacionáis de flamencos e walóns. A vella constitución belga, que data de 1830 cando xurdíu Bélxica como país independente, iba ser enmendada a fins do 1970 coa finalidade de recoñecer constitucionalmente a esistencia das dúas comunidades. Dese xeito, cada fato étnico terá amplos poderes autonómicos nos asuntos culturáis e no desenrolo económico rexional. Tanto os flamengos como os walóns terán, afastadamente, un Consello Cultural formado polos seus representantes no Parlamento, e tamén dispoñerán das súas propias autoridades para os asuntos económicos rexionáis [1].

Ao parecer do *Economist*, as reformas á Constitución belga poden acabar cos conflictos de tres xeneracións entre as dúas comunidades nacionáis de Bélxica, pois as vellas queixas veranse amingoadas polo feito de que cada sub-nacionalidade terá importantes poderes pra arranxar os seus asuntos económicos e culturáis a traveso dos respectivos Consellos, o cal fai decir á nomeada pubricación londinense que iso é un chanzo cara o federalismo completo [2].

A complexidade do caso belga, no respectivo ao lingüístico e cultural, derívase de que por consecuencia do prestixio do francés, dende que Bélxica conquerío a independencia, a lingua e a cultura dos flamengos semellaba condenada a desaparecer, ou polo menos a sobrevivir como unha peza de folklore local, até que os homes progresistas e culturalmente conscientes acadaron revivir a súa lingua.

---

[1] "Charter Change is Due in Belgium", *The New York Times* (20 Nadal 1979), p. 4.

[2] "Belgium", *The Economist*, vol. 237, núm. 6.644 (26 Nadal 1970), páxinas 27-28.

Por outra banda, tamén os walóns se sentían abandonados pola capital nacional e inquedábaos a súa forza mingoante. Emporiso recramaban poderes rexionáis para mellorar as súas condicións económicas. Ao cabo as demandas e aspiracións das dúas comunidades teñen sido escoitadas polos poderes centráis cando a situación íbase facendo cada ves máis arrepiante. Agora soio falla agardar que as reformas proxeitadas funcionarán na práctica coa debida efectividade.

En Francia, ano e medio despóis de ser rexeitada a reforma rexional golista, a idea da rexionalización gana terreo entre o pobo francés. Según unha enquisa da opinión pública levada a cabo polo S.O.F.R.E.S. o 15 de nadal de 1970, o 64% dos franceses amostróuse partidario da creación de rexións dotadas de poderes estensivos e o 59% chegóu hastra a precisión de que esas novas rexións deberan estar rexidas por un presidente elexido directamente por sufraxio universal [3].

Consciente desas aspiracións da cidadanía, o presidente francés Georges Pompidou bosquexóu o 20 de outono de 1970 un esquema de rexionalización gradual que se comezaría pola base. Partindo do primeiro de xaneiro de 1971 permitiríase a execución dos presupostos municipáis sin esixir a previa autorización do prefecto departamental. Nembargante, a peza mestra e privilexiada da adeministración local francesa seguirá a ser o departamento (provincia). Os prefectos e os concellos xeneráis departamentáis continuarán inalterados, anque os departamentos terán a faculdade —si a solicitan— de mergullarse en "unións" departamentáis e istas unións constituirán as "rexións" de Pompidou. Nembargante o presidente reafirmóu con posterioridade que namentras il siga ao frente de Francia, non haberá asambleas rexionáis elexidas directamente.

Pra favorecer as agrupacións de municipios ou de departamentos estabeleceránse estímulos financieiros, concedendo preferentemente as subvencións de fondos estatáis ás entidades reagrupadas.

Según o esquema de Pompidou somente se reagruparán en rexións os departamentos que o soliciten. É decir, tratarase dunha reforma voluntaria; non mandatoria, na que os principáis autores serán os departamentos tal como agora esisten. Chegará a oposición dun diles dentro dunha rexión dada pra atrancar a constitución dunha entidade rexional, por moi racional que semelle o esquema de rexionalización según o punto de vista dos departamentos restantes. As rexións non dispoñerán de outras competencias que as que recramen esplícita

[3] Josette Alia, "Le système ne marche plus", *Le Nouvel Observateur*, número (21 Nadal 1970), p. 15.

e oficialmente do Estado, o que estabelecerá previamente unha lista de limitacións.

Pola súa banda o dirixente másimo do partido radical, Jean-Jacques Servan-Schreiber, moi coñecido dende a pubricación do seu famoso *Le defi américain,* lanzóu con estrépito dende a oposición o seu propio plan de rexionalización: o *poder rexional,* que il define como o gran combate da nova xeneración [4]. Según Servan-Schreiber trátase de formar grandes rexións gobernadas por asambleas rexionáis elexidas, as que elexirán á súa vez un executivo colexiado e un presidente de rexión. Isas rexións dispoñerían dunha subvención estatal global, que se repartirá según as necesidades de cada rexión, e de recursos propios. As rexións programarán por sí mismas o seu desenrolo, financiarán universidades autónomas e emitirán empréstimos alí onde topen as condicións máis axeitadas e ventaxosas.

En fin, pódese afirmar que a idea rexional cobra cada día máis vixencia en Francia, pro, como di Josette Alia, "unha idea rexional desfolklorizada que restitúa ás etnias o seu espesor humán, e ás rexións asoballadas a súa dimensión verdadeira de "desertos" económica e culturalmente colonizados".

A misma autora pregúntase: "por qué agardar á esplosión salvaxe que se producirá seguramente cando, a forza de negar a palabra ás rexións, teráselle dado a verba á revolta e o roteiro á secesión?" [5]. Ten moita razón nos seus prantexamentos Josette Alia, pois é ben certo que os máis dos esquemas de rexionalización franceses son feitos dende unha perspectiva marcadamente tecnocrática. Nembargante, ises esquemas exercen unha sedución indubidabre sobor dos enfoques españóis desa problemática. Aínda non escarmentamos de copiar miméticamente dos modelos estranxeiros, principalmente franceses, malia as malfadadas resultas que se levan outido. Débese lembrar que o proceso de centralización español, vello de tres séculos, encomezóu a tomar pulo ca chegada a España da dinastía dos Borbóns ao principiar o século XVIII que trouxeron con eles as tendencias centralistas tan caras ao Norde dos Pirineus. Esa tendencia importada acadóu a súa dimensión cabal na reforma político-adeministrativa de 1833 que aínda rixe no día de hoxe. Paréceme que está ben ouservar o quefacer intelectual do estranxeiro, pois non é doado pechar os ollos pra non ver o que pasa darredor, e aínda débese facer bo uso do aproveitable na ceifa cultural de outras terras, pro iso faráse con moito coidado pra adaptar o de fora ás nosas peculiaridades sociáis e culturáis. Sin dúbida as solucións e os

---

[4] *Le pouvoir régional.* París, Grasset, 1970.

[5] Josette Alia, *Op. cit., Loc. cit.*

remedios apricados a problemáticas alleas non teñen por que ser fadalmente axeitados para a solución das nosas.

En España, cuias características constitutivas, (así naturáis como sociáis) procraman cecáis con maior forza que en ningún outro estado europeo a urxente necesidade dunha reforma rexional concebida conforme aos prantexamentos democráticos da hora actual que vive o mundo, non faltan os estudos e traballos que tenden a demostrar a utilidade que traguería tal reforma ao conxunto da nación [6]. Polo que respecta a Galicia, homes como Paz Andrade, Isla Couto e Beiras Torrado levan feito unha abondosa contribución, con diversas obras, ao crarexamento da nosa problemática. Outros homes, que non se nomean pra non facer prolixo iste traballo, pois a lista é moi longa, aportan o seu esforzo a esa tarefa que é da meirande importancia para a nosa Terra e hastra diría vital pra os galegos como pobo.

Cando se aboga pola reforma rexional trátase de devolver ás comunidades rexionáis o dinamismo das aitividades económicas, sociáis e culturáis que hoxe se topan atrancadas polo centralismo asfixiante do estado. Os especialistas dos estudos rexionáis sosteñen que a dimensión dos estados nacionáis, como hoxe esisten, resulta ser dunha magnitude desproporcionada pra prantexar eficientemente a problemática do desenrolo a escada rexional. Ademáis, a sobexa tecnificación da adeministración centralizada obriga a pasar por riba de moitos problemas e matices que soio se fan aparentes aos homes que viven mergullados na propia rexión, en contacto directo coa vida local da comunidade e en estreita e cinguida relación coas aspiracións e inquedanzas dos seus habitantes.

Aspírase, xa que logo, a operar con unidades espaciáis e humáns de dimensión máis manexábel pra o prantexamento do desenrolo. A formulación teórica de tales unidades distingue difrentes variantes das mismas que J.-R. Boudeville encadra nas tres tipoloxías seguintes: a) Rexión homoxénea, b) Rexión polarizada, e c) Rexión ou espacio plan [7]. Non debería ser necesario insistir que Galicia, ao marxe dos diversos contidos da súa *realidade social* que a tipifican como unha comunidade social e culturalmente homoxénea e disterada das demáis comunidades circundantes, cinguíndonos somente á noción do espacio xeográfico e aos aspectos económicos que se dan no mismo, non hai outra alternativa que concluir que o noso país constitúe unha unidade tan netamente disterada do espacio que a limita polo leste que o seu carácter de rexión natural, crara e definida, resulta sobranceiro e imponse inme-

---

[6] Véxase no meu traballo *El espacio regional en el desarrollo económico de España* (Madrid, ZIX, 1970), a bibliografía encol desa problemática.

[7] *L'économie régional espace operational*. París, 1958, p. 15.

diatamente a todos aquiles que se acheguen ao seu análise. Isto é así dende todos os puntos de vista: xeolóxico, xeográfico, climático, hidrográfico, contorno costeiro, hastra a fauna e frora. Amostra Galicia unha tal homoxeneidade, que a súa diferenciación espacio-rexional resulta indiscutibre.

Todos ises estudios e inquedanzas que se veñen desenrolando en Europa nos derradeiros tempos levaron á pretensión de formular o que algúns especialistas chaman unha *política rexional a escada europea,* tendencia que tuvo a súa culminación, deica agora, na reunión de ministros europeos de asuntos económicos celebrada en Frankfort (Alemaña) en setembro de 1970. Os responsables do planeamento económico dos estados europeos chegaron ao convencemento de que a rexionalización do espacio económico nos respectivos países ademáis de provistar un estormento de análise moi útil na tarefa planeadora, favorecerá o desenrolo das aitividades productivas e os intertroques interrexionáis. A aspiración xeneralizada, a escada europea, é a de delimitar axeitadamente os espacios rexionáis e coordinar as políticas de planeamento rexional entre os distintos países, coa finalidade de chegar a decisións racionáis en materia de planeamento económico.

Outro factor que se ten moi en conta neste movimento de rexionalización que se desenrola en toda Europa é a necesidade que sinten moitas comunidades que hoxe se topan escindidas polas barreiras artificiáis das vellas fronteiras nacionáis, de desenrolar por riba desas barreiras as relacións económicas e sociáis. Nunha verba, trátase da creación de rexións consorciadas a cabalo dos vellos estados nacionáis que servirían como chanzos pra acadar a unidade europea, pois "a medida que o esprito nacionalista se atenúa e que o esprito comunitario se desenrola, o valor absoluto e o carácter sagro da fronteira tenden a esvairse" [8]. Por outra banda, din os estudiosos, que o movimento xeneral de acercamento que tende a darlle ás fronteiras o seu carácter de taboleiro de intertroques non será detido na Europa do futuro [9]. Débese recoñecer que a Europa efectiva será a Europa das rexións. Ise é, sin dúbida, o vieiro pra deixar atrás o nacionalismo pechado e o chauvinismo [10].

Agora ben, hai que decir, dende a nosa perspectiva, que todos ises esquemas teóricos de rexionalización e planeamento rexional de que se fala, con ser plausíbeles, non son suficientes pra resolver a nosa propia problemática. En España, por riba e máis alá dun planeamento meramente técnico que

[8] J.-F. Gravier, *La question régionale.* París, Flammarion, 1970, p. 223.
[9] *Ibid.*, p. 231.
[10] Pierre Fougeyrollas, *Pour une France fédérale.* París. Denoël, 1968, páxina 205.

soio pretenda acadar unha meirande eficiencia funcional e operativa dentro dos plans de desenrolo, esiste unha fonda aspiración á reforma istitucional nas rexións disteradas. Esa reforma istitucional, pra ser valedeira e dar satisfación aos pobos afectados, deberá tomar en consideración non soio os factores económicos espaciáis sinón tamén a dimensión sociolóxica e cultural das etnias rexionáis. Pra elo será esencial que se acorde a esas etnias unha ampla dosis de autonomía na xestión de todos os asuntos atinguentes á vida da rexión. Somente dese xeito se acadará unha verdadeira rexionalización en España que trascenda os deshumanizados esquemas tecnocráticos.

Ollando o problema dende a perspectiva concreta da nosa terra galega, e falando dende uns presupostos sinxelamente tentativos neste ensaio, temos que insistir en que a reforma rexional á que se aspira vai moito máis alá dunha simple "desconcentración" adeministrativa das tarefas e organismos do Estado central, pois esto equivalería a un desplazamento das funcións burocráticas gubernamentáis, ou dos funcionarios que as executan, dende un centro capital a un punto periférico, mais o poder decisorio derradeiro e as rendas dese poder ficarían nas mans da adeministración central. Ao que se aspira é a unha verdadeira descentralización das funcións adeministrativas atinguentes á esfera rexional. Para eso, xa que logo, habería que levar a cabo unha reforma institucional ao nivel da rexión coa creación dos organismos adeministrativos axeitados pra o desenrolo desas funcións. Trátase, como dixera un estudioso hai moito tempo, "de esnaquizar a centralización absurda que afoga todas as enerxías vitáis, todas as aitividades productivas do país", pois somente dese xeito poderán ceibarse esas enerxías.

¿Cómo levar a termo esa reforma dende a situación concreta da Galicia de hoxe? Deixando ao marxe solucións ideáis, non prantexabeis na presente circunstancia (como sería unha organización federalista de España polo xeito de outros estados europeos pro cinguida á realidade histórico-social da peninsua), coido que o primeiro chanzo para unha reforma efectiva en Galicia sería a refundición das actuáis diputacións provinciáis nun organismo deliberativo e decisorio a escada rexional. A división provincial actual non ten senso histórico nin estrutural en Galicia; o que fai en realidade é dividir a potencialidade da rexión en catro partes desiguáis que se neutralizan afogando os folgos da rexión no seu conxunto. O goberno central delegaría nese organismo rexional poderes estensos pra o desenrolo da súa misión na esfera e nos asuntos rexionáis reservándose pra el todos aqueles asuntos de alcance nacional e internacional.

As modalidades de eleición dos integrantes do devandito organismo ou asamblea rexional sería unha cousa a discutir no vindeiro dadas as condicións políticas do intre histórico, pro terían que representar, de calquer xeito, os intreses e aspiracións da poboación galega, que sería a comunidade humá representada nese parlamento. O ideal, xa que logo, sería que a eleición parlamentaria fose feita por sufraxio universal dos galegos.

A presente división adeministrativa intra-rexional coido que debería ser moi reformada previa esculca da verdadeira realidade socio-económica do país. As provincias galegas actuáis non se axustan a esa realidade estrutural. Son creacións artificiáis e artificiosas, e anque xa teñen século e medio de esistencia adeministrativa non deixaron calco verdadeiro na comunidade galega. De certo son moi pequenas e non acadan unha dimensión axeitada pra organizar de maneira global as relacións socio-económicas, culturáis e productivas, como un todo operativo. Por outra banda, como divisións locáis intermedias dunha comunidade rexional cal é Galicia, as provincias teñen unha magnitude esaxerada. Coido emporiso que as provincias galegas actuáis, nunha Galicia adeministrativamente máis racional, deberán suprimirse e ser sustituidas por unidades adeministrativas intrarrexionáis de dimensión máis pequena, intermedias entre a provincia e o municipio, que poderían seguir do xeito máis natural a conformación das bisbarras xeográficas que teñen unha verdadeira vida de relación fortemente arraizada na entraña do país respectivo.

Esas bisbarras, "terras", ou distritos intermedios, compostos por un fato de municipios, poderían amorear os seus recursos naturáis, financieiros e humáns consorciándose entre eles pra o planeamento e execución, a escada comarcal, dos servicios comunáis ao seu cárrego, tales como suministros mancomunados de augas, formación de centros de ensino primario e secundario a escada comarcal que servirían as necesidades da bisbarra respectiva, roteiros comarcáis e camiños ruráis locáis, trasportes púbricos comarcáis mancomunados, estensión e reforma agraria e desenrolo de cultivos propios da bisbarra respectiva, planeamento e delimitación de áreas industriáis comarcáis, construción de obras púbricas de interés comarcal, etc.

O conxunto desas unidades adeministrativas intermedias cecáis podería chegar ao número dunhas coarenta, anque esto é puramente especulativo, xa que eso tería que ser ouxeto de estudos máis demorados e cinguidos e deliberacións nas que participarían as poboacións respectivas. Como exempros de bisbarras naturáis pódense citar a *Terra Chá*, a *Limia*, o *Voladouro*, a *Terra de Melide*, o *País do Bolo*, a *Mahía*, o *Val de*

Quiroga, As Mariñas, o *Salnés,* o *Val Miñor* e moitas outras.

¿Cómo estruturar o *executivo rexional* que dirixiría os servicios da rexión e supervisaría as funcións das unidades comarcáis intermedias? Coido que se podería escoller entre distintas alternativas tales como unha fórmula colexiada que xurdíría do seo da asamblea rexional, un goberno unipersoal elexido por isa misma asamblea, ou un organismo executivo elexido por sufraxio da poboación.

Do seo da *Asamblea ou parlamento rexional,* ou paralelo a ila, debería tamén xurdir un *Consello Económico e Social* da rexión que tería ao seu cárrego a formulación da política económica rexional. Pra desenrolar ista función axeitadamente, a rexión debería contar coa capacidade autónoma técnico-científica de estudio. Pra isto debería crearse un *Instituto de Planeamento Económico e Social* o cal, provisto dos necesarios equipamentos técnicos estaría encarregado de asesorar ao *Consello Económico e Social* e tería como unha das súas tarefas principáis a elaboración do *plan rexional,* ademáis de axudar técnicamente ás comunidades intermedias (bisbarras) e locáis (municipios compostos de parroquias), na elaboración dos plans e programas socio-económicos locáis e comarcáis.

Eis un esquema sinxelamento tentativo da nosa problemática rexional. Si me astrevo a prantexalo é no senso dunha aportación persoal pra contribuir unha migalla ao estudio da nosa comunidade. Non pretendo, nin de lonxe, que o meu prantexamento sexa o máis axeitado ou o único para a resolución da nosa problemática. Pola contra, aledaríame moito que o meu homilde traballo provocase entre os galegos que teñen inquedanzas por todos estes problemas, ou ben críticas fundadas encol dos meus prantexamentos, ou mellor aínda esquemas construidos máis afinadamente ou que resulten máis axeitados para a súa apricación á nosa realidade social. Si polo menos xurde unha ampla discusión encol deste tema vital pra Galicia, consideraría ben empregado o tempo e o esforzo adicado a este ensaio.

XESÚS CAMBRE MARIÑO
S. Juan de Puerto Rico

A TERRA DA DESPEDIDA (THE GOODBYE LAND)

José Yglesias nacéu en Tampa, Florida, Estados Unidos; é fillo dun galego e dunha norteamericá; o seu pai era de Miamán, axuntamento de Trazo, Coruña; emigróu a Cuba e de alí pasóu a Florida traballar nunha fábrica de tabacos. Como consecuencia das malas condicións de traballo enfermóu e voltóu pra Galicia, pois os norteamericáns non o querían alí enfermo, apesares de estar casado con unha estadounidense. Total que morréu esquecido nun hospital de caridade en Santiago. O fillo medróu e fíxose xornalista. Publicóu, entre outros, un estudo da revolución cubana, "In the first of the revolution", en realidade unhas viñetas da vida na Cuba de Castro. Tamén unha novela e máis este libro —o que lle deu máis fama pola tenrura da descrición e do tema—, que se chama *The Goodbye Land* (que eu propoño traducir por "A terra da despedida"). Cóidoo de interés pra os leitores de GRIAL, polo que representa de verdadeiro sobre a nosa malfadada terra. Veleiquí uns estractos.

Carlos Durán

...e o val de Dubra abriuse enfrente dc nós, verde e peteirado de casáis, unha vista encantadora no ár claro da mañá... Había casas labregas arreconchegadas, espalladas, con tellados roxo escuro, renegridos polo tempo, e a única xente que vimos eran mulleres vestidas de negro agachadas sobre rincoleiras de plantas, rapazolos que levaban burros fariñeiros pola estrada. Sicasí era bastante bonito e esplicable polo que eu tiña ouvido desde a nenez; os homes galegos deixaban ás súas mulleres nas casas de labranza e ían ás cidades ou emigraban pra facer os cartos que a terra non quería dar...

Alonxámonos do taxi e ollamos pra a estrada esborrallada que rubía outeiro arriba frente a nós; había tres ou catro ca-

sas ás dúas beiras, que semellaban tan crudas e inacabadas coma a pista roxa. Había moitas mulleres a falar, e dous ou tres picariños a brincar; ao achegármonos ollaron pra nós abraiados e somentes cando pasamos escomenzaron a falar outra vez cas súas voces de ton alto...

...a estrada non tiña lama; era firme e forte, e estaba seca, pero tiña unhas fochancas e as pedras e seixos incrustados na terra roxa facíanse sentir atraveso das solas delgadas dos nosos zapatos de cidade. As voces das mulleres perto da estrada principal logo foron inaudibles e arredor de nós e detrás, ao tornar á estrada, só había aucalitos e piñeiros: a quietude inspiradora da poesía do século dezanove reinaba arredor de nós e facíanos vacilar e marmurar coma se todo o campo poidera ouvirnos ca nosa rudeza da cidade. Os cheiros misturados de piñeiro e aucalito facían o ár fresco aínda máis fresco e non se podía por menos de deterse e encher os pulmóns co el... Non era de estranar que o meu pai crera que, se podía voltar aquí, quedaría sandado da doencia que collera no país quente e chan da Florida, no mundo confinado e sen ár da fábrica de tabacos... En Rosalía o perfume destes piñeiros espertóu "tolos, estranos desexos"; en nós o fantástico senso de que con cada paso ao longo do camiño retorto e empinado os séculos ían caíndo pra atrás. Estabamos perdidos no tempo... até que chegamos ao fin do piñeiral, e alí, enmarcada por arbres polas dúas beiras do camiño, cuias ramas se atopaban no curuto, había unha paisaxe medieval: a eirexa no lugar máis alto, atraveso dos campos abertos, e embaixo dela, coma se agardaran polo val, as casiñas arrecunchadas dos labregos.

Ollamos a escea; os nosos ollos voltaban á torre da eirexa despóis de cada ollada, e eu tiréi, coma na oficiña de turismo, a fotocopia dunha declaración escrita en tempos polo crego da aldeia, na cal testemuñaba o feito de esistir, no rexisto da eirexa de San Gabriel de Miamán, unha páxina na que está escrito que: "Eu, don Andrés Pedroso, cura párroco, teño bautizado solenemente este serán do 28 de xulio de 1890, co nome de Xosé, un neno nacido esta mañán á alba, fillo lexítimo de Xosé de la Yglesia e Dolores Andeiro, naturáis e veciños desta parroquia...".

...dúas rapazas subiron pola estrada; baixaran dun camiño que descía do piñeiral e xunguíase ao noso, que rubía, xusto máis aló do marco de arbres. As rapazas eran baixas e repoludas, de meixelas rosadas, e ollaron pra nós con cursidade aberta. Sinaléi a eirexa no outeiro e preguntéi se era San Gabriel. ¡Sí!, dixeron, coma preguntando cómo o sabía eu, e denantes de camiñar pra diante, amosándonos as súas pernas rosadas, cheas de sabañóns, e os seus zapatóns de home, dixé-

ronnos que o señor cura párroco morrera facía uns meses. Ven un de Trazo todos os domingos, pero pódelle preguntar ás criadas do abade na casa.

Marcharon aos tombos enfrente noso, cas testas abaixadas, agardando pór máis distancia entre nós antes de se ensarillar nunha conversa sobre nós. Nós quedámonos atrás pra lles dar privacidade, coma se aquel campo aberto, o val detrás noso e os outeiros arriba, foran unha pequena habitación abarrotada...

A eirexa non só estaba pechada, senón que semellaba sen usar, e os seus valados de pedra estaban desgastados e renegridos, e as herbas crecían nas rachas; onde a pedra chegaba ao chan mollado, xurdía mofo verde. Entre a cancela e o portón, onde a auga tiña abrollado misteriosamente, unha lousa de pedra estaba empotrada no chan; a inscrición decía que eiquí fora soterrado don Andrés Pedroso, cura desta parroquia; don Andrés, o home que bautizara ao meu pai e asinara os papéis bautismáis que eu levaba na man. Morrera había trinta anos e ollamos a pedra desgastada e a lama e preguntámonos se atoparíamos outra coma aquela, do meu pai e máis da vella.

As casas alén do vieiro lamento frente da eirexa semellaban unha serie de cabanas; non podía recoñecer porta dianteira, ningún sitio onde se poidera petar. Decidín seguir o son golpeteiro que viña de detrás do outro valado, pola banda máis alonxada da eirexa. Conducíunos a un camposanto, non coma os cimeterios de eirexa da Nova Inglaterra, senón un pequeno patio enfechado, en cuios altos valados estaban os nichos pra soterrar. Un home estaba no medio do patio a desbastar unha pedra e, coma non miróu pra nós fixemos a ronda dos valados a pescudar o nome da miña aboa. Había moitos nomes da miña familia, pero, ou non estaban escritos da mesma maneira, ou estaban combinados con outros descoñecidos, de xeito que eu non podía decir, sí, esta é a miña aboa, ou a miña tía, ou o meu pai. Tornéi pra o home que estaba a escachar a pedra e cando miróu pra min decatéime que non o fixera denantes porque estaba tan consumido pola cursidade que non se fiaba de sí mesmo pra manter a súa dinidade.

Non era de Miamán, e a pedra que estaba a traballar era o cabezal da tomba do crego que morrera había seis meses. Díxonos que o abade de Trazo, a súa aldea, estivera alí aquela mañá, domingo, pero que xa se fora. Non lle aconsello que fale coa marmota do vello crego se quer información —dixo cun sorriso, escusándose—. É unha vella e... xa sabe.

Contéille a miña historia —ía contala máis outras tres voltas aquel día —e pedinlle consello sobre con quén falar que poidera lembrar ao meu pai e á vella. Miróu pra min fixa-

mente e levóulle un pouco bo responder. ¡Entón vostede é un americano e o seu pai era de Miamán! —dixo, deixando a dinidade. Ao cabo díxome que a casa a cuia beira tiñamos caminado pra chegar á eirexa, era unha taberna e que o dono, sendo de Miamán, poderíame axudar. Chocamos as mans e ao sair pola estreita abertura no valado do camposanto, a miña muller sinalóu un nome nun dos nichos novos e brillantes, perto da saída. Decía Dolores Andeiro, pero aquel era o nome de solteira da miña aboa, logo non podía ser ela.

...petamos e petamos e un home de edade madura saíu dunha habitación interior e abríu a porta. Vendeunos, despóis de conferenciar sobre as súas esistencias, unha cervexa e unha gaseosa, ningunha delas, por suposto, fría.

—Son americán —dixen— e o meu pai nacéu en Miamán. E aquela espresión encantada chegóu á súa faciana coma á de todos os que lle contéi a historia en Galicia...

—O malo é —dixo o vellorro— que eu non nacín en Miamán e somentes vivín aquí uns poucos anos. Eu sonlle de Tordoia —engadíu, e non esplicóu, pois eu podía ver que todo o mundo sabe onde é Tordoia.

—O meu pai morréu en 1931 e a miña tía dous anos máis tarde —dixen eu— e logo só quedaba a vella.

—Fai tanto tempo —dixo—. Todo iso pasóu denantes de nacer eu... Ten que falar con algúns vellorros. Na primeira casa monte abaixo hai un vello. Chámase Eliseo Carballo e é moi vello, pero el acordaráse.

...enfrente de nós estaban as leiras de millo a agromar, e trigueiro novo, e demasiado lonxe pra chamar había unhas mulleres e uns homes encorvados no traballo. Os primeiros a quenes acenamos non respostaron pero endereitáronse. Logo outros endereitáronse tamén, e finalmente un saudóu e os outros seguiron o exemplo. Pero ningún víu.

...o vieiro findaba no curral da primeira casa, a un nivel de tres ou catro pes porriba, e nós tivemos que descer aos tombos polas escaleiras improvisadas de laxes de pedra... somente había espacios de terreo trillado ou vieiros entre as casas, con auga cando non lama e pó. Dunha distancia toda esta lama, e leña a podrecer, e pedra labrada, parecera en tons de cor dunha paisaxe fascinadora; de perto —e ao agabear pra baixo das laxes de pedra, dos campos verdes, fíxonos encararnos abruptamente ca realidade— era unha solpresa horrorizante... só estruturas coma cabanas con cobertos sostidos por estacas apodrecidas espetadas na lama, e máis aló había aberturas nas construcións que semellaban bocas de covas... pra riba dun vieiro, máis aló do curral, estaban dúas mociñas, cada unha termando dunha xunta de bois que turraba por

carros baixos e abertos, carregados con rozas de toxo con frores. Os carros enchían o espacio entre as casas e os bois movíanse pra diante despacio, pois aínda que as raparigas levaban aguillóns nas mans, non tanguían aos bois con eles. Bois e mociñas ollaban pra nós con ollos enormemente abertos e cando tiréi da cámara e saqueilles a foto, as rapazas sorriron e a máis vella adiantóuse. Levaba botas altas até os xionllos, pano, un vestido ordinario e pendentes a trompilicarlle das orellas.

Díxenlle que percuraba ao señor Eliseo Carballo; ela sinalóu a primeira casa e dixo que non estaba alí hoxe; logo eu díxenlle por qué o percuraba. Era unha rapaza intelixente e non se permitíu facerse a impresionada pola maravilla da historia; miróu pra o chan pra considerar cómo me axudar millor. A máis pequena díxolle algo nun galego tan pechado e non familiar pra min que eu non lle collín o senso e a máis vella abaneóu a testa impacentemente...

—Agarde un instantiño e déixeme coller á miña nai. Entróu na primeira casa e así soupen que era a neta de Eliseo Carballo. A súa nai debía de estar a ollarnos, pois saíu imediatamente; parecíase á nena máis nova e tiña a mesma espresión abraiada, incrédula. Volvín a contar a miña historia...

—Vou levalos á casa dunhas persoas que se chaman Andeiro... O vello daquela familia é moi vello, inda máis que o meu abó. Ten que se acordar, esceuto que é moi vello.

Entón seguímola polo vieiro, polo que rubira cos bois, e eu díxenlle qué belido era Miamán.

—É moi feo en inverno —dixo—. Incluso agora non podemos calzar zapatos como se debe. Eu notara cómo ela notara os zapatos da miña muller, ao navegarmos por aquela lama, e sinalaba os sitios menos lameirentos pra que a miña muller fora por eles. Ao cabo do carreiro, antre as casas, un grupo de rapaces estaban a xogar cun can, e as súas roupas e pernas e brazos estaban cobertos de lama seca. O can afurricóu na lama, cunha bonequiña nas fazulas, e a rapariga chamóu a un dos rapaces pra llo facer ver. Aos rapaces non parecía preocuparlle e cando voltéi a ollar o can, miréi que o ouxeto blanco e peludo na súa boca non era unha boneca senón un cazapiño morto.

...enfrente dela había unha eira, de cara ao sul e chea de sol. O chan era seco e verde, con herba, e no medio, abarcando a eira cos seus ramallos, crecía unha maceira xigante. Nos estremos da eira había máis maceiras e cereixeiras e nun cabo miramos o tradicional hórreo: unha encantadora cabana con paredes raxadas, encurutado nuns zancos sobre o chan e usado pra almacenar a semente...

Dúas persoas viñeron á porta. Primeiro un rapazolo adolescente que ollóu pra nós con grandes ollos castaños, tan tristeiros e chamadores coma os dos bois; os seus pantalóns e camisa estaban cheos de mendos, pero moi limpos, e escomenzaban a quedarlle pequenos. Coidéi que a muller que o seguía era a súa nai; coma as mulleres aldeáns que virámos, levaba un pano negro pra facer xogo co seu vestido, e zamancas. Cunha ollada lisgaira e un pequeno aceno apercibíu a imaxe abraiante dos estranxeiros máis aló da súa porta... A rapaza... falóu en galego, e así somente de cando en vez collín anacos da súa esplicación da nosa presencia... A muller viróu cara o rapaz e deulle unhas instrucións rápidas, e díxonos que entraramos...

—O meu pai está deitado; ten que se deitar porque lle falla a respiración, pero vou falar co el e ha salir...

Máis aló había unha habitación grande, en penumbra, con teito alto no medio e apaisado polas beiras, de xeito que a pasaxe pequerrecha á outra banda era máis pequena que a muller. Non había fiestra que se poidera mirar; entraba unha raiola de luz do curruncho de diante, pola outra parte da pasaxe de entrada: aquilo indicóunos que había unha abertura naquelas paredes grosas. Enfrente de nós e imediatamente pra alá da pasaxe había unha mesa de madeira sostida sobre uns cabaletes, e, esceuto dous longos bancos e tres banquetas de madeira que ela sacóu dun curruncho, non había máis mobles na habitación. As tres cadeiras eran, sen dúbida, o orgullo da casa, e púxoas perto da entrada, onda nós...

Subíu catro escalóns nunha esquina escura da parede interior e puxóu unha porta pra a outra habitación da casa. Ouvimos os seus zocos pesados a peteirar no chan denantes de pechar a porta detrás dela e decatámonos entón que esta grande chambra na que nos sentabamos non tiña chan de madeira. Era terra apretada, tan escura coma as paredes, pro non tanto coma o teito, negrecido polo fogo da lareira. A coarta parte da habitación estaba collida polo lume a chirrisquear na laxe, no outro estremo diagonal de onde estabamos nós; tres potes de ferro enormes penduraban sobor del dende o teito baixo, que formaba unha chimenea alí... Unha bombilla penduraba dun arame alén da mesa.

...ela espricóu que era de Páramos, que o petrucio que logo ía sair era o seu sogro.

...había xente de nome Seixas en Páramos.

—¿E logo usté víu da América? —e xuntóu as mans e persinóuse.

...espriquéi que o meu pai esperara voltar a nós, que eramos moi pobres, a miña nai e toda a familia de Tampa, en Florida, e así nunca o volvemos a ver.

—¡Pobriños! ¡Pobriños! —dixo en galego—. Os seus ollos enchéronse de bágoas polos fillos do meu pai e erguéu as mans grosas e rudas pra cubrir a boca.

—¿E este é o seu fillo? —e inclinóu a testa—. E a súa dona ¿sabe galego tamén? Dixen por ela que o entendía pero que non o falaba. Ouh, non nos entenderá porque non falamos ben o castelán, e terá que perdoarnos pola nosa iñorancia.

O vello baixóu as escaleiras pola parte de atrás da habitación con moito xeito, tomándoas unha a unha, e tan pronto como chegóu abaixo virói a testa e buscóunos... Erguémonos pra o saudar e a muller dixo:

—Meu pai. E el dixo:

—Carlos Andeiro Piñeiro. Vestírase no que era, sen dúbida, o traxe dos domingos: a chaqueta non facía xogo cos pantalóns e os moitos remendos nin con unha nin cos outros...

Enfraquecera ca edade; a pel da cara estarricábase delgada porriba dos ósos, e a súa cor, un gris pratexado e roxo motexado, amosaba que a curtez de alento era cousa dunha afeución cardíaca. As súas cellas semellaban perpetuamente erguidas pra lle permitir axexar no mundo e os seus ollos eran dun azul poallento, indeterminable, coma os dun bebé: sabíase que dentro de nada tomarían o matiz final.

Cos papáis bautismáis na man díxenlle máis outra vegada a historia, e cando eu paraba el acenaba e respiraba fortemente...

Eu empecéi a falar pra encher o silenzo, e o vello dixo debruzándose un chisco coma se soupera que a súa voz apenas se ouvía:

—Dixo que os nomes eran...

Linllos dos papéis bautismáis, aínda que xa os sabía de memoria. Asentíu e voltóu a se encadeirar.

—¿E usté é de Cuba? —dixo, e sorríu pra sí.

—Non, dos Estados Unidos. Está ao norte de Cuba. E voltéi aos detalles e díxenlle cómo o meu pai emigrara pra alí e logo cruzara pra a Florida. Cando findéi a historia pola segunda vez estivemos en silenzo outra volta. Eu miréi arredor pra a miña dona e fillo. Non sabía cómo erguerme e marchar.

—Dolores Andeiro... —dixo o vello.

—Ese era o nome de solteira da miña aboa eiquí en Miamán. Cando se casóu pasóu a ser Dolores Yglesias —dixen eu.

A súa cara perdéu o que tivera de recoñecimento e voltamos ao silenzo.

A muller chamóunos:

—Ten setenta e sete anos, ou secadra setenta e oito.

Seguíu outra vez un silenzo decepcionado...

—A miña tía Dolores tiña un fillo e foise ás Américas, e cando voltóu estaba moi enfermo.

—¡Aií!, ¡aií!... —dixo a nora, e persinóuse coa man que non tiña o tanque—. ¡É un milagre!

—...pero púxose millor e voltóu á América morrer alí.

—Pois logo no puido ter sido o meu pai —dixen eu, e levéi a impresión de que o vello simplesmente me estivera a decir o que lle eu dixera denantes e que tiña trabucado as cousas sen se decatar...

Aqueles ollos bretemosos non querían ollar pra min máis; miróu pra o seu seo e acenóu...

—¡Non! ¡Non! —berróu alguén na entrada, e vin unha mulleriña que debía ter estado alí de pe namentras que o vello falaba. Ten esquecido: o fillo da tía Delores morréu en Santiago. Non foi á América, ¡foi ao Espital de Santiago!

Logo o petrucio era o curmán do meu pai, penséi, e erguinme...

—Non se vaian —dixo—... Mandéi ao Calriños buscar á miña nai. É máis vella ca el, o meu pai, pero a súa memoria é millor. Ela poderá decirlle...

Tiña os ollos grandes, vivos e marróns, e dentes fortes e blancos; miróu pra nós atrevida e con curiosidade; non paróu de se botar pra diante, nunha posición que a facía semellar querer pedir perdón por cada movimento. Miróu dun ao outro de nós baixo cellas espesas que se atopaban na ponte do nariz e logo tiróu o sombreiro de palla que levaba porriba do pano negro atado debaixo do queixo...

Viróuse rápida pra mirarnos outra vez e decateime de que estaba en guarda esperando o intre en que nos decatáramos que ela non se podía endereitar, que era chepuda... De sutaque estourou:

—¡Sei ben que parezo unha muller de cen anos, pero caín fai moito tempo e apañéi un trancazo no lombo que me deixóu así!

A outra muller persinóuse outra vez. Eu erguinme e dixen:

—Pode que todos sexamos primos.

E Ana voltóu a se persinar.

—A miña nai hase lembrar. Ela é a que ten boa memoria —dixo a chepuda, e eu voltéime a sentar. Sabe, nós os labregos sómoslle un pouco parviños. Non sabemos tanto coma debiamos.

E Ana voltóu a decir:

—Terá que perdoar a nosa iñorancia. Pero había algo no seu xeito de decilo que parecía coma se se contradecira e pedira perdón pola súa cuñadiña chepuda.

Ana e a mulleriña decidiron que nos era incómodo estar dentro do coarto. Facía frío alí; na eira daba o sol e sería millor. Erguémonos e elas colleron as cadeiras —a nós non nos estaba permitido levalas— fora á eira. Outra vez a dozura do

ár; ilóxicamente, misteriosamente, fíxome sentir que sí, secadra esta xente eran os meus curmáns. O meu fillo Rafael corréu atrás dun canciño lanudo e as pitas cloquexaron escapando do seu camiño. Unha meda de palla dourada estaba onde o sol sempre poidera dar nela e eu decatéime dun carro carregado até os topes de toxo espiñento con froriñas marelas que tiñamos visto medrar por toda a parte do camiño desde a estrada. Había no chan, debaixo da maceira, un cepo groso; un lugar maravilloso pra se sentar, pero as mulleres estaban todas preocupadas polo meu traxe tan fino.

—¡Non! ¡Non! —berróu a chepudiña cando me dirixín a el; e fíxome sentar na cadeira da cociña, de lombo erguelto, que ela trouxera pra a horta. Xunto á vella estaba o rapaz dos pantalóns remendados. Os seus ollos enormes e marróns eran esactamente coma os da chepudiña, pero el parecía pendurar pra atrás, mentras que ela semellaba sempre proieutada pra diante.

—¿Qué hospital? —preguntéi eu.

—Somentes había un espital —dixo a chepuda— e agora é o Hostal.

—¿Non un asilo? —dixen.

—¡Sí!, ¡sí! —escramóu a vella máis vella.

Eu levéi unha decepción, e tamén Ana; pero a chepuda máis que ninguén; ela quería que nós foramos familiares e as respostas insatisfactorias facíana impacente, de xeito que non se podía estar queda de pe.

—Aquí, aquí —dixo coma pra me distraguer— esta é a miña filla— e empurróu pra diante unha das rapaciñas que estiveran a xogar no camiño enlamado. E sinalando ao Calriños: —é o meu fillo.

Eu asentín e dixen:

—El é coma usté e ela é coma seu pai. E a chepudiña ríu con vergoña. Cando a neniña non podía ouvir, dixo: Eu son unha moza solteira...

—Tes que tirarlles unha foto —dixo a miña muller.

Pero eu tiña vergoña e dixen:

—E esta Dolores Andeiro e o seu fillo, ¿viviran aquí?

—¡Ou, non! En Fonfría —dixo a tolleita—. Vivíu aquí hasta que se casóu.

—O seu home apelidábase Yglesias. E tamén tivo unha filla.

—Esa víu despóis —dixo a vella, e chouqueleóu. Tiña un peito débil, a Remedios.

...Tiréilles a foto... Cando me erguín eles tamén o fixeron, e detrás deles, por detrás da esquina do carro cargado, achegábase un home cuio ár díxome que era o amo da casa. E os

seus ollos profundos e escuros, pómulos saíntes, cabelo castaño escuro, dixéronme que era irmán da chepuda, o fillo robusto e maduro do vello esmirriado que aínda estaba pousado na cadeira debaixo da maceira. Estendéu a man e dixo:

—Carlos Andeiro, pra servilo, e sorríu; por un intre fíxose tímido coma o seu sobriño adolescente. A súa man era enorme, e aínda que non fixo forza, o seu apretón era entumecedor.

Contéi outra vez a miña historia e todos ficaron de pe en rolda pra escoitala outra volta máis. El era o amo da casa e eles agardaban a que falase.

—¿Logo víu de Cuba? —dixo.

Espliquéi outra vez. Non parecéu decirlle nada aquilo. Todos quedamos outra vez deceicionados. Logo dixo:

—¿Non conoce á prima Esperanza, da Habana?

—¡Esperanza! —berréi eu: era a filla do tío de meu pai, con quen estivera na Habana de rapaz...

—A prima Esperanza, claro —dixo Carlos Andeiro. Estivo aquí. Víu visitarnos e quedóu aquí. Espere que lle vou traguer unha foto dela.

O nome de Esperanza era o primeiro feito que esta xentiña encantadora me tiña proporcionado sin que llo poidera ter dito eu. ¿Era coincidencia? Todos agardamos, pero todos estabamos seguros. Ana santiguóuse. A chepudiña ceibóu unha risa, de sócato. Co índice dereito trazóu a liña das cellas espesas e sinalóume a min:

—Coma o meu irmán. ¡É a marca dos Andeiros!

—¡Sí! ¡Sí! —dixen eu, querendo crer.

Carlos Andeiro baixóu cunha foto vella, incrustada nun marco gris de cartón. Era unha fotografía de estudio, conservada perfectamente medio século. Non de Esperanza, senón dun mozo de pe, xunto á cadeira, sen barba que se notase na cara, cun colo alto blanco, un traxe de xastre, con catro botóns na chaqueta, e na man esquerda un sombreiro de palla, entre o pulgar e o índice, coma se fora a botalo coma un "boomerang"; Carlos Andeiro púxome a foto no seo e dixo:

—Este é o fillo da tía Delores.

Nunca mirara aquela foto, pero conocía ao home: era meu pai. Inclinéime sobre a foto contendo un indescritible desexo de bicala. Cando erguín a testa todas as caras ollaban pra min con ansia.

—¡Primos! —berréi, pra non chorar, e fun de un a outro bicándoos e abrazándoos, inclinándome moito pra bicar á chepudiña.

—Eu son Asunción, ¡Asunción! —dixo; e voltéi pra a muller que nos levara á casa e dixen:

—E ti és...

—Ana —dixo, e as bágoas arreventaron e correron polas meixelas. Carlos Andeiro puxo as súas mans enormes nos meus hombreiros e dixo:

—¡Primos!

Funlles pedindo os nomes pra apuntalos e non esquecelos, e cando cheguéi a Asunción sentino, pois recitóu o seu nome de moza solteira sen apelido de casada. Non demoréi e tornéi a Ana:

—Ti es Ana Andeiro, ¿non sí? Abanóu a cabeza:

—Eu son Ana Feixó.

—Pero és...

—A miña muller —dixo Carlos Andeiro.

E espricáronme o misterio de por qué a miña aboa sempre mantivo o nome de solteira.

As mulleres de Galicia non adoutaban os nomes dos maridos. E así aquel nicho no valado do camposanto, sería da miña aboa.

—É moi pouco que ofrecerlle —dixo Ana Feixó tornando ao formal "usté", en vez do familiar "ti"—, pero ¿tomará uns ovos connosco?...

—¿Non se poden quedar? —preguntóu Carlos Andeiro, aínda tratándome de "usté", coma se non me amosara a foto do fillo da tía Dolores e non me agarrara dos hombreiros e me chamara curmán.

Impresionóulles moito que alugara un taxi; era difícil decir algo que non lles fixera sentir o estraordinarios que eramos nós, os americáns...

A eira estaba chea de luz e de sol e o cheiro da palla e a terra a secar; os meus curmáns miraron pra min e sorriron...

Carlos Andeiro esplicóume que a miña aboa nacera alí e alí vivira hasta que se casara.

—Esta é a casa principal dos Andeiros —dixo con orgullo. Os abós, os abós dela ou quizaves os pais dos seus abós foran os primeiros en instalárense nesta casa. Pertencéu aos Vales e aínda se conoce coma a casa dos Vales...

Asunción interrompíu:

—A tía Delores trasladóuse de Fonfría máis tarde. Mercara unhas terras en Nodar —e botóulle unha ollada rápida ao seu irmán Carlos, e logo apuróu coma pra cobrir as súas pegadas: ¡porque tiña que facelo, por iso foi, e alí foi onde morréu, en Nodar!

...entróu un home moi magro, sen afeitar, a pel sobre os pómulos saíntes con tan pouca carne que os ollos estaban asentados en vans profundos. Sorríu en anticipación e atravesóu a eira rápido cara a min. Era tremendamente esquelético. Púxome un brazo darredor. A súa face era unha calivera a facer carantoñas.

—¡Ramón, home! ¿Cómo estás? —dixo.

Os outros berráronlle:

—Non, home, non: é o neto da tía Delores.

—¡Non! —dixo aquel home; e botóuse un pouco pra atrás, pra mirarme millor, pero mantivo o seu brazo no meu hombreiro e unha man na miña.

—Eu coidéi que eras o irmán de Esperanza.

A súa voz era amable e eu sabía que o meu pánico causárao o recoñecimento inesperado daquela face demacrada: era a do meu pai no cabezal do leito do hospital da Habana, borrada polos anos, lembrada só pola sensación da súa barba que picaba. Abrazámosnos e el aledóuse moito...

—Eu fun a Cuba despóis de voltar teu pai. Estaba enfermo de parálise e cando eu volvín en 1929 el xa morrera.

—¿E ti es?

—Xosé Sabell, primo carnal de teu pai.

—Outro primo —dixen, e todos se precipitaron a decirme que tiña moitos máis. A miña aboa era unha de seis fillos e Miamán estaba cheo dos meus familiares...

—¿E os Yglesias? —preguntéi, pois ninguén dixera cousa deles. ¿Hai parentes de meu abó en Miamán?

Miráronse uns aos outros:

—Non, desa familia todos marcharon ou morreron...

Asunción, a chepudiña, foi a primeira en esclamar:

—¡A tía Delores preocupábase pola túa nai e polos seus netos en Norteamérica! "Ouh, os meus netos, os meus pobres netos", decía...

A vella berróu algo nun galego tan escitado que eu non puiden comprendelo.

—¿Qué dixo? —preguntéi, e Asunción reprendéu a súa nai, facéndolle acordar que debería falar castelán.

—Por favor, perdónea —díxome...

Sentéime no cepo. Todos falaban a un tempo. Non querían que me sentara no cepo e tiña que coller unha cadeira das boas...

—Era unha muller viva, moi alegre e traballadora —dixo Carlos Andeiro falando de miña nai. E pra animalo dixen eu:

—E tuvo un fillo e unha filla chamados... —non me lembraba do seu nome.

—Remedios Andeiro —dixo Carlos.

—Remedios Yglesias —correxín eu.

Carlos abaneóu a testa:

—Remedios nacéu cando a tía Delores era viuda. Cando a tía Delores era unha moza solteira outra vez. Sorríu e ollóu pra min coma decindo: "Nós os homes sabemos destas cousas: é culpa nosa".

—Sí —dixen eu, sen saber cómo responder doutra manei-

ra. Remedios morréu dous anos despóis do meu pai, e esa foi a última vez que ouvimos falar da miña aboa.

Carlos non dixo nada e a súa face non decía nada tampouco. Eu acordéime do que lle quería preguntar cando me sentara no cepo:

—¿Por qué non nos volvéu escribir a miña aboa? A miña nai escribíulle moitas veces e nunca recibíu resposta.

Carlos miróu pra un lado, e os demáis, coma el, parecían non saber o que decir...

—Pois supoño que sabes que a tía Delores non sabía escribir —dixo Carlos— e foi o seu cuñado, meu tío, quen escribíu as cartas e leu as contestacións. E cando morréu supoño que non había ninguén. As mulleres non saber ler nin escribir, ¿sabes?

Asunción tiña o seu xeito de contradecilo:

—A tía Delores tiña que traballar moi duro. Tiña ao Claudio e ao Gustavo pra criar tamén.

Preguntéi quénes eran o Claudio e o Gustavo, e eles quedaron abraiados.

—Os teus primos carnales —dixo Carlos.

—¿De Remedios? —dixen.

—¿Non conoces a Claudio Balán e Gustavo Andeiro? —díxome, e miróu que eu non os conocía, e miróu pra min outra vez e tamén miróu que eu non sabía que un era fillo de solteira. Entón engadíu: Cando o seu home morréu, Remedios tuvo a Gustavo, anos despóis. Coma a tía Delores. E viróu a testa pra un lado e sorríu outra vez, con dór desta vez, coma se sospeitara que donde viña eu a ilexitimidade non era cousa boa.

...—¿Pero vós parades en Santiago e non conocedes O Gran Derby? —dixo Carlos.

—¿O Gran Derby? —dixen eu, e sacudín a testa.

—O Gran Derby é de Gustavo Andeiro —dixo—. Todo o mundo o sabe. Pregunta a calquera ónde é O Gran Derby e vai mirar ao teu curmán Gustavo. Cando nós imos a Santiago sempre paramos alí. E ti tamén deberías facelo. Non deberías de gastar os cartos nunha pensión. Paróu e puiden ver que se lembraba que nós eramos ricos, e logo engadíu: Ou nun hotel.

...Carlos díxome que O Gran Derby era un bar e restaurante con habitacións amobladas arriba. A súa irmán Asunción riuse del:

—¡Probablemente paran no Hostal!...

Eu meneéi a testa pra indicar que non e ela quedóu perplexa; máis tarde preguntóu con curiosidade cómo podía ser que ningún de nós levaba reló de pulseira: ¿é que non os tiñamos?...

—¿E o outro? ¿Ónde está o outro curmán meu? —dixen.

—¿Claudio Balán?

Asentín.

—Claudio vive en Nodar. Ten unha taberna e moita terra —Carlos calóu. Logo continuóu: Hai que ter moita terra eiquí pra colleitar dabondo. Pero está toda espallada: algunha nos montes, outra no val; a redistribución cambiará todo iso e ao millor teremos tratores...

—¿E a miña aboa tiña dous nenos que criar despóis de morreren meu pai e a súa irmá? Miréi pra Carlos pra ver se respostaba.

—Era viva, a tía Delores —dixo a vella— e traballaba moito.

—Claro, Claudio xa era un mozo... —dixo Carlos.

Asunción non lle deixaba que lle puxera boa cara ás cousas:

—Pero cando o exército o levóu pra a guerra ela tuvo que labrar sola toda a terra. Gustavo Andeiro non era máis que un rapaciño entón, e solo valía pra ter man do gado. Tía Delores tuvo unha vida dura.

—É certo —dixo Xosé Sabell, e Carlos non o negóu. Parecía pensativo e asentíu ca cabeza e miróu pra o lonxe...

Era un recuncho perfeito, o se se percuraba na adolescencia, lonxe da familia, un lugar pra ler nas tardes longas. A eira daba ao val: era un día claro e eu podía mirar hasta a estrada a tres quilómetros, e pra as montañas na outra beira. Máis alá do piñeiral polo que pasaramos estaban os tellados roxos das casas antre as arbres.

O vello quedóu na súa cadeira, abraiado polos acontecimentos do día. O xantar estaba pronto agora. A muller miróu pra nós con ar humilde, coma escusándose, e dixo:

—Solo é un pouquiño de comer. Outra vez tratarémolos millor. E miróu pra a miña dona ca cabeza baixa, coma pedindo perdón.

Ana Feixó servíunos unha tortilla, chourizos fritidos e cuncas de viño do país espeso. Trouxo unha bola de pan de molete e Carlos cortóu unhas grandes rebandas, apoiando o pan no peito.

—Este pan está delicioso —dixen eu. E aquilo foi demasiado pra Asunción, a pequena chepuda:

—¡É pantrigo! —berróu coma pra probar unha demostración. Voulle ensinar o que comemos a maior parte do inverno cando se acaba o trigo. Fixo unha careta pra Ana Feixó que quería decir: "Xa lles amosaréi, xa que son tan ricos, o que é a probeza". E trouxo unha bola de pan de millo: Está feito de millo, como lle damos aos porcos.

O pan pesaba coma unha pedra...

Ensináronnos os bois. A miña muller aloumiñóu un, que

se erguéu enseguida pra nos servir: tal era a espresión dos seus ollos escuros e cansos...

—Traballan moito... —dixo Ana Feixó, e ríu cando lle diximos que eran bonitos. Tocóulle no brazo á miña muller: Se fixemos algo mal, se vos ofendemos dalgún xeito, perdoádenos. Somos inorantes e non sabemos o que hai que facer. Logo quedóu parada, a persinarse e a chorar...

Cando voltamos a Santiago fun percurar O Gran Derby. Na placiña de San Lázaro, onde está o bar-restaurante "El Gran Derby", non podía entrar o coche.

Detrás do mostrador había un home pequeno e magro, pálido, enrugado de preocupacións. Paguéi decontado o que me servíu, e sorprendéulle: debéuno atribuir a sermos estranxeiros. No bar había un obreiro e unha rapaza de pelo roxo, que nos ollaron con interés.

—¿Usté é Gustavo Andeiro? —preguntéi, e sorprendéuse.

—Sí...

—Eu son o teu primo da América. Dinlle a man e el estudóume pouco a pouco por se estaba bébedo.

—Se usté o di... —encolléuse de hombreiros e fixo unha carantoña pra a parexa presente, coma decindo: "Este tolea".

—¿E ti sabías que o teu tío tiña familia nas Américas?

Miróu pra o chan con vergoña, por non ter pensado naquel asunto denantes:

—Teño que decirlle que non o sabía. Pero non saíu de detrás do mostrador pra me abrazar. Por fin preguntóume:

—¿E qué estás a facer en España?

Contéille. Por fin dixo, desentendéndose:

—Eu non sabía nada. Era demasiado pequeno.

O interior daquel bar deprimíume, coma o recibimento do meu curmán. Bruscamente Gustavo mandóulle á filla ir buscar a nai, nun ton perentorio que facía natural a obedencia. Falóume do seu padriño, proteitor seu, polo que tiña grande respeito, e a quen chamaba simplemente Padriño.

—A muller de Padriño é unha santiña.

Invitóu á ronda a todos os presentes.

Gustavo contóume da súa esistencia. O seu día finda á unha da mañán; el érguese cedo pra mercar comida pra o día e abrir o bar e traguer café con leite dun café veciño pra os clientes seus, que o toman con sopas. Ao mediodía teñen estudantes pra xantar, e algúns deles dormen nas habitacións de arriba. Tamén teñen obreiros. E pola noite igual pra a cea. Despóis de fregaren a louza el e a muller, e limpar un pouco, xa é a unha da mañán e hai que facer as contas. O descanso que toman é das cinco ás sete do serán.

Gustavo era un home de feitos reales. Tiña enrugas na frente e nas meixelas, brazos magros con veas abultadas: mi-

rábase que a súa forza víñalle dos nervios e da determinación.

Detrás do aiuntamento hai unha estatua do Atlas: o mundo enriba dos seus lombos é un peso intolerable que curva os seus xionllos, enrúgalle a frente sombría e fórzalle a barriga. Pero nos seus ollos non se espresa que queira pedir axuda; ten un orgullo testudo coma un rapaciño nunha pelexa da rúa, sen deixar sair as bágoas, sen perder nen gañar, sen pedir axuda aos seus irmáns, tal vez por non fiarse deles. Así era talmente o meu curmán Gustavo Andeiro.

Gustavo Andeiro tiña o apelido da nai de solteira. Fora a Venezuela cos cartos de "Padriño" (Claudio Balán). Esplicóume a súa filosofía da vida:

—Eu conseguiría un traballo en Nova York, porque os americáns refugan certos tipos de traballo e non hai nada que eu non esté disposto a facer.

Traballóu de barrendeiro e logo, co ollo aberto, deprendéu outros oficios na construción, e sempre aforrando cartos pra mandar pra a casa. Estudaba o traballo de outros e logo ofrecíase el pra o traballo, mesmo por menos cartos. Nunca tuvera ningún aicidente. Sempre se preocupaba do que estaba a facer e máis nada. E disto tiña certo orgullo. Aforróu tanto ca vida sacrificada que facía, que logo lle devolvéu os cartos ao Padriño. En Cuba, onde parara pra gañar máis uns cartos, aborrecéu os sindicatos e o malestar obreiro, que impedía traballar a un home honrado. Gustavo Andeiro era un verdadeiro galego, que non olla alén do seu nariz ou o seu negociño. Gustáballe Galicia porque se podía traballar en paz, sen sindicatos. A súa nai traballara hasta reventar pra manter aos fillos. Morréu aos 80 anos, traballando.

Gustavo lía os meus pensamentos na miña cara, mentras falabamos. Non facía escusas coma Carlos Andeiro: a verdade nos seus beizos, e naquel local húmido, era ispida e amarga.

—Padriño e Madriña son como pais meus. Ela axúdalle nas labouras do campo. Teñen un fillo a estudar na universidade, e traballan pra el.

Gustavo non pensa voltar a Miamán. Non cre que sexa bonito, senón que se come ben. E ten terras arrendadas, que lle labran outros.

A Gustavo gostaríalle visitar os Estados Unidos, se alguén tivera man da súa muller, non do sexo, senón da boca; pero non sería pra ver á súa familia americá; non, sería pra traballar, e gañar cartos pra traguer a Galicia.

Mentres falabamos, Luz, a súa muller, traballaba sudorosa cas sarténs, e ría cara a nós con vergoña.

Cando nos marchamos, Gustavo estaba a botar viño duns pipotes, ca cara enrugada, sen querer mirar cómo saliamos nós.

No fondo eu ía triste do meu encontro co meu primo Gustavo Andeiro, que non me recibía con quentor humán.

Faléi con Paco Balán (o fillo de Padriño, Claudio Balán), o que estaba a estudar na universidade de Santiago mentras Padriño e Madriña se sacrificaban por el. Falóume con orgullo infantil da esposición española en Nova York (era o ano 1965). Logo louvaba ao rexime, e decía que nos Estados Unidos había líos, e que en España, en Santiago, os estudantes non se atreveran a desafiar ás autoridades. Paco Balán estaba alienado dos problemas da súa terra.

Gustavo víu ao noso hotel: estaba nervioso. Quixo acabar canto antes e desentullar logo o que tiña que decir. Sentóuse con moito xeito nunha cadeira, coma se tivera medo de rachala, e xuntóu os xiollos. Non sabía ónde pór as mans. Quería saber cándo iamos ir esactamente a facer as pesquisas encol do enterramento do meu pai, pois tiña que ir dar un aviso ao coche de liña de Trazo. Fomos ao hospital da caridade. Gustavo tiróu a gorra e inquiríu sobre o meu pai á monxa que abríu a porta. A monxa, sen facernos pasar do limiar, amosábase altiva cando falaba con Gustavo; comigo amosábase esplicativa, pero seria e firme. Había alí unhas mulleres enlutadas, de clase elevada, que debían estar a despedirse, e miraban pra nós asombradas, de pe no vestíbulo e ca porta aberta. Aquelas mulleres interrumpían sempre que lles petaba, cando falaba Gustavo, sen pedir perdón nin escusa. A min mirábanme coma decindo: "Este pobre ignorante, ¿sabe usted?"...

Daquela visita colexín que meu pai morrera no hospital, que as monxas mantíñano co susidio, e que non se sabía ónde estaba enterrado.

Gustavo e máis eu saímos. Convidéino nun bar. Non quería tomar nada; parecíalle un derroche innecesario. Por fin pedíu cerveza, pero enfadóuse cando eu pedín unha tapa de calamares fritos. Estabamos xunto á Ferradura. Gustavo non miraba pra a alameda. Abría e pechaba o puño na mesiña, coma facía sempre que quería falar de algo íntimo.

—Daría calquer cousa por ter á miña nai comigo. Sorríu un chisco, despóis daquela confesión: A vida é estrana.

Cando se erguéu, recompúxose e puxo outra vez aquela máscara dura de galego sofridor que non quer pedir axuda. Deixóu a súa debilidade de neno naquel café estrano, onde ninguén sabía dela...

Ao día seguinte viunos ver ao hotel Asunción, a chepudiña. Sentóuse nunha cadeira que rechinaba de nova e encerada que estaba, con moito remeneo de saias e máis saias.

—Aquí estóu, Pepe —díxome— vin pra te ver.

Non quixo entrar ao comedor do hotel, onde estabamos a

almorzar, e agardóu nunha sala. No remeneo de sentarse amosóu unha saia plisada e máis unha combinación de seda con encaixe ancho: un regalo da súa prima da Habana. Colléu á miña muller pola man. Esplicóu que viñera no coche de liña da mañán e que xa fora ao dentista. Dixo que quedara chepuda por cousa dun acidente parvo e por non ir ao médico, porque non tiña cartos. Claro que se lle pasara iso a unha nena dela, xa sería outra cousa, pois ela sacrificaríase. Pero un médico que estivera en Trazo dixéralle que se podía refacer a cousa; ela non quixo. Total, xa era vella. E andaba con pesos na cabeza, coma se nada.

Logo fomos de compras. Non me deixóu levar a cesta. Non estaba ben que un home, e máis un "amaricano", levara cousas de muller. Ela facía uns recados. Acordara cunha súa amiga pra durmir (Nós habémonos de arranxar...); non podía pensar no luxo de ir parar nun hotel, nin tan siquera no Derby (nunca estivera alí, nin fora á boda de Gustavo). Falóume dos cartos que eu lle dera ao rapaciño Calriños. Eran moitos e eu non debera telo feito (Claro que pra ti non representa tanto coma pra nós). Tiñan un boi enfermo e as inieucións custaran moitísimo. Había que sacrificarse. Cando se é pobre non se pode ter un erro. Decíame unha chea de cousas, mentras camiñabamos apurados por Santiago adiante. Que tiña que mercar moitas cousas pra os fillos e sobriños. Entramos na tenda dun viñateiro. Mercóu un barrilete pra que, pagando por xunto, saíra máis barato o viño. Queixóuselle ao viñateiro do barrilete. Que aquilo era un roubo. Eu paguéi polo barrilete e ela mercóu unha botella de viño doce. E eu paguéi (Non hai necesidá, Pepe...). Queixóuse que o seu pai non collera o choio do meu na Habana. Logo confesóume que a aboa parara de escreber por non cangar cos fillos da América... Ao pasar polas outras tendas íame decindo: Calriños precisa un reló, pero non temos cartos... Mira, Pepe, unha televisión... Teño que comprar sandalias pra Consuelo... Asunción falaba outo, coma se estivera no medio do campo a falar desde un outeiro. Logo ía baixando o tono, vendo que eu non berraba, pero logo voltaba a berrar e a decir en voz alta todos os secretos da familia pola rúa adiante...

Quedamos nun día pra xuntarnos en Miamán e máis en Trazo. Gustavo axustóu o taxi antes de sair. O chófer queixóuse logo, ao ver a estrada chea de croios que lle ía arruñar os neumáticos. Pero Gustavo xa axustara o precio mínimo...

No bar do irmán Gustavo púxose a traballar coma se non fose día de festa. Gustavo non sabía divertirse.

Cando entróu Amparo Noceda abrazarnos, todos quedaron calados e emocionados. A min subíanme as emocións polo es-

piñazo. E tamén as tortutosidades da miña familia, dos meus curmáns, a dureza de Gustavo, as revoltas de Asunción.

Esplicáronme outra vez o asunto da herencia, pois coidaron que eu viña por ela; e por iso as reticencias. A nosa aboa mercara terras cos cartos que viñan da América, aínda despóis de morrer meu pai, pois nós non sabíamos a data certa, xa que a aboa deixara de escribir por temor a que nós, os americáns, estiveramos na miseria e voltáramos pra Galicia pra ser unha carga pra ela. E así a nosa aboa rexistróu ao meu pai, seu fillo, como solteiro, pra non ter que deixar herdanza a ninguén máis que á nai. El, coma era un pusilánime, firmóu o que lle dixo a aboa dándolle a terra toda. Así resultóu que nós eramos os herdeiros de toda aquela terra (ben miserenta); e por eso os meus primos non me querían falar claro. Coidaron que eu sospeitara o xogo e viña con intencións de restitución.

Eu, o que viña era a buscar un pedazo da miña alma que quedara en Galicia, a terra onde nacera meu pai, tan meiga e tan mesquiña. ¿Era escusable o comportamento dos meus primos pola miseria de Galicia? ¿Ou era a pequenez dos galegos o que facía a Galicia miserable e non merecían outra cousa? Eran dúas preguntas que se seguían en círculo vicioso, atormentando o meu cerebro, e pra as que non atopéi solución.

Voltéi aos Estados Unidos coa intención de non volver máis, tendo saldada a débida sentimental que sentía, o oco espritoal enchido con realidades materiáis amargas.

XOSÉ YGLESIAS
Trad. CARLOS DURÁN
Londres

14 POEMAS

1

O home é terra ergueita en pantasía,
vertical acrobacia dos lameiros,
tolo chouto no ar,
o home é terra.
É terra sobor todo e endenantes
dos ideás valeiros que o asoballan;
porque hai un berro fondo nos miolos
a turrar pola vida deica o orixen.
Eu sinto que nos chaman dende sempre,
dos escuros illós antergas voces,
e escoito polas noites dende as praias
os cantos feiticeiros das sireas:
os ulíseos cantos, o chamado
dos aléns mergullados baixo as tebras.
Eu sinto que me chamas, terra miña,
cun brado xeolóxico e tremente
e esbaro no tropismo violento
deica o xermen do mundo, deica o xermen.
¿Non escoitás no sangue este doente
río de luz a se ceibar dos canles
de tolleitas "verdás" que nos apreixan?
Si sodes homes ride, percurade,
deixái fuxir ao mar vosas arelas;
deixade xa as mesquinas cuadraturas.
Que agarda a redondez donda da terra.

2

Cando deixes as illas e as escumas
e o vento que che turra de arredore
a te levar de ti polos carreiros
do medo e das inútiles pesquisas;
cando voltes dos soños e as lembranzas
a sulagarte enteiro polo amore;
cando seipas as eiras, e as cigarras
e o roxo viño aceso nos lagares,
e as lúas e as mañás e ata as formigas;
cando sexas Dionisio a embebedarte
no arrecendo da vida máis anterga;
cando seipas da lama e dos orballos,
do esquencido camiño pola herba,
dos ríos que che ruben polas veas

como fondas raíces dende a terra;
cando escoites o canto xa esquecido
que che trema na pel, guitarra viva
pra cadencia invisíbel das esferas.

Cando voltes das illas, da fuxida
inútil polos cumios da entelequia,
terás de derrubarte coma un albre
a sugar no recendo primitivo,
na ceiba seiva virxen con degoiro
de sedento que ten de atafegarse.

E abriráste na terra unha hora Cero
como unha esprendorosa margarida.

3

Quero un recuncho gris para me ire
esmorecendo lene, paseniño;
para ire esbarando mainamente;
para ire, me ire, me perdere,
sin veas, sin latexos, sin orelas;
un tépedo recuncho nunha néboa,
un lugare de morte pra esquencere,
para arrincar de min todas as mágoas,
para morrer definitivamente...

Que o sangue é un viño tolo a se esbotare,
unha fuxida sin posíbel volta
por mapas, universos e camiños;
a pel é doorida xeografía,
paisaxe cataclísmico inventado
pra acadar maremotos e seísmos,
plegamentos sin fin nos sinclinales
de montes que se erguen e se funden.

Ai dor, acedo viño a te beber, cicuta
de todos intres, todos os minutos,
abraiantes presencias nos meus ollos,
fonda ferida a camiñar adrento,
adrento e máis e máis todos os días;
un mundo enteiro a se guindar en min,
a foradarme sin pedir permiso,
a abrirme sulcos e buracos fondos
pra me esfondare en todos os abismos.

Ai, amor, quén te trouxo, quén te fixo
de ferro ardente, ardente queimadura,
dun fogo tan valeiro e tan doente
a te ceibar por poros e perguntas?
¿De qué serven os ollos si non poden
abranguer o infinito nunha imaxen;
de qué serven as mas si non apreixan
o agarimo do amado no seu seo;
de qué serven os beizos si non saben

gardar nun bico a inmensidá do amore?
¿De qué serve este xogo longamente
decotío xogado en noites tolas,
baixadas soterrañas, mergullarse
na imposíbel xuntanza de dous corpos
si despóis nos agardan os menceres
das luces fuxidías, os mareos,
a náusea que nos rube polas costas,
a soedade infinda coma sempre,
o sonámbulo-naúfrago-esvaído
funambulesco-cómico-perdido
por cafés da mañán antre a morriña;
a luz de gasa amarelenta, o fungo
canso-bulrón da cafetera-exprese,
a face esfarrapada coma o abrente
no son-non-son-quixera-fun-arela,
ceos dos teixos, cenicentos fumes,
seis da mañán sin entidade apeas
unha liña no espazo a desiñarse
no espello absurdo-cóncavo da hora.

4

A ROSALÍA

Vas polo ar, gueivota fuxidía,
perto do alén onde ninguén te agarda;
vas a percura polos ventos ceibos
de lenes barcos e alcendidas praias.

Vas polo ar choutando no valeiro,
soñando portos, deprendendo azas;
e decotío pra a ribeira voltas
e decotío de voar ves cansa.

Pomba sin niño, Rosalía nosa,
alma doente, sombra que te abraia;
polos teus eidos un abrente xurde:
xa eres de luz, xa eres de ar, xa cantas;

xa nós levamos a tristura túa,
magoado fondo en pop e trangallada,
xa nós fuximos polas dondas tebras
a te esculcar en ritmo pola nada.

5

Non digamos adeus. Non hai adeuses
que se decir. A vida é un camiño
a se perder na néboa longamente,
a rubir polos cumios da saudade
en azas de outras terras e outras xentes.
Hai sempre esta auga infinda, esta enfiada

ansiedade dos trens e dos tranvías
polas vías do tempo eternamente,
decotío maletas facturadas,
baúles que viaxan tristemente;
ausenza nos sombreiros e nos traxes,
espantallos da nada nos almarios,
pra os paxaros máis roxos da morriña;
caixas valeiras, frascos esquencidos,
arrecendos no ar de algún perfume
que arrecada as presencias esvaídas
na dor máis fonda, no buraco inorme
por onde fuxe todo a se perdere.
Todos temos no peito esta nostalxia
dos andés e os peiraos tatuada.
Todos temos a maxia ferroviaria
das estaciós nos ollos a ferirnos.
Ausenza é a cantiga que se ergue do mar,
ausenza, ausenza...

6

Fuche apenas un soño estrelecido,
ronsel de volvoretas e saudades;
fuches morte na vida e no amor odio,
ardente soedá, mentira fuches.
Pasache polo mundo lenemente
a costas dos anceios máis calados
e a loitas antre a lóxica xiada
e o tolo corazón irreverente.
Lembrador das oníricas paisaxes
e amador das carnás arquiteituras,
dualidade imposíbel, guerra aberta
na mesma pequeneira criatura.
Naide soubo de ti, ninguén che fixo
radiografía enteira e verdadeira,
iñorado dos máis e de ti mesmo,
campo de soedá, chaira doente.

7

E vivo,
apesares de todo aínda vivo,
inda despóis da adraba, peta, peta
no portelo do fin e da fuxida.
Vivo,
como feita de prantos e de nubes calladas
e de nós de arrepío e de ventos xiados;
como feita de mares bruantes e feridos;
como feita de choivas aterecidas, berros
de noitébregas aves nas isoladas fragas;
como feita de mouros, senlleiros gatos tristes
a oubear polas rúas coma nenos de sombra;
como feita de fonda soedade, de brado

máis antergo que a noite máis anterga e escura;
como feita de areas, de poeira, de cinzas
que terán de esbotarse na terra novamente
pra xermolar nas uvas, nos novos maizales,
nas primaveras roxas dun mañán farturento.
Vivo,
pra conquerir a morte,
pra chamar polo amor, o que me traia
na súa aperta o senso.

8

Desperto cada día frente á mesma paisaxe:
longa rúa, tendeiros, veículos e xentes
que semellan distintas e nembargantes teñen
a marca indiscutíbel dos feitos cotidiás.
Xa non semellan tristes, anónimas semellan,
con unha canga vella de aburrimento e medo,
con un andar parello, semellante, amaiado,
a zorro, a zorro sempre da vida e de sí mesmos.
Vimos da terra aínda, das antigas raíces,
da raza vella e forte que fixo homes labregos;
entroques non poidemos fuxir do decadente,
do descomposto sino do home occidental,
do meigallo das luces noiturnas, do avispeiro
das cidades que medran e medran sin parar.
Nosos abós vivían sinxelamente, ergueitos
sobor da terra e tiñan como guieiro a chama
do seu fogo segredo, do seu lume ancestral.
E discorría a vida, decidida, sen mágoas
dende o principio ao fin mainiña, mainamente.
Eu lembro antes das leises, dos medos divinaes
un canto que soergue do fondo da natura
e en el os homes eran chama, trigo, bon pan.
Aínda non era o tempo das falsas profecías,
dos charlatás poetas, das verbas mentireiras,
aínda a fonte era fonte, aínda a frol era frol.
Hoxe neste camiño de media tarde, neste
cruceiro das estorias que non sei ónde van
lémbrote a ti, Walt Whitman; quixera que entenderan
teu canto xeneroso de mosto e sementeira,
túa vida guindada coma campos de millo.
¡Xurdir, xurdir da noite dos miolos pechados,
deste xeito aburrido xurdir, xurdir, xurdir,
dos caixós de cemento, das mentiras sagradas,
volver a fonte virxen, vivir, vivir, vivir!
Das estreitas olladas, dos niños egoístas,
dos monopolios fechos fuxir, fuxir, fuxir.
Que aínda que pechedes as portas con mil trancas
os cás ladran na noite e sempre ladrarán.
¡Abonda xa de xogos, abonda xa de contos,
no cume do universo o home nudo está!
E mentras noso xogo de veas e cidades,

nosos golpes na adraba do silenzo e das cinzas,
nosa tola fanfarria de livianos xornás:
"VISITÓUNOS ZUTANO DE ZETA EQUIS ETCÉTERA".
E somos unha chama de gas na noite pecha,
biocousas sin nome pra un viaxe de azures,
un intre que se perde no infindo das estrelas
onde non hai atrás, onde non hai adiante.
Implacábel o ritmo cegamente, indiferente sigue
e soio hai unha verba pra se ceibar: amor.

9

Petache á miña porta lenemente
con mans de vento e mar, agarimache
os meus soños belidos cun arrolo
de azas ceibes e estrelas espalladas.
Viñeche maino e tenro, coma un neno
a me petar nas pálpebras, molladas
por bágoas dun lembrar perpetuamente.
Entón abrín os ollos deica adrento
e o sol fíxome mal de tan calado,
e a luz guindóume ao abismo de tan viva,
e o agarimo matóume de tan maino.
Rematéi como o cisne con un canto
de ledo dor e morte conquerida;
mais entón espertéi a nova vida,
conxuro ao fin, meu ceibador amante,
o teu bico de sol furóu as tebras,
bico de sombra foi a luz gañada.

10

Vas facendo sementeira
por camiños e cidades;
vas guindando a túa vida
polos campos, polos mares...
Arrieiro sin descanso,
camiñante sin pousada,
ábreslle sucos ao vento
mentras sementas a ialma.
Levas mágoas, levas soños,
levas noxos, levas ansias,
e fas mesturas vitaes
co teu sangue pra deixalas
decote polos carreiros,
polos montes, polas airas,
mentras te vas valeirando,
derreténdote nas chairas...
E pregúntaslle ao camiño
si é camiño ou é pantasma;
e pregúntaste a ti mesmo
si eres ar ou orballada,
si eres formiga ou formento
pra levedar novas masas.

11

Unha rafa pasóu
a me ceibar,
un vento tolo
espidor de garolas.
E entón vin máis alá
sin espetacles;
vin valeiras estepas,
vin buratos
por onde esborrexían nosos soños...
famos todos,
séculos de séculos,
desfeitos polo ar
sin arrogancias...
Unha rafa pasóu,
barréu a escoria.
Xa non pidades lei,
pedide home.

12

Andan as verbas a xurdir, mainiñas,
coma o orballo e a brétema acougadas,
tristes tamén, tamén quediñas, grises...
Nacín nun ceo propicio pra as lembranzas,
nun ceo pra se sorrir, máis que pra rire,
nun ceo pra se fechar nos pensamentos.
Poucas verbas, cecáis, pero certeiras.
Non quixera que os versos foran fume,
valeira luz, raiolas pasaxeiras;
no fondo, no miolo hai que enfuarse
pra atopar as palabras verdadeiras.
E o mesmo que esta terra xenerosa
se xenerar serea, quedamente.
Cicáis non atopedes nos meus versos
a beleza e o sol do mediodía,
mais o quentor teredes da lareira
e do maíz o espido sol da espiga.
Quero falar de nós, do amor, da morte,
quero falar do ser, da ren, da vida.
Quero falar da terra, das estrelas,
quérolle abrir a entraña ás cousas vivas.

13

Mira o meu sangue aberto coma un río
pra se esbotar no mar das soedades;
fítame ben, ferícheme no fondo:
en onde é vida a morte e morte a vida.
Eu non "son" xa; si fora, voaría
como voan as aves e as estrelas;
afógome na toba que fixeche

pra soterrar as miñas tolas veas.
Eu non son xa; quén se ceibar poidera
na eirexa, na orballada, na raiola;
quén fora decotío longamente
paz e pasión xunguidas, irmanadas.
Ferícheme, meu Deus, no mesmo intre
de me parir ca dor adoecida;
ferídesme vós todos co eses ollos
que semellan xurdir da noite eterna,
ollos abertos, mudos, espeitantes,
aguilladas que cravan e condean.
Deica a vós vou desfeita, valeirada,
xa non son eu, ceibástesme na allea
terra de todos e de naide, terra
das mágoas fondas, soedades núas.
Quén fora soio ser e en ser se vira,
sin fame, sin a loita despiadada,
quen fora ceibo sempre, sin cadeas
pra atarse ou pra acinchar as outras vidas.
Míranos, Deus, loitando coma feras
e despóis rite, que resoe forte
a túa gargallada nas esferas.

14

Pedra que coñeceche as mans dos homes,
pedra que sostiveche os derradeiros golpes
cos que o canteiro quixo facerte arquiteitura,
escóitame:
na túa soedade, calada, aturáchelos
e erguíronte xa nova no moumento doce.
Arredondaron ancos, rebaixaron picoutos,
fixéronte adondada, pulida coma os homes,
cortáronche as esgrevias, doentes superficies,
pero pedra seguiche mil anos que ti foses.
Eu son tamén a pedra da canteira fuxida,
mentideiro da noite.
No fondo hai un latexo daquelo que non poden
arrincarme os cicés;
a máis vella verdade está nos teus recunchos
agochada, sin nome.
Non somos máis que a pedra da espida carne soia,
debaixo das barrocas mentiras que nos cobren.
A friaxe dos mares e a soedá levamos,
non somos máis que a célula que aldraxóu aos deuses,
o mostro erguido un día das canteiras do cosmos
que antes de achar a terra xa conquerira a noite.
Nada certeiro temos máis que a lama que fita
nosa maián chegada paseniña na morte.

ANXELES PENAS
A Cruña

PLAN PEDAGÓXICO GALEGO

Galicia é un país no que se falan dúas linguas. Recoñecelo siñifica somentes que hai que percurar unha solución aos problemas que ise bilingüismo prantexa. A solución terá de ser orixinal, porque o primeiro que se bota de ver cando ollamos os exempros de outros países é o feito de que cada un decidíuse por unha distinta, tendo en conta a situación das linguas, a historia, as relacións de ise país cos veciños, etc. É decir, que non hai dous casos iguáis de bilingüismo, o que é lóxico pois trátase de un fenómeno histórico do mesmo orden que o da propia nacionalidade, e na causación histórica as variables son infinitas.

Por exempro, no País de Gales, unha lingua minoritaria, o galés, ten de coesistir con unha lingua de maiorías, que é o inglés. O galés ten recoñecimento oficial e disfroita de moitas facilidades: a impresión de libros en galés está subvencioada con fondos públicos, hai programas de televisión na lingua vernácula, son moitas as escolas bilingües e os mestres teñen que ter un certificado de bilingüismo. Nembargantes, vai en disminución o número de galeses que falan na súa lingua. Os perigos que corre unha lingua minoritaria ao se ver obrigada a coesistir con unha lingua "forte" son moi grandes e é tontería iñoralos. A estas alturas todo o mundo concorda en que hai que conservar as falas vernáculas, e en que deixalas morrer ou matalas é unha grande inxusticia, aparte de que tamén está comprobado que as razóns emocionáis e inconscientes que levan a un pobo a falar unha determinada lingua son, a longo prazo, inabalables. A lingua nai non se deixa asoballar doadamente, e cáseque sempre chega o día en que rexurde. Mais tamén é certo que cando dúas linguas teñen que convivir, entra en xogo a lei do máis forte. A loita pola conservación dunha lingua vernácula minoritaria esixe un certo grado de heroísmo, porque costa cartos, rouba tempo e non ofrece un campo literario tan largacío como unha lingua im-

portante. A produción de testos e libros escolares en galés é relativamente pequena, sobre todo (fenómeno curioso) pra os estudantes de ensino meio. Ademáis, é lóxico que un escritor galés recee de escribir a súa obra nunha lingua que lle vai dar menos difusión que o inglés.

Pola contra, o problema do proveito económico que a escala individual pódese tirar do bilingüismo anglo-galés non semella ser grave. O certo é que un galés bilingüe pode acadar un emprego igual que si fora inglés e, por riba, pode escoller entre unha chea de traballos que se crean gracias ao recoñecimento oficial do galés: televisión galesa, radio, ensino, traducións, etc.

Vexamos agora un caso moi diferente: o de Suiza. Na Suiza, o cantón ten unha lingua oficial, que se utiliza no ensino e na vida cotiá e cultural. Aparte do caso do rumanche, as linguas oficiáis son sempre as de outro Estado europeo: francés, alemán, italiano. Estas tres linguas teñen, ademáis, en Suiza, carácter de "lingua franca", pola situación xeográfica do país e a facilidade de relación cos seus veciños. O feito de que o cidadán suizo "saiba" outra das linguas da Federación non o convirte, sin máis, en bilingüe. O bilingüismo real traballa en capas máis fondas que as de "saber" outra lingua. O bilingüismo é cáseque un "bipersonalismo", cos perigos, as dificultades e as posibles ventaxas que eso ten. A solución de Suiza non é o bilingüismo, sinón a diversidade de linguas na Federación.

GALICIA

O primeiro fator distintivo da situación bilingüe de Galicia é que o galego non é lingua minoritaria. É —aínda— a lingua da maioría do pobo galego, a de Portugal, Brasil, Angola, Mozambique e outros pobos de Africa e Asia.

O segundo fator distintivo é o de que os galegos teñen vergoña de falar na súa lingua. Este é un fenómeno que atraerá, probablemente, a curiosidade de moitos curiosos da sicoloxía dos pobos.

A lingua romance máis prestixiosa da Península nos primeiros séculos de formación dos reinos cristiáns medieváis chegóu a ficar reducida a unha lingua rural, sometida a constante erosión e empobrecimento. Aillada primeiro da inicial comunidade lingüística con Portugal, foi inevitábel que sucumbira frente á espansión do castelán, e que a súa decadencia fora acentuándose coas sucesivas etapas de intensificación do centralismo. Hai que ter en conta que caeu antes que o catalán na esfera de influencia castelá.

A lingua galega sufríu un proceso de humillación que duróu séculos. Unha lingua antes prestixiosa e refinada chegóu a ser, dentro de España, sinónimo de iñorancia. O que falaba galego era o que non sabía falar castelán. O esprito dos pobos pódese crebar tan doadamente coma o dos individuos. Esto sábeno ben todos os que utilizan as técnicas do lavado de cerebro. As víctimas non sempre o saben, ou chega un momento en que non poden sabelo. ¿Por qué unha lingua que continuóu vivindo e desenrolándose en Portugal e Brasil ficóu despreciada en Galicia? Houbo, dende logo, un abafamento histórico e, ademáis, como ocurre en todos os casos de humillación, os humillados convírtense en colaboracionistas, como os galegos fixemos e aínda estamos a facer. A retranca, a fuxida ao íntimo, o rirse por dentro e facer, en definitiva, o que o amo quer, aínda que créndose máis listo que el, son reacións sicolóxicas propias de quén está en condicións de inferioridade. Todos os pobos "colonizados" teñen reacións servís frente a quén manda, como as teñen os negros e como as teñen as mulleres. Mais as vitorias que así se conquiren son suicidas.

Ao analizar a situación da lingua vernácula en Galicia, hai que recoñecer dous feitos, tristes pro verdadeiros:

1) O pobo galego non elexíu istes derradeiros séculos falar galego. Falóuno porque non tiña outro remedio, é decir, porque non sabía falar castelán. Velahí como se aparellóu o galego coa miseria.
2) A lingua galega, como resultado do seu aillamento rural, está empobrecida.

Coidamos que o ser humán nacéu pra ser libre. Esa liberdade conquírese no tempo, por eso é cousa de adultos. Entendemos por "ser adulto", a diferencia de "ser infantil", o home con dominio intelectual, emocional e voluntario do mundo. Quén corta as áas do coñecimento, o xuicio ou a vontade dun home ou dun pobo, apaga unha faísca irrepetible e empobrece o mundo. A miseria é toda unha. Sin homes adultos, o desenrolo non é máis que unha ringleira de números cebados na contabilidade nacional. O país e o mundo siguen igual de pobres. A manifestación e o motor, ao mesmo tempo, desa madurez, é a capacidade de elexir. E o fin último da educación é, probablemente, dotar ao home desa capacidade de elexir. É tanto cuestión de non poñer atrancos como de dar facilidades.

Os galegos non elexiron falar ou non falar en galego. Non son culpabres do destino que lles foi imposto pola historia. Terá de chegar un día en que os galegos elixan. Pra que esa eleición sexa libre e consciente é necesario que a lingua galega recupere primeiro a diñidade que lle corresponde. Por conseguinte, e invocando o nome de tantos galegos que, no deco-

rrer dos séculos, loitaron pola súa lingua, e que constitúen unha tradición gloriosa, queremos que en Galicia a lingua galega sexa falada, escrita e cultivada en condicións de igualdade coa castelá. Primeiro, Galicia deberá ser bilingüe en dúas linguas grandes e diñas. Cando a lingua galega esté libre de encoutamentos, entón será cando o pobo galego estará en condicións de elexir, libre e conscientemente, si quer ou non quer ser bilingüe. De momento, terá que selo por imperativo de xusticia.

A lingua galega, por razóns históricas, está empobrecida. Fáltalle utilización normal nun sector moi importante: a vida cidadá. É certo que na cidade hai moita xente que fala galego, pro a vida urbá decorre en castelán. Esa foi a lingua na que se configuraron moitas formas de relación, incruso algunhas que teñen un contido específicamente galego. As relacións afectivas da sociedade rural e os termos que as espresan, por exempro, están detidos nunha etapa arcaica. Nos últimos séculos foi nas cidades onde se desenrolaron formas de vida máis elaboradas, máis complexas, e nises mesmos séculos a xente da cidade falaba cada vez máis en castelán, non porque o galego non servira para espresar esas formas, sinón por outros motivos políticos e sociáis. Pero a triste consecuencia foi que todo ese proceso de civilización foise desenvolvendo en castelán.

É posible, e quizáis desexable, que Galicia, nun futuro non demasiado remoto, chegue a desenrolar unha cultura rural capaz de servir de contrapeso á cidadán. Coidamos, nembargantes, que o proceso de emigración masiva do campo á cidade é, de momento, incontenível, por se tratar da consecuencia e do precio que hai que pagar polo tráxico e inxusto atraso da sociedade rural. Xa non hai tempo a endereitar esa sociedade inxusta e frear ese movimento de poboación. Pódese esperar, eso sí, que chegue o día en que o campo volva a ser habitable. Na situación actual, o porvir da lingua galega está na súa incorporación á vida normal das cidades.

Pódese afirmar que a lingua galega conquerín xa o mundo da cultura literaria e filosófica, e que non sería nada difícil espresar nela os conceitos da técnica moderna. O que ten que conquerir agora é o mundo da conversa cotiá, o mundo do comercio, das profesións, da adeministración e da política. Por eso é urxente que as cidades galegas tomen conciencia do problema e vexan que delas vai depender a vida ou a morte da nosa lingua. Con un mundo rural despoboado e desfeito non é posible xa descansarse nil, consciente ou inconscientemente, como defensor do galego. É a cidade a que ten agora que servir de cruxol pra afirmar a lingua e darlle a confianza e o

prestixio que lle permita espallarse por toda Galicia, incluido o campo do futuro. Compre que a dinamización de Galicia fágase en galego, e isa dinamización terá que vir agora da cidade.

O home do campo defendéu a lingua durante séculos. Chegóu o momento de que a cidade se responsabilice desa defensa.

Función da pedagoxía

A pedagoxía é unha técnica ao servicio do ser humán. Un pobo decide o que quer aprender, non por razóns pedagóxicas sinón porque, nas súas circunstancias culturáis, económicas e históricas elixe o que cree que é mellor. As decisións educativas son políticas, porque política é o xeito en que gobernamos a nosa vida. Pretender facer das ciencias pedagóxicas unha fonte de doutrina indiscutible é unha falacia. Ollemos o que di Dewey:

> "Non se decatar de que a ciencia pedagóxica non ten contido de seu, leva a un isolamento da investigación que tende a facela fútil. Dar por suposto, aínda que non sexa máis que tácitamente, que a ciencia pedagóxica ten un ouxeto propio e peculiar, desemboca nun aillamento que a convirte nun "misterio" no senso en que en outro tempo os oficios máis elevados eran misterios."

Con esto queremos decir que non hai razóns escrusivamente pedagóxicas pra ensinar aos nenos galego ou en galego. Pedagóxicamente, poderíase chegar tanto á concrusión de que é mellor falarlles galego aos nenos na escola pra que non esperimenten un trauma sicolóxico, como á de que valería máis rematar de unha vez co problema e proporse como ideal o monolingüismo castelán. E, incruso, unha cousa non é incompatible coa outra. Hai países africáns, como por exempro Ghana, nos que, por razóns puramente prácticas, ensínase na lingua nativa aos nenos que non falan outra, coa idea de que dentro de poucos anos todos falen inglés, que foi a decisión política adoutada naquel país. Así, unha técnica pedagóxica que semella protexer as linguas vernáculas pode ser, en realidade, o instrumento de unha política que ten decidido eliminalas.

Si o neno da aldea galega esperimenta un trauma na escola, non é exactamente porque lle falan en castelán, aínda que eso axuda, en boa medida, a desconcertalo. O neno criado na aldea galega non está en condicións culturáis de entender o que lie din na escola, tanto que llo digan en galego como en castelán. O trauma ven da carencia absoluta de contexto cultural. A aldea galega e unha boa parte da cidade son semi-

analfabetas, e iste é un problema tan grave que esixe unha solución á que a lingua somentes poderá facer unha contribución parcial. É o problema da *miseria* e a *iñorancia* arreguizantes de Galicia.

Si os nenos ruráis teñen dereito a que se lles ensine na lingua nai, que é a que falan, os nenos da cidade teñen *tamén* ese dereito, porque trátase da lingua de *todos* os galegos, da que é inxusto privalos. E si non é de todos, non debe ser de ningún.

As razóns polas que Galicia debe falar en galego son máis fondas e máis reás que as da "razón". Querer algo que é xusto é razón abondo.

OUXETIVO

Unha das orientacións máis notables da educación moderna é o redescubrimento da importancia que ten no feitío da persoalidade a facultade de espresión lingüística. Quén non sabe decir o que quer decir, quén non sabe comunicar en forma intelixible o que sinte, pensa ou desexa, remata por non saber sentir, pensar nin desexar e por caer nunha grave alleación.

A facultade de espresión acádase falando, lendo e escribindo.

Por conseguinte, o ouxetivo do ensino da lingua galega terá de ser o de acadar esa facultade de espresión plena. Todo o que non aspire a ese ideal resultará negativo, cultural e sicolóxicamente.

O cultivo da lingua galega deberáse facer en todos os nivéis do ensino. Iñorar o valor da presencia da lingua vernácula no nivel meio da enseñanza non ten lóxica. Non hai razóns pra querer limitar o cultivo da lingua propia a un soio nivel de ensino.

Naturalmente, o cultivo simultáneo de dúas linguas, utilizadas ambas na comunidade en que vive o alumno plantexa complicacións e problemas peculiares. Un destes é o do reparto do tempo: ¿cándo deberá un mestre falar en galego cos alumnos? ¿Unhas horas ao día? ¿Un día á semán? ¿Só nunha clase dedicada a eso, ou tamén fora dela? Son preguntas que teñen difícil resposta, sobre todo no caso da escola rural. O mellor que podería facerse, quizáis, sería esperimentar, durante dous ou tres anos e, ao cabo dese tempo, recoller os resultados, publicalos e estudialos. Pra que eses esperimentos sexan válidos será necesario que *todos* os mestres de Galicia cultiven o galego nas súas escolas.

Deberían esistir inspectores especiáis do ensino coa responsabilidade de aconsellar e esixir o cultivo da lingua gale-

ga. Non farían falla moitos: chegarían, probablemente, con dous por provincia.

Tamén sería aconsellable que se crearan sociedades locáis de defensa da lingua galega, que se poderían encarregar, entre outras cousas, de velar pola presencia do galego nas escolas.

Como medio importante de esperimentación e comparación compriría crear escolas que ensinaran escrusivamente en galego.

O MESTRE

O ésito ou fracaso dun sistema de ensino dependerá, en definitiva, dos mestres, e máis aínda cando se trate dun ensino bilingüe. O único en que parecen estar de acordo todos os estudos internacionáis encol do bilingüismo é en que é imprescindible que os mestres falen ben as dúas linguas en custión e que teñan, ademáis, un coñecemento adecuado da tradición, historia, literatura, etc., desas dúas linguas. Non é que deban ser especialistas, nin moito menos, pero sí deberán ser conscientes do que esas linguas representan e dos problemas da súa coesistencia. Un mestre que non teña conciencia da diñidade do galego non poderá ensinalo.

Sin unha preparación especial dos mestres, non se pode falar da posibilidade de cultivo da lingua vernácula. A dificultade do problema esixe que os responsábeles da educación poñan os meios axeitados pra resolvela.

Coidamos, por tanto, que é esencial para o cultivo da lingua galega no ensino o seguinte:

— Que en todas as escolas especiáis de Maxisterio de Galicia haxa cátedra de galego.
— Que os futuros mestres de Galicia outeñan un certificado de bilingüismo español-galego. É importante que os esámenes para este certificado sexan, non somentes escritos, sinón tamén oráis, pra que non haxa dúbida de que o mestre poderá espresarse con facilidade na lingua vernácula.
— O esamen para o certificado de bilingüismo debería ser independente dos encamiñados á concesión do tiduo de mestre. O que non pense dedicarse ao ensino, ou non vaia a ensinar en Galicia, poderá prescindir do certificado. Pola outra banda, o mestre tiduado fora de Galicia poderá e deberá conseguilo nunha das escolas de Maxisterio galegas.

O mestre rural galego ten dereito a que se lle ofrezan medios de non ficar aillado, sometido a un proceso de erosión espritoal, intelectual e moral que perxudica tanto a el como aos

seus alumnos e á cultura do país. Deben proporcionárselle ocasións de sair, incruso ao estranxeiro, onde podería, entre outras cousas, dar crases de galego aos emigrantes.

Libros e material escolar

Coidamos que son máis ben perxudiciáis, pra introducir o galego no ensino, os libros de gramática destinados aos nenos. Non hai que se esquecer de que un dos grandes vicios do ensino en España é a rixidez escolástica, preocupada somentes da ordeación analítica e lóxica das materias, e que non ten en conta a necesidade de cultivar a intelixencia, o xuicio independente e a curiosidade do alumno. O libro de texto ideal debe ser máis un programa de traballo para mestres e alumnos que un dispensario de saberes; un libro, por conseguinte, que deixe fora moito do que se quere ensinar. Si os libros de galego non son así, si non se aproveita a ocasión pra facelos de outro xeito, a lingua correrá a sorte que ben sabemos que correron as materias máis interesantes, abafadas pola pedantería e torpeza dos textos. Este é un dos casos en que a falla de tradición permite partir de cero, e compre facelo con bon pe. As gramáticas galegas deberán esistir, naturalmente, feitas co maior rigor científico, con valor de seu e como obras de consulta para mestres, para universitarios, e tamén como textos para os aspirantes ao certificado de bilingüismo.

Aparte dos textos pedagóxicos e activos, según as liñas que acabamos de indicar, fai falla, si queremos restabelecer a confianza na lingua galega e percurar o másimo desenrolo da capacidade de espresión dos que a falan, que éstes lean canto podan en galego. Hai moitos mestres, e moitos galegos en xeral, que coidan que "non saben galego" ou que o saben mal. A quénes así pensan hai que lles decir que non se preocupen, que si leen dous ou tres libros escritos en galego daránse conta de que esa é a lingua deles, aínda que a teñan máis ou menos enferruxada por falla de uso. Falar e escribir con arreglo a criterios de correción virá despóis. O primeiro e o máis urxente é falar o galego que un fala e leer o galego que hai escrito.

Unha boa maneira de poder contar no futuro con bon material escolar en galego sería ter un concurso, cada tres ou catro anos, no que se premiaran, editaran e difundiran os mellores libros escolares presentados. É fácil que se revelara así unha insospeitada canteira de bos pedagogos, especialmente entre os mestres e estudantes.

A edición deses libros debería ser tipográficamente modesta. Aparte do valor pedagóxico de cultivar esa infrecuente virtude, e de crear o hábito de atender máis ao contido que ao ornato, interesa que os libros escolares sexan o máis baratos

posible. Non habendo subvencións imponse a necesidade de reducir os costos de produción ao mínimo. É posible que se poidera contar para a distribución destes libros polas escolas cos servicios voluntarios de estudantes universitarios.

O material tería que axustarse, naturalmente, aos varios nivéis do ensino. Na etapa preescolar trataríase, sobre todo, de proporcionarlle ao mestre libriños de cancións, xogos e contos que servirían de base para as actividades dos nenos.

Na escola primaria, serían precisas enciclopedias escolares galegas, pensadas sobre todo como libros de consulta e leitura que, en determinados ambentes, seríanlles tan útiles aos pais como aos nenos. Caben tamén, nesa etapa, libros de leituras históricas e xeográficas, estas últimas suxeridoras de actividades de ouservación do medio ambente; unha antoloxía literaria galega, con textos axeitados, e pezas de teatro infantil nas que se tiveran en conta as posibilidades de representación na escola.

No ensino meio, no que esistirá un problema grande de horarios polo maior rigor intelectual das asinaturas, coidamos que o medio máis viable de cultivar o galego sería contar con libros de leituras correspondentes ás distintas disciplinas. É decir, que, por exempro, a par do ensino da Historia ou das Ciencias Naturáis en castelán, o alumno iría lendo en galego sobre as mesmas materias e, a poder ser, escribindo pequenos ensaios con base nesas leituras. Así, afaríase a se espresar en galego en cuestións distintas das da vida cotiá e o seu vocabulario enriquecerías e correspondentemente. Naturalmente, hai materias que se prestarían mellor que outras a esas actividades, como son as humanísticas, as ciencias da natureza, as tecnolóxicas. En todas elas, igual que na economía e as ciencias sociáis podería despertar o interés do alumno polos problemas de Galicia e cultivar o seu esprito crítico e a súa facultade de espresión.

En Galicia, cada centro de ensino debería ofrecer aos alumnos, entre as asinaturas optativas, unha referida ao país.

Deberían esistir tamén programas educativos de radios e televisión en galego, coas peculiaridades propias do medio e dentro das diretrices xeneráis indicadas.

MARÍA TERESA BARRO
XAVIER TOUBES
CARLOS DURÁN
MANUEL FERNÁNDEZ-GASALLA
FERNANDO PÉREZ BARREIRO-NOLLA

Londres

CUADRO SINÓPTICO DE LOS CUENTOS Y NOVELAS CORTAS DE VALLE-INCLÁN RECOGIDOS EN LIBRO

En agosto de 1967, tuve el placer de conocer a Miss Ruth Whittredge, profesora de español en una universidad norteamericana y experta investigadora sobre literatura española. Admiradora de Valle-Inclán, le interesó y se llevó una recién publicada bibliografía [1] y un cuadro sinóptico, que había hecho para mi uso particular, en el que detallaba el sucesivo contenido de los varios libros donde Valle-Inclán fue recopilando sus cuentos o narraciones cortas.

Os homes que patrocinan a idea e lle dan realización fecunda, chámanse: Fermín Bouza Brey, Wenceslao Requejo Buet, Xosé Pena e Pena, Xosé Filgueira Valverde, Luis Tobío Fernández, Ramón Martínez López, Manuel Magariños Negreira, Francisco Romero Lema e Alberte Vidán Freiría. Todos eles cursan os seus estudos nas Facultades de Dereito e Filosofía e Letras. Determinan que o novo centro naza nunha viaxata onde se misturen a investigación e o goce da Natureza. E escollen pra tal ouxeto, as terras da Amahia, cheas de evocaciós. O día 12 do outono do ano 1923, xúntanse na casa do Castro de Ortoño, onde Rosalía vivira os seus días de nena. Alí realizan a primeira xeira de traballo, coa que emprincipian as diversas aitividás do novo orgaísmo, e siñan o seu acordo de colaboración e espallamento. A acta fundacional do "Seminario de Estudos Galegos", dátase asín, no día, mes e ano indicados, na casa rosaliá do Castro de Ortoño.

Os fundadores percuran decontado a colaboración do catedrático de Literatura da Universidade compostelá, don Armando Cotarelo Valledor, e ofrécenlle a presidencia do novo istituto. Deste xeito é como aquél se convirte no primeiro presidente do "Seminario". Moi axina vanse sumando outros mestres universitarios, afeitos ao calado traballo na investigación galega, escolares de diversas Facultades, e inteleituás de toda Galicia.

De comezo, a obra é, naturalmente, unha obra homilde, pero libre e independente. Non conta con outro haber que a quentura do amor ao país e a vontade de traballo, duns cantos rapaces gostosos da discipriña científica. Pero a obra vai, de a pouco, medrando. Incorpóranse a ela, os escritores e artistas do grupo *Nós*, empeñados no afán de lle dar contido cultural serio ao rexurdimento de Galicia; e tamén os da nova promoción que daquela andaba a percurar o anovamento do ambente inteleitual galego.

O "Seminario" xurde, fundamentalmente, coa cobiza de formar investigadores; pero non refuga, en intre algún, o seu contaito co público. A carón do estudo severo e sistemático, cultiva a vulgariza-

ción. A leitura pública de traballos, os ciclos de conferencias, as esposicións, van formando en Galicia unha opinión achegada ao "Seminario".

Cando éste non leva aínda un ano de vida, incorpórase ás súas tarefas un novo mestre: O arcebispo Lago González, erudito, polígrafo, gran amante da súa terra, e cheo de aceso fervor polos seus estudos. Co gallo da súa solene entrada no Centro, celébrase a primeira xuntanza xeneral. Nela fai Castelao o seu discurso de ingreso sobre "Do novo esprito"; inaugúrase unha esposición das súas obras seguidamente; con posterioridade desenrólase un curso de conferencias, no que participan Cabeza de León, Lugrís Freire, Anxel del Castillo e Lousada Diéguez.

Cando o Dr. Cotarelo se traslada a Madrid, pra ocupar a cátedra de Língoa e Literatura Galaico-Portuguesa naquela Universidade, sustituíeo na presidencia do "Seminario" don Salvador Cabeza de León. Coincidindo con ela, artéllase unha nova estroitura do centro, en secciós autónomas e coordinadas. Deica entón, o "Seminario" viña cultivando, case escrusivamente, as ciencias históricas e filolóxicas. Agora chama ao seu seo a especialistas noutras discipriñas científicas. E é así como vai acadando o senso integral que chega a atinguir no campo da investigación galega. De igoal xeito, o labor xa feito, que hastra daquela ficara inédito, emprincipia a se publicar periódicamente. Na "Biblioteca do Seminario de Estudos", que inaugura a editorial "Lar", aparecen obras de Otero Pedrayo, de Filgueira Valverde, de Castelao e de Cotarelo.

Un aspeito de importante siñificado, é o que sinala o comezo de campañas de investigación nas diversas terras de Galicia. Os tres primeiros cursos de traballo, teñen máis ben caráiter libresco e de gabinete. Pero os investigadores sinten a necesidade de proiectar na campía o seu labor de pescuda, abranguendo nel o conxunto das aitividás do Centro. E é deste xeito como xurden as misiós do "Seminario". De principio, a direición do arquitecto Candeira, e máis tarde a de Carro García, sitúan as ditas misiós no primeiro plano, como fonte direita do Arquivo gráfico que se inicia no ano 1926. A campaña desenrolada en Monforte nese mesmo ano, dá pretesto pra os traballos do curso en Santiago, e abre un froitoso horizonte ás laborías dende aquela emprendidas.

Tamén corresponde a ese tempo, a iniciación de cursiños de insino galegos, con un adicado á Fonética. Comezan a se imprentar os tomos de "Arquivos", en cuias páxinas se inxiren os estudos que poideran chamarse menores. En sesiós públicas len os seus primeiros traballos os novos membros da Sección de Ciencias; e emprincípianse os estudos de tipo económico e de ciencias sociás. O "Seminario" demanda e realiza a colaboración de xentes non galegas: especialmente intensifica o intercambio coas entidás de investigación da peninsua, así como cos núcleos hispanistas estranxeiros.

Mais a tarefa de meirande alcance que o centro emprende e desenrola, é, como fica dito, a das xeiras de conxunto, a dos traballos de pescuda en equipo. Destacan, a da Vila de Calvos de Randín, Parroquia de Velle, e Terra de Melide. Pra nos darmos idea do que este labor siñifica, abonda decir que os resultados dos estudos da bisbarra melidense, ocupan un volume de gran formato de perto de

oitocentas páxinas. Abrangue a xeografía, a prehistoria, a arqueoloxía relixiosa, a etnografía, o folklore, o folklore musical, e mesmo outros aspectos. Publicaciós de sinalada importancia son, tamén, o "Corpus Petrogliphorum Gallaecie" e o "Codex Calixtinus", inda que este derradeiro se non imprentóu totalmente, por mor dos acontecimentos producidos en España cando estaba no prelo.

O "Seminario de Estudos Galegos" propicia en Galicia un esforzo inteleitual de tipo coleitivo, que enxamáis se coñecera antre nós. Os seus ouxetivos —estudo de todas as manifestaciós da cultura galega, formación de investigadores, divulgación dos resultados dos seus traballos— andaban a se conquerir con innegabre eficacia.

Eis agora, o programa de aitividade estroiturada desenrolado a traveso das distintas secciós.

Baixo a direición de Cuevillas, o nutrido equipo de prehistoriadores, traballa no noso epipaleolítico e neo-eneolítico, nas estaciós con grabados rupestres, no inventario de xoias galegas prehistóricas, nos catálogos de moimentos megalíticos e dos castros galegos, na Edade do Ferro... Os historiadores, dirixidos por Cabeza de León, emprenden a ambiciosa tarefa de lograr ficheiros de bibliografía e diplomática galegas, corpus de documentos medieváis e de epigrafía, a máis da realización de historia social, eclesiástica e do insino. Con Carro García ao frente, os arqueólogos e historiadores do arte, traballan nun amplo inventario sobre material da súa especialidade en Galicia; e, ao propio tempo, levan a cabo estudos monográficos encol do pre-románico, románico, oxival e renacimento, barroco e artes industriáis no noso país.

Os filólogos, presididos sucesivamente por Cotarelo, Moralejo e Pedret Casado, inxiren no seu programa de aitividás, a preparación dun Vocabulario castelán-galego, outro galego-castelán de tipo popular, un catálogo da língoa, estudos fonéticos, e a unificación de normas ortográficas. Na sección de Historia da Literatura, a cárrego de Filgueira Valverde, danse a coñecer ensaios e traballos de pescuda sobre literatura medieval, decadencia das letras galegas, romantismo e contemporáneos. Na de Arte e Letras, que dirixe Castelao, orgaízanse esposiciós e leituras de obras inéditas de autores galegos, edítanse poemas e prosas, e empréstase colaboración ás Festas da Língoa Galega.

Con Otero Pedrayo como direitor, os xeógrafos fan traballos pra Cartas xeográficas, xeografía histórica, estudos particulares e de divulgación, aparte de iniciar a edición de "Descriciós de Galicia". A Etnografía e o Folklore son abordados polo equipo que encabeza Vicente Risco, nunha serie de estudos encol da casa rural, a arte popular, os costumes, o folklore arqueolóxico, a etnomorfoloxía; e na redaición dun custionario da etnografía e do folklore galegos. A Sección de Ciencias Sociás, Xurídicas e Económicas, que ten ao frente a Tobío Fernández, emprincipia o seu labor con varias investigaciós históricas e económicas, e de traballos xurídicos.

E hai que engadir aínda, os traballos da Sección de Ciencias Naturás —dirixida por Luis Iglesias— sobre gea, flora, fauna, fisioloxía e astronomía; os da de Ciencias Aplicadas, que preside Gómez Román, relativos a arquitectura galega, artes e aproveitamentos industriáis en Galicia; e, por cabo, os correspondentes á de Pedagoxía, na

que o equipo dirixido por Díaz Rozas, ocúpase dos problemas lingüísticos na escola, estudo das realidás galegas no segundo insino, historia do insino en Galicia, e redación dun proieito de estatutos do "Patronato de Escola rural galega".

Este índice xenérico da obra emprendida polo "Seminario de Estudos Galegos", refrexa a dimensión da tarefa cultural que viña realizando. Unha tarefa que se non refire só ás pescudas especiáis de cada unha das secciós reseñadas; senón que, como xa fica indicado, abrangue unha obra de conxunto, na que todas as secciós colaboran. Sobre a base xeográfica dunha bisbarra con caraiterísticas ben definidas, os difrentes equipos de especialistas do "Seminario", exercen as súas aitividás coordinadas. Atal fan, durante sucesivas xeiras ou campañas de investigación, nas Terras de Monforte, Carballiño e Ribeiro de Avia, Deza, Melide e Fisterre.

A obra do "Seminario", inda que malograda no seu desenrolo, enche, de todos xeitos, unha fecunda etapa na historia da cultura galega.

SALVADOR LORENZANA
Vigo

WEISS, MARAT E SADE

Durante os trece anos decorridos dende 1801 deica 1814 —data na que se finóu— o Marqués de Sade estivo internado no manicomio de Charenton. A nómina dos habitantes de tal istitución non contiña somente doentes mentáis: inxería tamén xentes "que cultivaran vicios cuia revelación non era axeitada nun público proceso, así coma outros detidos por graves crimes políticos, ou persoas que foran malos istrumentos dalgunhas intrigas".

Ao longo de varios anos, o Marqués de Sade escenificóu e dirixíu espectáculos teatráis dentro do manicomio, por entón a súa casa, servíndose dos pacentes como actores e actuando el mesmo ás veces. Semella ser que "a boa sociedade de París consideraba coma un privilexio esquisito poder asistir ás representaciós de Sade". O vello e vicioso rebelde, individualista feroz, avespa permanente pra as conciencias de quenes no seu tempo controlaban momentáneamente o poder, seguían interesando á "boa sociedade" meiante a esposición das súas turbadoras ideas e o seu espectacular cinismo. Tanto máis que agora atopábase confinado nun manicomio e a vasta rosmadela da súa rebeldía era pouco menos que inofensiva. Así pois, resultaba un privilexio esquisito asistir aos espectáculos que un marqués moitas veces encarcerado orgaizaba coa axuda dos tolos e dos perseguidos. Eran os proiectís fináis dun ourizado pensador que inquedara ou amolara a uns e outros aderíndose á Revolución Francesa, mais sin refugar a rémora do individualismo estremo que as súas contradiciós lle fixeran asumir durante anos de vicio deliberadamente descarado, de cadea, de coraxe e de medo.

Encol desta rémora hai unhas palabras do propio Sade, escritas á súa muller dende a cárcere no 1783: "Decides que o meu xeito de pensar é inademisíbel. ¿E qué importa? Bon tolo é o que se propón prescribir a outros un xeito de pensar. O meu pensamento é froito das miñas reflesiós, pertenez á miña vida e á miña costitución. Non está nas miñas mans o cambealo, e inda que o estivera non o faría. Este xeito de pensar que condenades é o único consoo da miña vida, o único que me acouga en sofrimentos e prisiós, o que crea todas as miñas ledicias no mundo; e impórtame máis el que a miña vida. O que causóu a miña disgracia non é o meu xeito de pensar, sinón o dos outros".

Con esta mestura de determinismo —"o meu pensamento (...) pertenez á miña vida e á miña costitución. Non está nas miñas mans o cambealo"—, de rebeldía —"e ida que estivera non o faría"— e de crispada lucencia. —"O que causóu a miña disgracia non é o meu xeito de pensar, sinón o de outros"—, e engadindo a ese torboento bagaxe unha teima no seu pensamento circular, teima xa case sublimada, cristaizada. —"Este xeito de pensar que condenades é o único consoo da miña vida (...), o que crea todas as miñas ledicias no

mundo"—, aquel gordo e xa fadigado marqués, cínico e aspro, pero aínda vello e ameazador, confinado nun manicomio peculiar, orgaizaba espectáculos nos que os personaxes eran interpretados por tolos.

Quezáis non poida atoparse en toda a vida de Sade unha peripecia que simbolice a torboencia e gratuidade da súa conciencia e da proxeición das súas ideas no seu tempo, de xeito pavurento e asolado no que se simboliza neste feito de dirixir e de interpretar as trasfiguraciós dos seus conflitos, coa axuda de doentes mentáis, cun manicomio-cárcere como esceario, e dediante dun auditorio benpensante que quezáis sentía aínda frostegazos de arrepío ante un Sade tan espaventoso como inofensivo.

Peter Weis tomóu aquel manicomio e aquela madeixa lamentabre de circustancias pra situar unha obra terrible. Pero o seu propósito non era únicamente considerar o pensamento de Sade no contesto dunha istitución produto dun tempo entolecido. O seu propósito era confrontar o incisivo e estremo individualismo de Sade coa "idea dunha trasformación política e social".

Pra desenrolar estoutra corrente ideolóxica da época servíuse doutro personaxe histórico: Jean-Paul Marat. "Apenas haberá outra figura da Revolución Francesa que fora tan espaventosa e sanguentamente pintada pola historiografía burguesa do século XIX como a de Marat: elo non debe estranarnos, porque o pensamento de Marat leva en liña direita ao marxismo, inda que tamén á prosimidade dunha perigosa ditadura", pesie a atopárense nos seus escritos abondosos insultos contra da ditadura. No noso século, "autores coma Rosborj, Bax e Gottschalk comezaron a correxir o retrato de Marat e a descobrir a agudeza das súas argumentaciós políticas e científicas". Peter Weis amece: "Na nosa aitual restrospeción debemos ter presente que Marat é un dos que emprincipiaron a acuñar o conceito de socialismo, e que nas súas violentas teorías subversivas había aínda moito elemento irrelevante e desorientado".

En todo caso, quezáis un algo por mor das súas aspras contradiciós e outro pouco pola súa situación dentro da historia e do medo desencadeados naqueles anos, da completa falla de seguridade personal —foi ameazado, perseguido, cobizado por quenes desexaban acabar con el—, é certo que Marat non resultóu parco nas acusaciós, que naqueles tempos eran sinxelamente o pulo de execuciós inmediatas. Mesmo, nos derradeiros días da súa vida, Marat condenóu ao ex-sacerdote Jacques Roux, que o seguira e defendera e que o superaba nos seus sentimentos de axitación.

Pra unha época alporizada unha esceografía alporizada. Peter Weiss situóu naquel manicomio a dialéctica e as fricciós daquelas diferentes conceiciós do mundo e do home. Os actores simulan ser tolos que simulan ser personaxes. Ás veces arracímanse en escea congregaciós de tolos que interpretan o algareo e o asaño do pobo desenganado ou desesperado. Nalgún intre, un tolo —un actor que interpreta a un tolo que interpreta a un personaxe— interrúmpese durante a súa actuación e padece na escea un esvaecimento ou un ataque de tolería. Ás veces un actor-tolo-personaxe introduce no comportamento da persona que compón algún elemento que corresponde ao comportamento do tolo: fadiga mental, alucinación, tics, sensualidade ostensíbel, gargalladas estarrecedoras. Durante unha

escea aparez a carreta dos condeados á guillotina. Ás veces os berros dos tolos-pobo xa se non distinguen dos berros aluciantes dos tolos.

Entramentras, os gardiás do manicomio asisten impasíbeles en canto sucede a acción, ate que, rematada a intervención dun actor, interveñen á súa vez e afástano ou arrástano, cecáis batendo nel: outravolta é simplemente un tolo.

Nunha cadeira situada nun lugar alto e visible, a grosa figura de Sade dirixe a escea, e ouserva cunha ollada de atención o cinismo. En ocasiós, ingresa no cerne da obra e actúa; manda que o azouten; espido de meio corpo, móvese, monologa, indica. A súa principal participación está dada nas súas conversas e as súas polémicas con Marat, que, decote permanez metido nunha bañeira, espido, traballando asañadamente nas súas proclamas e rañándose deica arrincarse sangue. "A doenza sicosomática da pel, contraguida por Marat a consecuencia das privaciós sofridas nos seus recouchos soterráns, e da que se resentíu durante os derradeiros anos da súa vida, obrigáballe a pasar moitas horas na bañeira pra brandecer o proído".

Dende logo, o enfrontamento Marat-Sade dentro do manicomio é pura fabulación de Peter Weiss; non tivo lugar na realidade, e está apoiada somente no feito de que Sade foi "quen pronunciou a oración fúnebre diante da tumba de Marat; mesmo nese intre —engade Weiss mas súas *Ouservaciós arredor do fondo histórico da nosa peza,* testo que vimos citando— a súa relación con Marat é ambigua, pois Sade pronunciou o discurso sobre de todo pra salvar a vida, xa que volvía estar en perigo e incruso nas listas de vítimas da guillotina".

A confrontación destes dous personaxes na simulación dun montaxe teatral de Sade no manicomio de Charenton ten, pois, unha finalidade dexergable: acentuar e trocar en situación estrema, meiante o entramado das súas conversas antre sí e dos seus comportamentos cara o público, a ambigüedade que saltaba como unha charamusca ardendo ao topeñazo daquelas dúas conceiciós do mundo; ambigüedade que formaba parte moi considerábel da situación xeneral da época.

A forma na que foi elaborada esta fabulación escénica apoiada en datos históricos, unida á brillantísima técnica teatral empregada, permite unha estimanza do drama que se non limite á simple recreación do pasado, sinón que reborde o tempo histórico do que partíu e sinale algunhas das tensiós visíbeles do presente.

Esta función cúmprese en varios dos parlamentos do coro e nalgunhas das actitús masivas do pobo; pero tamén na acentuación —acentuación que en ocasiós atingue a agresividade— do conflito prantexado antre un revolucionario activo e ás veces decididamente estremista —Marat— e un intelectual —Sade— que "apoiaba, por unha banda, a argumentación radical de Marat, e ollaba, por outra, os perigos dun sistema totalitario".

Todo esto dexérgase dabondo na leitura da peza. Pero é seguro que unha boa escenificación deste drama —a escea do asesinato de Marat é particularmente sobrecolledora— debe de siñificar pra o espectador unha esperiencia cuias riquezas e intensidade poucas veces acada comunicar unha obra de arte.

FÉLIX GRANDE
Hamburgo

RETORNO A TAGEN ATA, por X. L. Méndez Ferrín [1]

O nome de Xosé Luis Méndez Ferrín é ben conocido nas nosas letras, tanto no campo da creación literaria como no da investigación e da crítica. En ambos os dous ten feito achegas importantes. Libros como "Percival e outras historias", "Voce na néboa", "O crepúsculo e as formigas", "Arrabaldo do Norte" e, agora, "Retorno a Tagen Ata" asegúranlle un posto relevante na nosa literatura nova, mentres que os seus estudos sobre Pero Meogo e sobre Pondal danlle tamén merecida sona dentro do campo da investigación e da crítica literaria.

Na súa obra anterior a "Retorno a Tagen Ata" campa unha vigorosa forza imaxinativa e unha crecente preocupación polas técnicas narrativas en boga, que sabe asimilar —e galeguizar— con talento. Simultáneamente coa realización desa obra, vai amosando no Ferrín outra preocupación crecente que tamén chegaría a caracterizalo: a transformación da historia e as forzas que a poden realizar. Estas dúas grandes preocupcións ferriniás —a asimilación das novas técnicas narrativas e a asimilación do dinamismo hisórico—, nel están referidas á súa radical emoción galega, que é o cerne da súa persoalidade. No fondo, o Ferrín arela anovar a literatura galega coas máis avanzadas técnicas narrativas e arela anovar a conciencia colectiva de Galicia coas máis avanzadas inquedanzas transformadoras. Que ambas arelas sigan ou non o camiño máis fecundo, sempre poderá discutirse; que ambas arelas son sinceras no Ferrín, é indiscutíbel.

Ambas preocupacións fúndense literariamente en "Retorno a Tagen Ata", con craro predominio da segunda sobor da primeira. Trátase dunha fábula que quer simbolizar o drama histórico dun país —*Tagen Ata,* o vello país dos *azerratas*— que loita pola súa plena persoalidade nacional, como tantos e tantos países están hoxe a facer en todo o mundo. Esa loita —como todas as loitas importantes— divide aos protagonistas —niste caso aos patriotas azerratas— nas dúas eternas actitudes humás: a que opera sobre a base dunha evaluación da realidade e a que opera sin outros miramentos que as propias ideas. Dous tipos de mentalidade nas que se dan, dende logo, diversos grados e matices e que ás veces dependen da estrutura temperamental e ás veces do grado de esperiencia asimilada. Son antagónicas, naturalmente, mas trátase dun antagonismo necesario ao progreso da acción humá. Sin esa antagonía entre o *realismo* e o *utopismo,* as sociedades ficarían estáticas e o esprito humán enguruñaríase na pura acomodación.

Méndez Ferrín, na súa fábula, trata de nos presentar esa tensión de actitudes dentro da loita patriótica dos azerratas. Faino de maneira belixerante, tomando partido na loita a través da identificación —no plano ideal— con Rotbaf Luden, o persoaxe central da fábula, persoaxe simpático apesares do seu sobexo esquematismo, e que seguramente a maioría dos azerratas —tanto os realistas

[1] Edicións Castrelos. Vigo, 1971.

como os utopistas— desexarían que for algo máis que un pantasma literario ferrinián. Como é adoitado neste tipo de fábulas utopistas, tamén eiquí entra en xogo unha doble sustitución: a da realidade polas propias ideas e máis a do presente polo futuro. Nunha óptica idealista e futuríbel, craro está que todas as utopías son posibeis. Crealas é un gozo imaxinativo e crélas é un gozo espritoal. Si ademáis se conta con talento literario para elaboralas, poden acadar un valor ouxetivo e permanente.

Que o Ferrín ten talento literario é cousa ben sabida. Que ese talento se manifeste con plenitude nesta fábula xa non resulta tan indiscutíbel. Hai nela demasiado esquematismo maniqueo e, polo predominio deste esquematismo, falta de palpitación vital. Haina episódicamente, como de esguello, nas referencias ao ambiente, e entón si que brilla libremente o talento literario. O contraste entre o enxoito esquematismo do núcleo da fábula e o centileo episódico do seu marco ambiental chega a nos dar a impresión de que o autor quixo evitar conscientemente a libertade brilladora do seu talento literario supeditándoo, en ascética renuncia, á hexemonía da pura dialéctica ideal.

Aínda que breve, iste texto ferrinián desperta no leitor unha fonda simpatía cordial. Pois que se trata dun escritor xoven, de rexa persoalidade, agardamos dil unha obra comprida e variada —sempre valiosa— que irá refrexando a evolución persoal do autor.

R. PIÑEIRO

BAJO LA DOBLE ÁGUILA. GALICIA EN EL REINO DE CARLOS V, por Emilio González López [1]

Dispóis das Historias de Galicia de Vicetto e Murguía, ninguén se astrevera, que eu saiba, a se facer cárrego da irta tarefa do estudo da nosa historia como laboura individual, e con un senso moderno de interpretación da historia, empregando novas fontes de pescuda, pra o que se necesitan altos folgos, deica a que encetóu don Emilio González López no ano 1957 coa pubricación do primeiro libro —ou chámese tomo— tiduado *Grandeza y decadencia del Reino de Galicia* saído do prelo exactamente un século —¿pura coincidencia?— logo de dar Vicetto á luz o seu primeiro tomo da romántica *Historia de Galicia.*

Tivemos e temos homes esgrevios e talentudos no presente século que se mergullaron nos feitos históricos, políticos, sociáis e económicos de Galicia, mais sempre traballando en equipo, ou dando ao prelo valiosas monografías que nos deixan ao descoberto bocados aillados dos factores apontados do esistir galego. Os esforzos de todos os canteiros que teñen labrado as diferentes pezas que compoñen o edificio da nosa hstoria, tendo como horizontes as fronteiras de Galicia, son merescentes de gabanzas, xusto respeito e ademiración. Mais cando unha soa persoa, esplorando novos enfoques, diferente estilo, empregando fontes bibliográficas capaces de pór nas mans do escudrumador materiáis deica hoxe descoñecidos, e vindo a realidade histórica de Galicia avencellada ao desenvolvemento histórico do resto da península, se embarca nunha tarefa de tan altos voos como a de don Emilio González López, esa persoa é dina, non só de ademiración e respeito, mais tamén de loubanza, estudo e imitación.

O púbrico español, e en particular o galego, xa coñece catro tomos da obra inxente de don Emilio. Dous deles: *Grandeza y decadencia del Reino de Galicia* e *La insumisión gallega. Mártires y rebeldes,* pubricados pola Editorial Citania de Buenos Aires, nos anos 1957 e 1963. Os outros dous saíron do prelo en Vigo ao cárrego da Editorial Galaxia nos anos 1969 e 1970 cos tiduos: *Los políticos gallegos en la Corte de España y la convivencia europea* e *España de negro. Galicia durante la Contrarreforma.*

[1] Patronato da Cultura Galega. Montevideo, 1970.

Os dous primeiros tomos encerran o estudo da historia de Galicia, cinguida a bocados á de Portugal, dende as orixens deica os derradeiros anos do século XV, no que os Reis Católicos impoñen a unidade política e relixiosa nos reinos chamados de Castela e Aragón. Logo, nos outros dous dados á luz por Galaxia, se nos apresenta, por primeira vez, unha visión radicalmente nova da historia de Galicia e dos galegos baixo o Imperio dos Austrias da Contrarreforma e da decadencia española dos derradeiros Austrias, intre no que don Emilio descubre o prestixio, infruxo e acertada política que os nobres galegos exerceron durante un bo feixe de anos nos negocios nacionáis e internacionáis da España dos séculos XVI e XVII.

Mais fallaba o tomo que espricara o inicio e desenrolo deste proceso activista dos galegos nas cousas do Estado español e na vida galega refrexada nas instituciós políticas, sociáis e culturáis que ficaban sin espricación pra o leitor que tivese coñecido os dous derradeiros tomos saídos dos prelos vigueses. Pois, a obra de don Emilio González López, aínda que cada tomo leve un tíduo diferente, non siñifica que no seu deliñamento e desenrolo, non garde un fieiro esteso de continuidade. Por eso, este novo tomo que sae ao púbrico con unha longa demoranza —o limiar está firmado en Nova Iorque no 1965—, ven a nos espricar a orixen da tremenda infruencia dos galegos na Corte de España, e os esforzos tencionados por mellorar a situación desaventaxada que poseía Galicia dende facía muitos anos.

Nos primeiros capíduos deste tomo, o autor sitúa os feitos e ambienta ao leitor na derradeira política practicada polo Rei don Fernando e Cisneros no ámito nacional, e en particular en Galicia, na que se albisca a xenreira sentida por aquél escontra a nosa terra, como resultado da oposición aberta oferecida polos rebertes galegos ante a política centralizadora dos Reis Católicos, alén de non ter esquecido a afouteza que tivo o pobo galego de se opor ao nomeamento de Isabela como raíña de Castela, seguindo o bando da Beltranexa.

Pero logo cambian as cousas coa chegada e estadía de don Felipe o Fermoso en Galicia onde atopóu un afervoado grupo de nobres galegos que lle dispensóu un morno rescibimento, os cales estaban dotados dunha ampla e aberta visión da política española. E estes nobres galegos terían de ser os que se encarregasen de abrir os novos vieiros polos que tiñan de se mover, pouco máis tarde, o Conde de Gondomar, o Conde de Lemos e don Baltasar de Zúñiga, antre outros, pra levar á práitica o plan dunha política de convivencia, escontra do pensamento militarista e belicoso doutros políticos casteláns persoificados no Conde-Duque de Olivares.

Pero si ben se enceta con Felipe o Fermoso a recuperación do prestixio da nobreza galega, e as súas funcións na política da España ao principio do século XVI, tiña de ser, segundo don Emilio González López, o estabelecimento oficial da Casa dos Austrias, coa chegada a España de Carlos I, o verdadeiro intre en que os galegos escomezarían a rubir pola escada que os levaría aos máis altos postos da adeministración dos Austrias.

Carlos I atopa antre os galegos —xente que vive cara os largacíos horizontes do mar, de mentes abertas e fondas cheas de ricaz contido— nobres de formación renacentista que lle son uns dos máis achegados aliados da súa política europea e universal. De aquí que na Cruña e Santiago se xuntasen as Cortes co gallo de que lle fora fornecido o diñeiro que necesitaba pra ir a se coroar Emperador. E é neste intre, cando os galegos representados polos Condes de Andrade e Benavente, este derradeiro ligado a Galicia por vencellos familiares e intreses, e o Arcebispo Alonso Fonseca de Ulloa, amosan por primeira vez o sobranceiro prestixio de que disfrutaban ante o Rei, recuestando pra Galicia o Voto nas Cortes que este reino tiña perdido facía anos. A misión non foi cumprida, di don Emilio, mais os galegos deixaron crara a súa posición e arelas políticas, totalmente imposibres de manifestar por anos deica este momento.

Conquerida, deica certo punto, a confianza do Emperador por algúns nobres galegos, veñen as luitas das Comunidades a despertar as concencias políticas dos nobres galegos, e logo de refugar a participación nas devanditas guerras, os galegos póñense do bando de Carlos I, aproveitando o intre político pra soli-

citar o Voto nas Cortes, e unha Casa da Contratación na Cruña na que ollaban unha melloría da economía galega, e unha meirande participación no afluente benpasar nacional.

Se non conseguíu o Voto nas Cortes, mais, de todos xeitos, como nolo presenta don Emilio neste tomo, os galegos escomezaron a facer acto de presencia na política española, conquerir novo prestixio e a exercer certa infruencia na Corte.

Dende este intre xa non se debería escribir a historia de España sin ter en conta as inxentes aportacións da terra e homes de Galicia, especialmente logo do período en que a política feramente centralizadora dos Reis Católicos tiña abafado á nosa terra, conxelado o noso pensamento e cativado aos nosos xenios; nembargantes a historiografía española deixóu de lado os feitos acaescidos na periferia do país téndoos como valeiros e sin importancia, adicando os seus esforzos a pór en primeira ringleira aqueles que acontecían no centro da nación nos que centraron a esencia dunha nación multiforme. E así como aquí se fala de Galicia, poderíanse nomear outras rexións que xogaron un alto papel no conxunto histórico de España.

Esa falla vena cubrir don Emilio González López co presente tomo, e cos xa pubricados, e a ten de seguir cos que está preparando. Don Emilio fíxose cargo ao escribir a historia de Galicia desta tarefa, ou sexa, a de levar a cabo a laboura que tiñan de facer os que se adicaron a escribir a historia de España, que sería a de encadear os feitos históricos de toda a península pra dar con un núcleo sustancial e ouxetivo que refrexara a verdade vivencial do pobo español. E así é como procede, aínda que ao revés, don Emilio na súa obra, na que non só presenta a historia de Galicia aillada nas súas fronteiras, senón que a avencella coa de Castela como efecto dunha causa común, aínda que garde certas diferencias individuáis, dados os caracteres diferentes de galegos e castelans, con diferentes probremas tamén.

Don Emilio González López non bota a rodar a historia de Galicia ao rabo da do resto de España, senón que a desenrola como parte integrante do total histórico peninsular. E si na historia de Galicia se atopan feitos desleirados do resto de España, non foi porque Galicia os procurase, mais porque se víu empurrada polas circunstancias e presiós dunha política pouco realista.

Malia todo, como nos fai ver don Emilio neste tomo e nos outros, Galicia encetóu un novo acercamento á Corte, co que se producíu o fenómeno emigratorio —unha das tantas fases da historia deste cancro que roéu a Galicia ao largo dos séculos— esta vegada dos nobres galegos que casan con xente dafora, poida que co gallo de conquerir maor prestixio e poder, pra ao mismo tempo se liberar de certos prexuicios de posibre esistencia antre outros nobres da Corte española, e deste xeito ter doada entrada nos negocios da política española dende onde poderían refacer o prestixio e posición política, económica e social que lle pertencía a Galicia.

Neste tomo da historia de Galicia, podemos seguir a liña rubinte de participación da nobreza nas cousas do Estado, e a infruencia que aquéla marcóu no desenrolo cultural —lembremos a don Alonso Fonseca e Ulloa, cuia memoria se non pode desleirar do intre renacentista galego— da Galicia dos primeiros anos do século XVI.

Alén do movimento cultural xenerado en España pola política renacentista de Carlos I da que se aproveitóu Galicia a traveso da nobreza civil e ecresiástica, non con tanta sorte como outras zonas de España, don Emilio deixa moi ben apontados neste tomo, outros efectos como resultado repercutorio do impacto imperialista de Carlos I. Así nos fala do estabelecimento da Casa da Contratación creada na Cruña, de onde tiñan de sair as espediciós que se dirixían ás Molucas, tendo tamén este porto o privilexio de comerciar con países do norte de Europa. Desgraciadamente a Casa da Contratación pouco tempo duróu, mentras que o comercio cos países do norte seguíu polos vencellos que había antre os países do ámeto anglosaxón e a posición xeográfica do porto da Cruña.

A formación académica de don Emilio nas Ciencias Sociáis, e o senso vitalista que ten o autor da historia, lévanno a estudar os elementos sociáis tan estreitamente avencellados á historia dun pobo, neste caso o galego, e por iso nos fala dos probremas sociáis que fendían a Galicia, relacionándoos coa política nacional que era a que determinaba o ben ou o malestar das diferentes partes de que se constituía a monarquía imperialista da España dos Austrias. E dentro desta liña, descúbrenos o autor novos datos, que interpreta con acerto, do vivir galego dentro da comunidade nacional, e fálanos das comunidades relixiosas co conseguinte impacto que produciron na vida de Galicia, como tamén da imprenta e as descubertas de alen-mar nas que os galegos tiveron certa participación.

Non deixa de tratar as reformas que se levaron a cabo nas Belas Artes, refrexadas en certos monumentos artísticos de hoxe, xa ecresiásticos como civís de algunhas cidades e vilas galegas. O renacimento artístico tan abondoso en outras partes de España, resultóu cativo en Galicia, por depender éste da economía das rexiós. Por conseguinte, a economía de Galicia desta época, atopa o seu sitio neste tomo, e que o autor coida fundamental pra comprender certos feitos e espricar outros, mais sempre avencellados ao proceso económico de toda a nación.

Apesares de que a nobreza galega tiña atinguido unha certa posición relevante na política do primeiro Austria, non poseía a suficiente forza pra que as terras galegas disfrutasen da prosperidade material e cultural que o Imperio estaba acumulando en outros lugares de España, principalmente no norte cántabro, centro e sul. De aquí que, ao se non pousar os beneficios da prosperidade económica española nas terras de Galicia, a cultura galega non pudo levantar o vó ao mismo ritmo que marcaban as áas da dobre aguia dos Austrias. Por outra banda, como fica apontado, segundo o historiador don Emilio, os nobres galegos deixaron as súas bisbarras e liscaron pra a Corte de España á procura, non só de títulos, senón tamén de prestixio e poder, deixando, deste xeito, marcados os vieiros polos que tiñan de camiñar os futuros nobres e homes de Estado galegos. E esa emigración dos nobres foi seguida por unha grande porción do pobo galego cara Andalucía, emporio, no século XVI, da economía española.

Este novo tomo de don Emilio engadido aos xa pubricados encol da Historia de Galicia, danos a coñecer o inicio da participación galega na política do Imperio dos Austrias, e con ese feito sitúa a Galicia como un peón máis, que artellado na estrutura nacional, traballa na feitura da historia nacional e axuda a axeitar o ser colectivo dun país multiforme que moitos historiadores esquecen, poida que a man tenta.

O valor da obra de don Emilio González López é alto, non só por nos apresentar novos datos e xustas interpretacións da historia de Galicia, saídas, quizaves, do coñecimento de novas fontes bibliográficas estranxeiras que fornecen ao autor materiáis que lle proporcionan unha visión máis ouxetiva ao compor a súa obra, senón pola abelencia con que engade todos estes feitos da historia de Galicia aos que, no mismo tempo ou época, se efectuaban no ámeto nacional.

A técnica empregada en todos os tomos deica hoxe pubricados por don Emilio González López, en canto á redaición —capíduos cortos, fáciles de ler, sin fárrago e ben axeitados nos que non falla o senso de continuidade— axudan a acrecentar o mérito que ten o novo enfoque dos probremas, a nova visión da historia galega e a leición de honestidade no estudo e interpretación da historia dun pobo sempre disposto a procurar novos horizontes no ámeto nacional e rexonal.

A. RICÓN

EL ESPACIO REGIONAL EN EL DESARROLLO ECONÓMICO DE ESPAÑA, por Jesús Cambre Mariño [1]

Lévanse escrito moitas e moi variadas cousas encol dos espazos rexionáis e os seus desequilibrios nos procesos de desenrolo económico. Moitas e moi variadas cousas que van dende os estudos rigorosos e as intuicións abesulladoras de fenómenos moi radicáis, deica as paifocadas máis choqueiras e as banalidades máis fachendosas. No libriño de Xesús Cambre ao que me refiro eiquí están presentes dúas mostras moi veciñas dises dous cabos opostos dunha posíbel métrica valorativa que acabo de sinalar. Non se alporice o leitor. O traballo de Xesús Cambre encol do espazo rexional no desenrolo económico de España está montado, como aportación positiva, no análise crítico dun traballo de Isbert Soriano pubricado nun volume monográfico da revista *Tiers Monde* consagrado á economía española [2]. E velahí o contraste: dunha banda, as ideas asisadas e intelixentes do Cambre; doutra banda a superficialidade, cando menos, do traballo do Isbert —que o autor diste comento tamén leu no seu día. Ise contraste convírtese nunha das cualidades máis positivas do libriño de Cambre, poisque fornece ao leitor un esquema sinxelo e moi lucidío pra interpretar o feito rexional na economía española e máis pra eludir o engado das formulacións aduviadas cun aparello técnico moi atraínte, pro carentes de validez pra un análise en profundidade dos desequilibrios rexionáis e das súas causas xeneratrices. Cousa ésta moi importante en opúsculos —e digo opúsculos pola dimensión, non pola trascendencia do seu contido— dirixidos á información básica das xentes que non teñen vagar nin conocementos abondo pra manexar de primeira man as esculcas dos especialistas en cada tema relevante pra a vida do individuo nunha sociedade contemporán.

Cambre Mariño é autor xa conocido dos nosos leitores, polas súas colaboracións na *Revista de Economía de Galicia,* polo seu escelente libro encol do ensino en España e en Galicia no contexto da economía do desenrolo [3], polo seu penetrante traballo encol dos complexos portuarios europeos [4], no que fixera un análise ben cumprido dos pros e contras dun superporto na beiramar galega cando aínda estaban recén nadas as iniciativas pra un Iberpuerto na ría de Arousa —que como sabemos quedaron en "secos"—, etc. Mesmamente o primeiro volume da coleición "Agra Aberta" de Galaxia contiña un traballo de Xesús Cambre encol da problemática económica rexional dende o punto de vista de Galicia [5]. Agora Cambre enfoca doutra maneira o tema e espono en cinco capíduos: I, as grandes liñas da economía española e a situación nela de dúas mostras ben siñificativas na perspectiva espacial (Galicia e a aglomeración urbá madrileña); II, a configuración dos desequilibrios rexionáis; III, os ensaios de división económica rexional do conxunto español; IV, os movementos migratorios internos, e V, a distribución espacial da renda.

O prantexamento está moi craro: "Urxe —escribe— percurar e atopar as fórmulas necesarias pra un desenvolvemento máis equilibrado de España. Con iso, á par que se fai xusticia ás aspiracións das distintas comunidades que integran o conxunto da nación, lograráse un milloramento do todo nacional ao reducirse as tensións sociáis e económicas que enxendra o desequilibrio actual, ao incorporar máis de cheo á vida nacional e ao esforzo productivo total poboacións que hoxe viven marxinadas, ou semimarxinadas, do fluxo económico, da interrelación social e do arrequecemento cultural". No enfoque diste problema

---

[1] ZYX, Madrid, 1970.

[2] Tiduado *L'Espagne à l'heure du développement,* e correspondente a outubre-decembre de 1967.

[3] X. Cambre, *Educación e Desenrolo,* Galaxia, Vigo, 1969.

[4] X. Cambre, *A revolución dos transportes marítimos e os complexos portuarios europeos,* Galaxia, Vigo, 1969.

[5] J. Cambre, *Galicia ante el desequilibrio regional de España,* Galaxia, Vigo, 1968.

adóitase distinguir antre os fins económicos e os sociáis, como se puideran ser, xenérica ou específicamente considerados, contraditórios antre iles, e sin reparar en que as contradicións xurden somentes cando os así chamados —con certo confusionismo frecuente— fins económicos e sociáis se consideran no marco dun sistema social dado. Referíndose a Galicia, Cambre afirma que "non pode esistir contradición algunha antre os fins económicos e sociáis nunha política determinada que pretenda a posta en función dos considerábeles recursos naturáis de Galicia pra dar unha vida millor á súa poboación". Pra que isto sexa realidade, compre artellar os diversos aspectos da problemática do desenrolo na óutica rexional. "O que se debe percurar —escribe Cambre— é unha auténtica reforma rexional que teña en conta na súa formulación todos os planos da actividade humá, non soio dende o abstracto punto de vista do *homo economicus*, e que se leve a cabo co concurso direito das poboacións concernidas, dando canle ás súas aspiracións comunáis... Nunha verba: o que se pide é unha reforma rexional de sino democrático, na que participe activamente a poboación concernida, non unha reforma dictada por decreto". Como conclusión resulta, naturalmente, que "se impón unha auténtica reforma administrativa que reconoza a vitalidade das comunidades rexionáis españolas, verdadeiros alicerces constitutivos da nación. Esa rexa vitalidade que resistíu trunfante a aición asfixiante dun centralismo importado e superposto durante os derradeiros séculos, pode e debe afortalarse dotando ás rexións das institucións axeitadas pra o seu desenrolo".

X. M. B.

UN CASO DE LYCANTROPÍA (O Home-Lobo), por Vicente Risco [1].

A Real Academia Gallega editóu algúns dos discursos de ingreso que permanecen inéditos nos seus arquivos e, na medida en que conte cos medios necesarios, tenciona proseguir este labor. Ven de sair a luz o discurso que lera Vicente Risco o 23 de febreiro de 1929, xunto coa resposta de Ramón Cabanillas.

Foi atinada a decisión de publicar este discurso do Vicente Risco, porque se trata dun traballo que refrexa ben a persoalidade espritoal do autor. Trátase dun tema etnográfico —que é a disciplina científica cultivada polo ilustre director de "Nós"—, no que campan as súas escelentes cualidades de craridade espositiva, información amplia, afervoada percura da identidade cultural galega, fe na tradición popular como raíz viva desa identidade, e, entremedias de todo eso, unha puntiña de humor irónico.

O tema é moi concreto: esposición e interpretación dun caso de lycantropía ocurrido en terras de Allariz a meiados do século XIX. Valéndose dos documentos xudiciáis do testemuño oral das xentes de Allariz, Risco preséntanos ao protagonista —Manuel Blanco Romasanta— coma un home traballador, servicial, de grande abelencia para toda cras de labores (masculinas ou femeninas), relixioso, ben criado, que se ocupa en varios oficios e que se move por varios lugares (Galicia, Portugal, León e Castela). Cando andaba polos 40 anos, a xente deu en desconfiar del, apoñéndolle que enganaba ás mulleres coa promesa de lles percurar moi boas colocacións en Santander, que as mataba no camiño, que lles sacaba o unto e que o vendía en Portugal. Fuxía a Castela con documentación falsa, mas, reconocido e denunciado por uns segadores galegos, foi preso e trasladado a Allariz. Alí confesa que dende trece anos antes estaba ferido por unha estrana doenza que de vez en cando o convirte en lobo —o *lobis-home* da tradición popular— e que o obriga a percurar a morte e o sangue. Como víctima desta *fada* confésase autor de todas as mortes que lle apuñan e de varias

[1] Discurso lido por don Vicente Martínez-Risco Agüero. Real Academia Gallega, 1971.

máis, das cales algunhas comprobóuse que non eran certas. O caso acadóu unha grande resoancia. Sobre a base distes feitos, o Risco vai analizando o mito da lycantropía no folklore europeo, a súa orixe psico-social (supervivencias totémicas), o conceito galego de *fada* (maldición), a orixe etnográfico-histórica do mito (preferentemente no Norte de Europa), que testemuña unha vez máis o substrato europeo da cultura galega, etc.

No desenvolvemento do tema están ben presentes as ideas etnográficas do Risco, o que abondaría para lle dar gran interés a iste discurso, pro a maiores desto leva unha breve introdución na que aparece, en breve síntese, o esquema da súa filosofía da cultura, no esencial moi coincidente coa de Spengler, mas con unha profesión de fe na salvación da Galicia xenuina pola súa identificación plena, case mística coa mentalidade popular.

R. PIÑEIRO

LA LUSOFILIA DE DOÑA EMILIA PARDO BAZÁN, por Pilar Vázquez Cuesta [1]

A profesora Pilar Vázquez Cuesta, ademáis de ser autora da mellor Gramática Portuguesa entre as actuáis, é moi profunda conocedora das relacións culturáis e políticas entre España e Portugal ao longo do século XIX. Ten levado a cabo pescudas moi interesantes encol desas relacións, que resultan ser máis intensas do que hoxe se adoita crer. E, dentro destas pescudas, ten prestado especial atención ás relacións galego-portuguesas, dándonos a conocer, por exemplo, valiosos datos sobre o papel de Curros Enríquez nesa actividade intercomunicativa hispano-portuguesa.

Neste traballo, escrito para formar parte dun tomo-homenaxe a Dámaso Alonso —"gallego y lusófilo", di a autora na adicatoria—, estuda Pilar Vázquez Cuesta un aspecto ben pouco conocido de doña Emilia Pardo Bazán: a súa lusofilia entusiasta, activa e constante. Confesa doña Emilia que foi a Lisboa por primeira vez cando tiña 17 anos e que, xa naquela ocasión, carente aínda de orientación sobre a literatura portuguesa, mercóu libros a eito e púxose a lelos con arela, e que, dende entón, nunca deixóu de se esforzar canto puido por seguir de perto a vida literaria e cultural portuguesa, chegando a manter relación persoal direita con algunhas das súas figuras máis ilustres, entre as que cita a Eça de Queiroz e Teophilo Braga.

Pilar Vázquez Cuesta fai o estudo detallado desta lusofilia da condesa de Pardo Bazán, no que se bota de ver unha vontade incansábel de conocemento da literatura lusa, unha amorosa nostalxia de Portugal e un entusiasmo moi sincero por parte de doña Emilia en fomentar o achegamento das dúas culturas. Sorprende, por exemplo, a rapidez con que a condesa galega soupo valorar a Eça de Queiroz e o interés que puxo en dalo a conocer aos seus amigos de España e de Francia.

Cabe agardar que en novos traballos poña en craro os contactos persoáis e intelectuáis de outros escritores galegos coa cultura portuguesa, co cal a nosa paisá Vilar Vázquez Cuesta contribuirá moi positivamente a un dos capítulos interesantes da nosa historia cultural.

G.

[1] Separata del "Homenaje Universitario a Dámaso Alonso". Madrid, 1970.

A CRISIS DA UNIVERSIDADE EUROPEA, por Enrique Vidal Abascal [1]

Ben está, nestes tempos de crisis de tantos valores tradicionáis da cultura europea, que un cadeirádego compostelán, é decir, europeo por definición, consagre o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega ao análisis do estado contemporán da institución que foi decote un dos alicerces máis firmes deses valores culturáis en crisis hoxe. Ben está, ademáis, que ese cadeirádego sexa un matemático —un matemático tan definido polo seu rigor inteleitual coma pola súa vocación humanista. E ben está, aínda, que Enrique Vidal Abascal, cadeirádego da nosa Facultade de Cencias, desenrole o seu preciso análisis da Universidade servíndose da lingua galega, é decir, dun elemento da avenza cultural europea que está a sair, mesmamente agora, dunha longa crisis que a piques andivo de enterralo pra sempre. O feito, o relevante e siñificativo feito, desprende así un certo recendo a paradoxa e contradición aparente. Que sexa un matemático da Universidade compostelán o que diserte en galego encol da crisis da humanista universidade europea, velahí que aparecen ensarilladas circunstancias ben paradóxicas de primeiras. E porén o feito ten unha lóxica consistente e unha cabal siñificación positiva. É a inadecuación da universidade tradicional aos requerimentos da sociedade a raigaña principal da súa crisis, é a universidade galega unha das que levan andado máis tempo de costas ao seu país, e teñen sido a iñorancia do idioma propio e máis o raquitismo do labor universitario nas cencias esaitas e da natureza os dous síntomas cecáis máis reveladores desa postura enquistada da nosa institución superior do ensino cara un pobo de fala galega no que case todo está por facer no vieiro do desenrolo e do adianto tecnolóxico. Por fortuna, está a cambear este panorama nos nosos días. Mais nada ten de raro xa, vistas as cousas deste xeito, que sexa un home coma Vidal Abascal o autor deste discurso encol de "A crisis da universidade europea".

O ensaio do profesor Vidal Abascal desenvólvese en catro capíduos (I. Os distintos tipos de Universidade; II. A crisis da Universidade; III. A Universidade positiva; IV. A formación e a educación na Universidade) precedidos dunha introdución na que se prantexan os problemas cruciáis (a reforma, o porvir e o artellamento democrático da Universidade), e seguidos, pra remate, de dous apéndices, nun dos cales se trata dos movementos estudiantís e adicado o outro á universidade galega en particular. Constitúe, pois, o ensaio un estudo moi completo da problemática universitaria actual desde o punto de vista dun inteleitual galego moi asisado, e as refleisións que contén ben merecerían un comento máis demorado e dialogante do que se pode facer nesta breve noticia.

Nefeito. Vidal prantexa moi lúcidamente a problemática da encrucillada na que se atopa a nosa universidade e os camiños que pode coller, tomando coma referencias comparativas á universidade americán e máis a soviética. Problema de reforma ben trambilicado, poisque por unha banda "a Universidade ha contribuire sempre a un sistema de vida, e incluso á persistencia dunha crase dirixente ou a que sexa sustituída por outra" —o que require unha toma de partido conscente entre "as ideas que loitan por atinguir a súa influenza" na modificación do papel da universidade cara a sociedade— mais, pola outra banda, a reforma da universidade refírese "á súa capacidade técnica como escola de científicos e de profesionaes", o que obriga a "analizar a súa posición frente á cencia e á necesidade de que teña centros pra esperimentación onde se poda lograr completar esa formación". Problema, en segundo lugar, de porvir, de saber cara "qué anceios camiña", pois como institución eminentemente conservadora que ten sido, e é, defrauda o idealismo do milloriño da mocedade que entra nela, e moi especialmente a universidade europea porque "pola súa orgaización crasista e medieval, retórica e literaria, resulta máis anacrónica e ineficaz que a universidade americán ou a rusa". Problema, en fin, de democracia na

[1] Real Academia Gallega, A Coruña, 1971.

Universidade, poisque "moito antes que a súa autonomía administrativa, moito antes que a súa relación coa sociedade, incluso pra probar que eses anceios son sinxelos, é preciso lograr un cauce natural pra que os problemas da Universidade, como tal, poidan ser tratados e examinados por todos aqueles a que constituen".

No tratamento deses problemas, Vidal sinala as características das institucións universitarias americán e soviética, facendo unha moi oportuna relación entre elas e as condicións da vida da sociedade na que están enxertadas, sinala os principáis defeitos da universidade contemporán e describe a universidade positiva sin deixarse engaiolar polo engado da "nova universidade" nin postular unha tecnificación da institución, poisque, como moi ben sinala, compre "poñer o acento na racionalidade da cencia que pide un sentido inquebrantable do rigor, do metodo, do sistema pra ordear as esperiencias inevitables pra chegar ao coñecemento, pero completando a formación co ambente artístico e literario e coa chamada formación humanista". Por iso nas súas conclusións encol da formación universitaria, Vidal escribe estas cousas fundamentáis e que *deberan* estar fora de toda dúbida, non soio no terreo dos principios, senón na práctica exemplar do ensino: "Ese é o tipo de home e os rasgos esenciás do carácter que pretende formar a Universidade: sentido crítico, libertade pra indagar, amor inquebrantable á verdade e ao coñecemento, anceio por adquirir o todo e o fondo das cousas, saber do valor do método, e do esforzo, e da tenacidade, saber dos límites da cencia empírica; mais tamén creer no destino superior do home e no valor da intelixencia pra non cellar en pretender ir sempre máis lonxe". E engade: "Non son caciques nin conductores de pobos o que pretende formar a Universidade (...); tampouco son meros profesionaes técnicos. A universidade centra a súa diferenciación no acento do valor da reflesión, analizando lóxica e racionalmente o ouxeto, o fin e os medios; o orgullo da Universidade e do universitario será a intelixencia e a materia que a intelixencia elabora: a cencia. A este anceio háse hoxe de engadir un sentido da vida que poida alcanzar a todos os homes en todas as capas sociaes, pra dispoñelo e adestralo pra unha intervención na acción e desenrolo da sociedade". E trasplantando esas mesmas ideas á universidade galega, escribe: "É preciso que os universitarios, estudantes e profesores, pensen na deuda que co pobo galego teñen e seipan ser dinos del, estudando os seus problemas, os seus sentimentos, os seus anceios, os seus amores e os seus arregueixos" (...). "O pobo galego ten sentido reflesivo cheo de abelencia (...); ten dignidade e espera resignado que a súa Universidade medre e se encha dun esprito enlevado pra que poida ser o alicerce e trampolín pra o seu desenrolo. É un pobo pacente na aparencia, pero que no seu peito bule un anceio reflesivo de xustiçia, de racionalidade, de planificación; dito nunha soia verba, de pasión pola intelixencia".

A edición deste discurso recolle tamén a resposta do académico don Ramón Otero Pedrayo, resposta, pois, dun compañeiro na condición de cadeirádego da Universidade galega, resposta xubilosa e acesa nun pulo de lirismo rexo pra festexar a incorporación de Vidal ao labor da Academia "ca emoción mesma con que o acolléu no seu claustro e maxisterio a Universidade Compostelán, sentíndose ca presencia e a colaboración do sabio matemático e *bon e xeneroso galego* máis fortecida e leda no seu camiñar a prol dos outos fitos...".

X. M. BEIRAS

CATIVO DA MIÑA TRISTURA, por Xosé María García Rodríguez [1]

Como tantos galegos, Xosé María García Rodríguez desenvolve a súa vida polo mundo adiante e conserva as raíces do esprito afincadas no eido nativo, ou seña, na fala e nas lembranzas da infancia.

[1] Galaxia, 1971.

Autor de unha dúcea de libros de diverso xénero —novela, poesía, biografia, historia—, escritos en castelán e publicados en Barcelona e na República Dominicana, nos que a mente cultivada e o talento literario de Xosé María García Rodríguez fanse ampliamente patentes, no fondo da súa persoalidade quedaba muda, inexpresada; esa raiceira espritoal que agromara na ría de Muros e que na ría de Muros adeprendera a falar a lingua da nai.

A súa vocación de escritor foise manifestando e afirmando nas sucesivas obras. Paralelamente, foi afondando nas camadas da súa persoalidade. E chegóu ao núcleo íntimo, ao casulo quente e tremante onde se garda a propia identidade. Este encontro da vocación coa intimidade tiña que virar a ésta comunicativa. E viróuna, craro.

Con esa naturalidade nacéu un novo libro. Mas non un libro máis na brillante serie dos xa publicados, senón un libro "íntimo", un libro de comunión co propio ser persoal e co ser comunal do seu pobo, co ser comunal "dos seus". De ahí que fora un libro poético, que fora unha poesía de sinxelo lirismo e que a súa lingua fora o galego.

O autor quixo entregarlle este libro tan persoal —poderíase decir que tan fillo de Muros coma el mismo, mais que fora escrito na outra banda do Atlántico—, á lingua galega, á cultura galega. Entregarllo como un tributo afervoado, como unha ofrenda entrañábel.

Contén pouco máis de tres dúceas de poemas nos que a vontade espresiva tende á sinxeleza e a sensibilidade está viva en cada verso. Cada poema leva a súa correspondente tradución castelá feita polo mesmo autor e, frecuentemente, interesantes notas lexicáis. Por certo que ao comentar a palabra "morriña" nos seus sinificados de "nostalxia da terra" ou de "estar tristoño", afirma que é xenuinamente galega, pois que en portugués sinifica "roña do gado" ou "enfermedade miuda e longa". En canto ao seu uso máis común, así ocurre, mas non sempre. En algunhas bisbarras de Galicia, a palabra "morriña" aínda conserva o seu sinificado de "roña dos animáis *ou das persoas*".

G.

AMOR RUIBAL, PRECURSOR DO "AGGIORNAMENTO", por Emilio Silva *

O P. Emilio Silva Castro é un intelectual galego —nado nas terras luguesas de Láncara— afincado no Brasil, onde rexe a cátedra de Filosofía Xeral, Ética e Estética na Universidade do Estado de Guanabara. Autor de notables estudos sobre Séneca e o senequismo ibérico e máis sobre Unamuno, a súa triple condición de relixioso, de filósofo e de galego tiña que o achegar á figura e máis á obra de Amor Ruibal.

Este atraemento intelectual pola obra do filósofo compostelán sentiuno o P. Silva xa na súa mocedade, vivo aínda Amor Ruibal, con quen chegóu a ter relación persoal. Trátase, pois, dun militante desa escola amorruibalista que dende hai tempo anda a agromar e que non chegóu a configurarse aínda, quizáis pola falta dunha figura con pulo intelectual dabondo para lle imprimir coherencia interna e forza comunicativa. Meterse pola intrincada —e, pra maior desventura, truncada— obra de Amor Ruibal á percura do seu pensamento orixinal, ás veces acobillado aínda na imprecisión xerminal, é empresa de moito alento. Certamente, cada vez van sendo máis os interesados na súa realización. Entre eles, o P. Silva Castro.

Autor, con anterioridade, dun traballo sobre "Amor Ruibal metafísico", neste que agora aparece en "Hora Presente" fai o P. Silva unha especie de pre-

* Separata da Revista HORA PRESENTE, núm. 6. São Paulo, 1970.

sentación da figura e máis da obra do gran filósofo galego para o mundo cultural brasileiro, polo menos para un certo sector do mundo cultural católico daquel gran país lusíada. Recolle os xuicios que considera máis significativos para resaltar a importancia da obra (Delgado Varela, Baliñas, F. Vázquez, F. de la Mora, etc.) e insiste nun punto no que concordan os mellores amorruibalistas: a fundamental importancia da obra de A. Ruibal para o pensamento cristián —e filosófico en xeral— do noso tempo, en tanto que nesa obra está realizada a superación da Escolástica *desde dentro* e, mesmo por eso, aborda os grandes problemas do pensamento contemporáneo no seu nivel metafísico sin caer na parcelación, e conseguinte parcialización, que se ven dando no pensamento actual a causa do naufraxio metafísico.

R. P.

ANATOMÍA ANTROPOLÓGICA ANTIGUA DEL PUEBLO GALLEGO (Siglos I al VII d. C.), por el Dr. José Carro Otero *

O Dr. Carro Otero, profesor de Antropoloxía na Facultade de Ciencias da Universidade compostelá, é o noso mellor especialista en Anatomía antropolóxica. Formado na disciplina dos estudos anatómicos, non reducíu o horizonte da súa curiosidade intelectual ao campo estricto desa especialidade, senón que tamén se interesóu polos conocementos que nos proporcionan a Arqueoloxía e máis a Historia. A integración da súa formación científica con esta curiosidade intelectual fixóu, digamos, a súa orientación como investigador: establecer a identidade somática da heteroxénea poboación galega ao longo dos tempos. Naturalmente, ese é un camiño que nos pode axudar a conocer con maior certeza as orixes e máis o entramado da etnia galega. Camiño laborioso e, entre nós, prácticamente inédito con anterioridade ao Dr. Carro Otero, que afortunadamente conta coa preparación e co entusiasmo necesarios para render abondosos froitos.

O máis recente dos seus traballos acaba de ser publicado pola Universidade de Santiago co tiduo de "Anatomía antropológica antigua del pueblo gallego (Siglos I al VII)", no que leva a cabo o estudo do material esquelético achado en 21 necrópolis galegas de distintas épocas.

Como resultado do seu estudo, o prof. Carro Otero establece catro conclusións importantes:

I.—O tipo de técnica funeraria á que pertenecen os restos óseos, *crematoria* —castro de Meirás, algúns sartegos das necrópolis da Coruña e máis da Lanzada— ou *inhumatoria,* implantada en Galicia, polo menos en algúns puntos do litoral atlántico, a meiados do sec. III d. C.

II—.Os datos patolóxicos identificables.

III.—Cálculos para determinar, con base racional, cal foi a duración da vida, que máis ben era corta a xuzgar pola proporción mínima que acadaba sobrepasar por enriba dos 50 anos.

IV.—Finalmente, a tipoloxía racial, que resulta abondo diversa pois que aparecen os seguintes tipos: cromañón, mediterráneo, nórdico e alpino.

Agardamos con grande espranza novos froitos do labor científico do xoven mestre.

R. P.

---

* Universidad de Santiago.

CONFERENCIAS ENCOL DE FILOLOXÍA GALEGO-PORTUGUESA NA UNIVERSIDADE

No Departamento de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago celebróuse un ciclo de conferencias, coloquios e lerias encol de temas de filoloxía galego-portuguesa. Asistiron, co Direitor e membros do Departamento, os Profesores Joseph M. Piel, da Universidade de Colonia; Xosé Luis Pensado, da Universidade de Salamanca; M. Rodrigues Lapa, investigador da Literatura medieval galego-portuguesa, e Luis F. Lindley Cintra, da Facultade de Letras da Universidade de Lisboa.

Nas reuniós esaminároase os traballos realizados pola Cátedra de Filoloxía Románica no campo da Lesicoloxía e Gramática galegas. Chamóu a atención dos profesores convidados, o Rexistro Lesicográfico de voces galegas que posee o Departamento, así como o número e calidade das enquisas levadas a cabo por profesores e alunos en Galicia, Asturias e León. Ao Prof. Cintra interesáronlle especialmente os cuestionarios feitos polo Departamento. Pedíu os realizados deica agora pra os incorporar ao que ten disposto pra o Atlas Lingüístico de Galicia e Portugal.

Foilles presentado aos reunidos o primeiro método de Língua galega "Gallego I", volume que remata de aparecer, e que enceta unha serie de tres destinada ao adeprendizaxe do galego. O Método foi preparado por doutores e licenciados do Departamento de Filoloxía, e publicado pola Universidade compostelá. Os profesores asistentes animaron ao Departamento a continuar a tarea emprendida, e á publicación de tesis de licenciatura encol de falas galegas, poisque este tipo de traballos constitúe base indispensábel pra un conocemento científico da Lingüística Galega.

Os profesores convidados espuxeron e espricaron os proxeitos e traballos que levan a cabo arestora nos seus respectivos departamentos. Afirmóuse ademáis a comenencia de seguir mantendo estreitos contactos, sobre de todo no tocante aos estudos que persigan un mesmo ouxetivo, e que tan prometedores comezos tiveron este ano.

Ao mesmo tempo que se celebraban estas xuntanzas, e alternando con elas, dixéronse as conferencias programadas. A primeira delas corréu a cargo do Profesor Pensado, quen disertóu encol de "O P. Sarmiento e o problema da *geada*". Nela referíuse á orixe e desenvolvemento deste fenómeno da fonética galega. O P. Sarmiento non o conocéu, pois non fai mención del. Polo tanto hai que pensar que xurdíu e se desenrolóu con posterioridade á obra do ilustre bieito. O Prof. Pensado sitúa os comezos e esparexemento da *geada* no meio rural, onde se trata de imitar a pronuncia dos castelán-falantes, introdutores en Galicia do sonido fricativo velar xordo (a *j*). A suxestiva teoría do conferenciante foi amplamente discutida no animado coloquio que seguíu á leición.

O Prof. Piel ocupóuse na súa conferencia da "Toponimia sueva en Galicia e o Norte de Portugal". A traveso de topónimos como Suevos, Suegos, Saa, Sa, Saás, Zas, Boiro e Bouro, o disertante amosóu aos asistentes unha interesante visión da Historia de Galicia na Edade Meia. O feito de que a maoría dos indicados topónimos se atopen nas zonas periféricas —preferentemente ao

longo da costa— demostra que os suevos desprazáronse ao Oeste e máis ao Norte ante o empuxe dos visigodos. Referíuse tamén o Prof. Piel ás dificultás que pode ofrecer a Toponimia galega, especialmente a Hidronimia, que presenta un vinte por cento de designaciós cuio siñificado é moi difícil de averiguar.

O ciclo pechóuse con dúas conferencias de profesores portugueses. A primeira delas foi esposta polo Profesor Cintra sobre "A lenda de don Alfonso Henriques". Analizóu, de primeiras, os datos históricos que puideron servir de base ao desenvolvemento da lenda. E logo, como ésta, cabaleiresca e guerreira nos seus comezos, emprincipia a se modificar por influxo dun cantar ou cantares de *gesta* desconocidos pra nós; como algúns elementos destes cantares foron recollidos polas crónicas, que modificaron ou ampliaron algunha das virtús do monarca portugués; e como, ao cabo, a figura do fundador do Reino de Portugal chega a adequirir visos de santidade, aspecto que rexistran Camoens e Tirso de Molina, antre outros autores.

O Prof. Rodrigues Lapa falóu dalgúns problemas de grande interés que presentan os Cancioneiros galego-portugueses. Na súa palestra "A propósito de Paio Soares de Taveirós", chegóu á conclusión de que o poeta era, sin ningún xénero de dúbidas, galego. Mereceron especial atención por parte do conferenciante catro composiciós, unha das cales fai alusión á Ribeirinha, sonada amante do rei don Sancho. E referíuse, ademáis, de xeito amplio ao problema prantexado pola voz "Saudade".

IGOR STRAVINSKY

A piques de cumplir os 89 anos de edade, finóuse en New York, no mencer do día 6 de abril, un dos meirandes creadores da nosa época: o xenial compositor Igor Stravinsky.

Nado en Oranienbaum —un barrio de San Petersburgo, hoxe Leningrado—, nun ambente burgués e musical, pois o seu pai era baixo cantante da Ópera, o contacto con Rimsky Korsakov movéuno a compoñer algunhas obras. Pero o pulo decisivo veulle do gran creador dos "Ballets Russes", Sergio Diaghilev, que lle encarregóu os hoxe sonados ballets *O paxaro de fogo, Petruska* e *A consagración da primavera;* este derradeiro estrenado en París en maio do 1913 con bruidoso escándalo. Debussy diría de Stravinsky: "É un neno mimado que ás veces mete os dedos no narís da música e é un mozo salvaxe de cravatas tumultosas que bica a man das señoras mentras lles tripa os pes".

Rasgo fundamental de Stravinsky é a súa decidida vontade de crear música propia da nosa época e diferente das anteriores, e a estraordinaria personalidade e mestría no oficio que lle permitiron escribir obras moi distintas inda que sempre co calco do seu autor. Voluntariamente ou arrempuxado polas circustancias, escribíu obras con economía de medios, como o *Estudo pra pianola, As nanas do gato* ou a *Elexía a Kennedy* (voz e tres clarinetes). *Tres anacos pra cuarteto de corda, A Historia do soldado, Concerto de ébano* (pra orquestra de jazz), *In memoriam Dylan Thomas* (tenor, cuarteto de corda e catro trombós). Pero xeneralmente é na orquestra onde brilla de cheo o seu talento como nos Ballets xa citados, e outros como *O bico da fada, Apolo, guieiro das Musas, Agon* (*Loita*), ou na *Sinfonía en tres tempos* ou *Variaciós pra orquestra.* O senso relixioso de Stravinsky (ortodoxo ruso) xa manifestado na *Sinfonía dos salmos* e na *Misa,* intensifícase nos derradeiros tempos que viron nacer o *Canticum sacrum ad honorem Sancti Marci nominem, As lamentaciós de Xeremías, O diluvio, Abraham e Isaac, Introitus e Cánticos de Requiem,* que son as súas últimas obras.

Stravinsky era un home con gran senso do humor e ampla curiosidade intelectual, que deu un curso universitario sobre "Poética da Música" e gostóu do trato de personalidades das Artes e as Letras como Picasso, Dufy, Ortega, Cocteau, Aldous Huxley, Elliot e Dylan Thomas. Nunha entrevista pra a Televisión decraróu non hai moito, que aínda atopaba anacos en *A consagración da primavera* que lle parecían magníficos, pero que tamén había páxinas e páxinas da partitura que non lle interesaban ren.

SEOANE, NO MUSEU ARXENTINO DE ARTE MODERNO

En "La Nación" de Buenos Aires ven de se publicar un traballo crítico encol da obra que Luis Seoane mostra no Museu de Arte Moderno de aquela cidade. Del recollemos o seguinte:

Esta obra aparez como única e indisolúbel; pero, ao mesmo tempo, cada un dos douscentos grabados que se desplegan en ambas plantas do Museu, posee características propias e hai nel algún elemento orixinal e anovado.

A figura humá constitúe o tema predileito do artista, en todas as súas formas: dende o pranteo antropomorfo como sostén dunha representación abstracta, ate o retrato preciso e agudo; dende a evocación dos tipos de Galicia, deica recuadas alusiós á figura en varias composiciós abstractas.

Seoane graba en metal e en madeira; fai collage e estarcidos, restitúe á xilografía a súa capacidade polícroma; mestura técnicas, pescúdaas deica as súas derradeiras posibilidades e, sobre de todo, crea con libertade e sin prexucios no tocante ao oficio.

A esperiencia gráfica de Seoane permítelle acadar nun soio grabado unha gama ampla de matices co emprego de dúas tintas e o branco do papel. Moitas veces as figuras están grabadas en dous tacos xustapostos; por iso pode entintalos por separado e outer unha proba a dúas córes simultáneas. Non tenciona agachar o corte, sinón que o acentúa coa cór e é como si sinalara a natureza ambivalente do personaxe.

Seoane adeprendéu a forza de "traballo e intuición" a manexar con sotileza o contrapunto da cór e a forma, do trazo e máis do recorte. As innumerábeles relaciós que se estabrecen nesa dialéctica antre os elementos primordiáis do grabado son, quezáis, as que determinan esa sensación de riqueza formal, esa calidade gráfica que non é un ouxetivo sinón un resultado lícito, e esa posibilidade de esprorar fondamente cada obra sin chegar ao seu esgotamento.

Ao presentar a mostra a traveso do catálogo, o Direitor do Museu de Arte Moderno D. Guillermo Whitelow, afirma que a súa realización era necesaria. E, sin dúbida, éo, porque doutro xeito non se podería apreciar o siñificado desta obra.

GUIMARÃES ROSA EN CASTELÁN

O grande novelista brasileiro pode lérese hoxe en lingua castelá, ao traveso de versiós dalgunhas das súas obras máis calificadas. Nembargante, pra nós, galegos, estas versiós non nos dan a medida do escritor que gostamos no idioma orixinal.

Antre as novelas traducidas nos derradeiros anos, figura esa grande obra que se titula *Gran Sertão: Veredas*? Non resulta doado apreciar en castelán os recursos estilísticos, a riqueza de linguaxe, o artellamento de diálogos, monólogos e escramaciós, os modismos, e mesmo ese acento tan peculiar da narración, que soio pode valorar axeitadamente o leitor de fala galego-portuguesa.

Nembargante, pesie ás obrigadas deficiencias que a tradución impón. Guimarães Rosa evidencia nas páxinas traducidas o seu rexo talento de narrador. En *Gran Sertão: Veredas*? a acción semella situárese no presente, pero a pouco andar decátase un que o tempo do verbo cambea dun párrafo a outro, e que o presente ocupa moito menos lugar que o pasado. O persoaxe central, Riobaldo, desempeña na vida a estraña profesión de *yagunzo;* e anda a contar as vicisitús da súa vida errante no meio das selvas brasileiras.

A natureza é un persoaxe máis na novela. E outro persoaxe indexergábel e decote presente é o Demo. Riobaldo fala del con tremor reverencial, e cré son sinxeleza en forzas ultraterreas e en feitizos e meigallos. Ao longo dos moitos relatos e anecdotarios que se entrecruzan no libro, o demo aparez como unha presencia inevitábel, pero non turdia demáis. Trátase dun demo sotil e abondo civilizado.

Inda que a anécdota ten un importante valor na mesta narración, máis importante é aínda a descrición dos caracteres, a un tempo aspros e candorosos, primarios e valentes, destes homes que non imaxinan máis destino nin máis misión que a de percorrer a cabalo ese imenso sertón, mostrencos, terras de ninguén. Desinteresados e nómadas, Rio-

baldo e os seus compañeiros nin siquera aceptan seren xefes cando o xefe esmorrente os nomea.

Guimarães Rosa, ao cabo, escribe un libro como quen pinta: engrelas, selvas, fraguizas, esceas guerreiras ou eclóxicas, homes, cabalos, ríos chamados veredas, envólvennos na vexetación tropical do Brasil; entrelázanse nestas páxinas nunha ricaz sucesión de paisaxes e de vida.

E logo o estilo, que só pode apreciárese axeitadamente na lingua do escritor. Un estilo tan persoal e tan dacordo cos protagonistas, que crea de seu un novo ritmo literario.

NO PASAMENTO DE IGLESIAS VILARELLE

O día 11 de maio finóuse en Pontevedra Antonio Iglesias Vilarelle. Nado en Santiago no 1891, fixo estudos das carreiras de Letras e de Dereito. Radicóuse despóis na cidade do Lérez, onde traballóu durante unha chea de anos como empregado da Delegación da Facenda.

Dende sempre andivo a vivir os problemas de Galicia e da súa cultura. Foi íntimo colaborador de Lousada Diéguez e de Castelao nas angueiras rehabilitadoras da espritualidade galega. Dirixíu a revista "Logos". Caracterizóuse como erudito e como introductor, antre nós, da Psicotenia pedagóxica. Era membro numerario da Academia Galega, na que fixo o seu discurso de ingreso cun documentado estudo encol dos instrumentos músicos do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago. Pertenecía a varias instituciós, antre elas á Comisión de Monumentos de Pontevedra e á Academia de Bellas Artes, da que era correspondente.

Pero a personalidade de Iglesias Vilarelle destacóuse, sobre todo, nos eidos musicáis. Dirixíu o Conservatorio de Música pontevedrés, e entregóu o mellor da súa actividade artística á direición da Sociedade Coral Polifónica, que fundara con Blanco Porto.

Fora de todo esto, tamén se distinguíu como compositor, cultivando as máis variegadas formas. Armonizóu canciós populares, como "Pandeirada" e "Durme, meu meniño". Ocupóuse do coro relixioso e o motete, en "Por sermos da culpa escravos" e "Miserere". Fixo lieder en "Nosa Señora da Barca". Creóu obra pra coros e orquestra en "Cantiga en sol menor". Compuxo a peza pra piano "Danza rústica", a suite de cámara "Chucurruchú" e o preludio sinfónico pra gran orquestra "Keltia".

A contribución de Iglesias Vilarelle ao arte musical de Galicia e ás letras do país, ha quedar como amosa viva de intelixencia creadora e de fonda entrega aos valores autóctonos.

O PRIMEIRO CENTENARIO DE PROUST

Proust nacéu o 10 de xulio de 1871, fillo primoxénito do médico Adrien Proust e da súa dona, Jeanne Weil. Por parte de pai, comerciantes, labregos, fabricantes de velas, en Illiers, na Beauce. Por parte de nai, dunha familia xudea, de orixe lorenés, rica. A nai de Proust, durante o embarazo, chegóu a pasar fame. Eran os días da Comuna de París. Foi a vivir á casa dun tío, home de gran fortuna, Luis Weil, un solteirón, que tiña cáseque un pazo en Auteuil. Alí nacéu Marcel Proust. Di Maurois que Proust conservóu sempre estreitos lazos familiares coa familia materna, e todos os anos, namentres a súa saúde llo permitíu, foi ao camposanto xudeu, a visitar a campa do seu abó: *Xa non hai ninguén* —escribíu melancólicamente nos derradeiros días da súa vida— "nin eu mesmo, que non me poido erguer, que vaia visitar, ao longo da rúa du Repos, o pequeno camposanto xudeu onde meu abó, seguindo un rito que nunca chegóu a comprender, iba todos os anos a deixar unha pedra sober da campa de seus pais...".

Os proustianos prepáranse a celebrar o primeiro centenario do nacimento do seu amo e señor. Haberá semáns proustianas en París e en Illiers, amosas de manuscritos e de iconografía proustiana, o mundo de Proust, que vai dende a famosa madanela doce de Illiers, deica as grandes damas, as duquesas de Francia, as princesas de sonoros nomes —aínda que ningún máis sonoro que Guermantes—, en cuios salós Proust entróu un día...

Non é mui doado espricar o por qué

Marcel Proust sigue tan vivo, ten tantos amigos, tantos leitores. Nunha recente inquisición, resulta que os máis de corenta anos len máis a Proust que a Albert Camus, por exempro. Ninguén ousa meterse con Proust, namentras Camus recibe balas disparadas dos catro pontos cardinás.

Imos, pois, a escoitar falar moito de Proust iste ano de 1971. "Ao comezo —escribe un dos meirandes proustianos— foi Illiers, unha pequena vila nos lindeiros da Beauce e do Perche, onde algúns franceses se apertaban arredor dunha vella eirexa, onde un neno nervioso e sensibre lía, nas seráns do domingo, debaixo dos castiñeiros do xardín... e contempraba carreiros bordeados de xasmíns, de pensamentos e de verbenas, e deixábase estar quedo, ollando, respirando, tratando de ir co seu pensamento máis aló da imaxe ou do cheiro. E os que eran contemplados longamente por este neno que soñaba..., non poderían pensar que gracias a il serían chamados a sobrevivir, nas súas particularidades máis efímeras, e non embargantes é a súa esaltación a que trouxo até nós o recendo destas prantas mortas fai tantos anos, e que permitíu a tantos homes e tantas mulleres, que non viron nin verán endexamáis Francia, de respirar en estasis, a traveso do rumor da choiva que cae, o cheiro de invisibres e persistentes lilas. Ao comezo foi Illiers, un burgo de dous mil habitantes, pro ao fin foi Combray, patria espritual de millós de leitores, dispersados hoxe en todos os continentes, e que mañán se aliñarán ao longo dos séculos, no Tempo".

TESINAS SOBRE TEMA GALEGO EN SALAMANCA

No mes de maio do presente ano foron presentadas na Universidade Pontificia de Salamanca, as seguintes tesinas de tema galego:

Peregrinación filosófica a la poesía de Rosalía Castro, por Fernando Pérez López.

Prisciliano (Exposición histórica y estudio teológico del Apologético), por Benedicto Palmeiro Lepina.

Manuel Curros Enríquez. En Torno a "Aires da miña terra". Estudio psicológico, por Sindo Froufe Quintás.

La educación en un municipio rural gallego. Melide, por Xosé Montero Salgado.

El gallego en la liturgia, por Francisco Javier Varela Otero.

Superstición y religiosidad en Galicia, por Félix Villares Monteira.

Ademáis destes traballos presentados como tesinas no mes de maio derradeiro, os estudantes galegos da Universidade Pontificia salmanticense teñen realizado moitos outros estudos referentes a temas do noso país.

NOTAS

A DERRADEIRA novela de Alain Robbe-Grillet leva por título *Projet pour une révolution a New York.* O autor considéraa como unha aventura lúdica. O narrador —que asume sucesivamente a todos os demáis personaxes, motivo de costante desorientación pra o leitor—, esperado pola súa muller, regresa á casa e pousa as chaves riba dunha consola na entrada da mesma. "A novela —escribe Anne Fabre-Luce— consistirá en encher e en despregar deica o másimo este acontecemento inicial, esencialmente neutro...". O que Bernard Pingaud decía da leitura do "Nouveau Roman", en xeneral sigue a ser verdadeiro: é un laberinto no que o xogo non consiste en sair, é decir, en comprender a complexidade, sinón en se perder nel.

A UNIVERSIDADE de Tubinga, a traveso dun xurado internacional, concedéulle o Premio Montaigne ao grande poeta catalán Salvador Espriu. O premio anterior concedéraselle a Raymond Aron. Ademáis, Salvador Espriu foi nomeado presidente da Asociación Internacional de Defensa das Linguas e Culturas Ameazadas. A prestixiosa figura literaria de Espriu non só ganóu un posto de privilexio no ámbito das letras catalanas, sinón que é xustamente valorada nos eidos da Literatura universal pola importancia e orixinalidade da súa obra creadora.

HAI certo desacougo antre os meirandes Editores de libros de Europa. En Zurich axuntáronse meia ducia deles que coidan asegurado o trunfo da "video-casette". Xa emprincipióu a era do audio-visual. ¿Qué vai quedar dos nosos costumes de leitura, do libro, da cultura mesma? Jean Prasteau, que asistíu á xuntanza deses grandes editores, di que as conversas de Zurich foron un pouco como si no tempo de Guttenberg se tiveran axuntado os copistas pra trocárense nos homes novos da edade da imprenta. "O acontecemento capital do porvir prósimo é a video-casette. Nada do que hoxe pensamos ha valer mañá, por mor dela. Trátase da grande aventura dos homes novos que comezan. Nós temos fallado no lanzamento do disco —engade o importante editor—, pero non imos fallar no da video-cassette".

UN dos máis sonados novelistas portugueses de arestora é, sin dúbida, José Cardoso Pires. A súa novela *O Delfín*, verquida xa a varios idiomas, remata de se incorporar á coleción "Du Monde entier", de Gallimard. O novelista vive agora en Londres, onde ensina literatura portuguesa no King's College. Nunha entrevista que lle fixeron fai pouco, di que a "portugalidade" afunde as súas raíces nunha pretendida filosofía da "saudade", que *non é máis que* un verbalismo do que se ten aproveitado o patriarcalismo rural. A "saudade" esmáganos dende fai séculos, engade. E ao final afirma: "Portugal é un país dominado pola retórica, no que cada quen crea a súa verdade pra o seu propio uso e vive nun clima de insonio permanente".

O PREMIO de novela da Academia do Mundo Latino de París concedéuselle "ex-aequo" ao brasileiro Jorge Amado e ao portugués Ferreira de Castro. O de poesía atribuíselle ao italiano Euxenio Montale. Estes premios, dotados pola Fundación Calouste Gulbenkían, de Lisboa, entregáronse en sesión solemne celebrada no Instituto de Francia.

NA Sección Gallega do "Instituto de Literatura y Lingüística" da Habana celebróuse unha Esposición bibliográfica e plástica en homenaxe a Castelao. Ademáis dos seus libros e albums de dibuxos, incluíronse monografías referidas ao artista, así como poemas, artigos, etc., encol da súa obra, aparecidos durante os derradeiros vinte anos. Tamén se organizóu no mesmo local outra esposición co tiduo de "Tapas de Seoane". Referiuse a portadas de libros —ordeadas por épocas, colecciós e estilos— do pintor e dibuxante galego Luis Seoane, que en trinta anos de labor fecundo levóu a impronta do seu arte á presencia do libro, en Galicia e Sudamérica.

FIXO o seu ingreso na Academia Francesa, ocupando a cadeira de Jean Paulhan, o dramaturgo Eugéne Ionesco. Respondéu ao seu discurso de ingreso o Profesor Delay, quen, antre outras cousas, dixo: Vostede é un home soio. A máscara bulrenta do seu teatro recobre unha soedade. Nada venga millor a un idealista deceicionado que a parodia dos seus fracasos; ¿e que é o teatro do ausurdo máis que unha resposta á desesperación metafísica pola risa dun clown? A literatura barroca permitiulle a vostede alimentar ao demo da anguria, que non deixóu de habitalo dende hai moito tempo.

SALOMÉ Osvaldo de Carrizo púxolle música aos seis poemas galegos de García Lorca, e semella que non tardará en se grabar un disco dos poemas cantados pola propia autora da música. Nunha entrevista concedida pola compositora di que dous dos musicados son os seus poemas preferidos: *Romaxe de Nosa Señora da Barca* e *Canción de cuna pra Rosalía Castro, morta*. "Coido —engadíu— que soupen coller nestes dous casos, vento, mar, chuvia, albas e estrelas de Galicia, e gostaríame que os galegos o creesen así".

ANTRE as figuras máis representativas da Literatura brasileira de hoxe conta a de Clarice Lispector. Ven de aparecer agora unha nova edición da súa sonada novela *A maçã no escuro*. Unha literatura fechada, densa, case anguriante que a autora desenvolve con escepcional mestría. Como ben di Alceu Amoroso Lima, "ninguén escribe como ela. Ela non escribe coma ninguén. Só o seu estilo merecería un ensaio especial. É unha clave verbal diferente, á que ao leitor lle custa adaptarse. Compre ler moi de vagar as primeiras páxinas, pra entrar nese plano estilístico singular, cheo de misterio e de suxes-

tión. Unha vez nel, coidamos que o leitor sentirá o mesmo encanto sombrío que nós sentimos. E que coloca a Clarice Lispector nunha tráxica soedade nas nosas letras modernas".

NA obra de María Luise Kaschnitz —unha das poetas alemás máis importantes deste século— advírtese unha fonda preocupación polos problemas do mundo contemporáneo. Agora acaba de publicar un volume de prosas breves, tiduado *Steht noch dahin* (Aínda non se sabe). É o título da primeira desas páxinas nas que a autora alude á incertidume da situación do home no mundo: ninguén pode saber, nefeito, cál poderá ser a súa sorte ao día seguinte.

NUNHA librería-galería de París realizóuse un doble acto: a inauguración dunha mostra de pintura de Oscar Epfs e a firma de exemplares de *Nunquam*, a novela de Lawrence Durrell, cuia versión francesa remataba de aparecer. Pintor e escritor son a mesma persona. Con ocasión da primeira mostra de pintura, o escritor conservóu o seu incógnito. Nesta segunda oportunidade xa foron identificados, pesie ao cal Durrell non quixo renunciar ao sendónimo de Oscar Epfs. Pra o autor de *O cuarteto de Alexandría*, a pintura é un descanso, asegún dixo hai pouco: "Non podo escribir a máquina máis de dúas horas por día. Pero despóis de ter escrito, podo pintar".

FÁLASE moito de Augusto Strindberg. Represéntanse pezas súas en Londres, en París, en Milán; *O Camiño de Damasco* e *O soño* —ésta na "Comedia Francesa". Ao tempo pubrícanse as *Cartas a Harriet Bosse*, a súa terceira muller, e tamén o *Xornal oculto;* ambos e dous, documentos auténticos, e a autobiografía crarexa o teatro do mestre sueco. El sábese tolo, e ten medo de que o encerren. Os seus amores rematan en pucharcas de ciumes. Sabe que non pode co fardo de sí mesmo: "Pequena terra, o máis denso de todos os planetas, o máis pesado tamén, e por eso pesa tanto un, custa tanto alentar, pesa tanto o propio fardelo. A cruz é o teu símbolo, pro un bonete de tolo ou unha camisa de forza, poderían sélo tamén".

GRIAL

revista galega de cultura

Precios de venda e suscrición

Número solto	70	ptas.
Estranxeiro	85	"
Suscrición anual, 4 números ..	240	"
Estranxeiro	280	"

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Imp. nos Talleres Gráficos de "Faro de Vigo"
Colón, 30 - Vigo — Dep. Leg.: VG - 99 - 1963

TIP. FARO DE VIGO